

Enrique González Fernández

DOMVS OCEANI

Aproximación á arquitectura doméstica
de *Lucus Augusti*

TRABALLOS DE ARQUEOLOXÍA 2



TRABALLOS DE ARQUEOLOXÍA

2



CONCELLO DE LUGO

Servizo de Arqueoloxía - Concellería de Urbanismo

DOMVS OCEANI

Aproximación á arquitectura doméstica de *Lucus Augusti*

Textos: Enrique González Fernández

Debuxos: Purificación Souto Corredoira (cerámica e mosaicos), Tomos S.L. (pinturas)

Planimetrías: Enrique González Fernández, Purificación Souto Corredoira, Servizo Municipal de Arqueoloxía

Infografía: AGROBYTE

Deseño e maquetación: Rubén Álvarez Asorey

Fotografías: Enrique González Fernández, Servizo Municipal de Arqueoloxía, Tomos S.L., Francisco Hervés Raigoso (FHR)

Normalización lingüística: Emma Guerra Castro

Para intercambios, dirixirse a:

Servizo de Arqueoloxía do Concello de Lugo
Ronda da Muralla, nº 197.
27001 - Lugo

© desta edición: Concello de Lugo

Edita: Concello de Lugo

Serie: Traballos de Arqueoloxía

Impresión: Grafcolor Lugo S.L.

I.S.B.N.:

Depósito Legal:

Enrique González Fernández

DOMVS OCEANI

Aproximación á arquitectura doméstica de
Lucus Augusti

LUGO, 2005

*Patet omnibus veritas, nondum est occupata:
multum ex illa etiam futuris relictum est*

Aínda que a verdade brila para todos,
non se coñece na súa totalidade. Unha gran parte do
seu coñecemento fica para os que virán no futuro

(Séneca, *Epístola Morales*, 33, 11)

A María Xosé, Brais e Noa

Presentación

Coa publicación deste segundo volume da colección *Traballos de Arqueoloxía*, titulado *Domus Oceani. Aproximación á arquitectura doméstica de Lucus Augusti*, Lugo dá un paso máis na posta en valor do patrimonio cultural, histórico e arqueolóxico do que esta cidade debe sentirse orgullosa.

É o mesmo orgullo que sinto eu, como Alcalde, por poder presentar este volume que, sen dúbida, se converterá nun novo referente para os estudosos das actuacións arqueolóxicas, como foi o primeiro. Demostra tamén que os traballos realizados dende o Servizo de Arqueoloxía do Concello están dando os froitos desexados.

Con publicacións como estas amósase que a Muralla, o noso referente máis claro do pasado romano, é só a punta dun iceberg de achados arqueolóxicos que outorgan á cidade un patrimonio cultural, artístico e natural de incalculable valor.

Diso é do que non debemos de deixar de sentirnos orgullosos, de lembrar un pasado tan rico para darlle máis valor ó noso presente e de converter esta investigación nun apoio teórico para novos estudos e traballos. Non debemos esquecer que a divulgación destas publicacións debe ir destinada a crear nos lucenses unha conciencia de respecto polo pasado, de valoración do traballo realizado e da historia da cidade.

Volvo estender na presentación deste volume a miña felicitación e o meu agradecemento ó Servizo de Arqueoloxía porque este novo traballo volve ser, como foi o primeiro, un estudo serio, rigoroso e enriquecedor para todos os que vivimos nesta cidade, un estudo que, de seguro, servirá para entender o significado que ten un patrimonio tan rico.

Xosé Clemente López Orozco
Alcalde de Lugo

Presentación

Hai dous anos que tiñamos o pracer de presentar a monografía “*Aqva Vrbi. Historia do abastecemento de auga á cidade de Lugo*”, da serie *Traballos de Arqueoloxía*, que elaboraran técnicos do Servizo de Arqueoloxía do Concello de Lugo. E, pese a que tales obras son froito dun lento proceso de escavación e elaboración científica, podemos congratularnos de contar cunha nova monografía titulada “*Domvs Oceani. Aproximación á arquitectura doméstica de Lucus Augusti*”, a través de cuxa lectura poderá o lector coñecer o espléndido conxunto arquitectónico e decorativo dunha das grandes mansións do Lugo romano, na que destacan especialmente os chans de mosaicos do gran salón de recepción da casa.

Pero nesta ocasión a nosa satisfacción é dobre xa que, ó mesmo tempo que se elaboraba o presente traballo, levábase a cabo o proceso de acondicionamento e posta en valor das ruínas, unha vez que o Concello de Lugo apostara pola súa conservación e musealización *in situ* tras adquirir para o dito fin o semisoto do inmovible. Trátase dun proxecto que se pretende inaugurar en breve e que supoñerá o primeiro conxunto de restos arqueolóxicos visitables da cidade.

Polo tanto, unha vez máis, amosamos a nosa admiración polo traballo que está levando a cabo o Servizo de Arqueoloxía do Concello, do que forma parte destacada o autor desta monografía. Confiamos, ademais, en que ás presentes actuacións sigan, en breve, outras. Pola nosa parte, faremos todo o posible para que así ocorra, por canto constitúe, non só unha gran satisfacción, senón tamén unha necesidade, o poder ofrecer, en primeiro lugar, ós lucenses e, en segundo termo, ós futuros visitantes, os vestixios da nosa bimilenaria cidade que paulatinamente se vaian descubrindo.

Xosé Ramón Gómez Besteiro
Concelleiro de Urbanismo

Limiar

Tras dezaioito anos de escavacións arqueolóxicas sistemáticas levadas a cabo no subsolo da cidade de Lugo, chegaronse a determinar con maior ou menor precisión, entre outras construcións singulares, as características da súa imponente muralla baixoimperial ou o descubrimento de novas estruturas nas termas mineiro-medicinais situadas xunto ó río Miño, monumentos ambos de sempre coñecidos. Pero, ó mesmo tempo, foron exhumados multitude doutros anteriormente ignorados, como serían a orixe e traxectoria do acueducto de captación para o abastecemento de auga á cidade e, sobre todo, gran parte da trama urbana, concretada especialmente na súa área foral, parte do trazado ortogonal das súas rúas, indicios de termas públicas, algúns dos seus recintos sagrados, sectores das súas necrópoles e ámbitos artesanais ou retallos das súas casas e mansións, non chegando a exhumarse, neste último caso, planta completa ningunha. Débese iso, tanto ó nivel de arrasamento e falta de elementos explícitos das estruturas descubertas como, sobre todo, ás limitacións que a arqueoloxía urbana padece, ó restrinxirse as actuacións arqueolóxicas ó ámbito estrito dos soares dos inmobles actuais, en nada relacionados coa traza da cidade romana.

E, aínda que o pasado da cidade abrangue máis de vinte séculos, os vestixios arqueolóxicos exhumados refírense, case exclusivamente, ó período romano, que comprende as cinco primeiras centurias do devir histórico da cidade, xa que de épocas posteriores apenas chegaron tenues evidencias. Aínda así, cincocentos anos dan para moito, sufrindo a urbe durante ese período moitas rehabilitacións, reconstrucións e transformacións, que as escavacións arqueolóxicas están intentando documentar e, cando algunha destas fases, como é o caso presente, chegou ata nós en estado plenamente recoñecible e destacando polas súas peculiaridades monumentais, trátase de conservala e poñela en valor, prescindindo para iso de investigar os estratos

máis profundos do ámbito que ocupa, salvo nos encaixes das zapatas do novo edificio que se constrúa en cada lugar.

Por todo iso, o tema deste novo estudo de *Traballos de Arqueoloxía*, que edita o Concello de Lugo titulado “*Domvs Oceani. Aproximación á arquitectura doméstica de Lucus Augusti*” foi elixido por dúas razóns, principalmente. A primeira e fundamental, porque se estaba levando a cabo o correspondente proceso de limpeza, consolidación e reintegración dos restos arqueolóxicos pertencentes a unha *domus* romana exhumados no nº 20-22 da rúa Doutor Castro, co fin de ser postos en valor para seu gozo público, tras ser adquirido polo Concello o semisoto do inmovible. Por tal motivo, fíxose preciso realizar previamente o seu estudo científico, soporte teórico imprescindible en todo proceso de revalorización.

A segunda razón ten que ver coa extraordinaria importancia dos restos mesmos, os cales, pese ó limitado do seu ámbito, presentan certo grao de monumentalidade e suntuosidade, tanto dende o punto de vista arquitectónico como decorativo; monumentalidade e suntuosidade que non adoitan ser frecuentes entre os achados de restos arquitectónicos da cidade. Neste caso os vestixios ós que agora nos referimos causaron un gran impacto na cidadanía lucense cando no verán de 2002 se descubriu outro gran anaco do anteriormente coñecido mosaico de Batitales na rúa Doutor Castro. E, á vista de que non puido ser integrado na súa totalidade dentro do conxunto musealizado baixo inmovible, resulta obrigado, polo menos, dar a coñecer as súas características.

En canto ó estudo que se presenta, aparece organizado en catro capítulos. No primeiro sintetízase, de forma moi xeral, a orixe e evolución da cidade de *Lucus Augusti*, para pasar a explicar directamente, xa nun segundo capítulo, os antecedentes do descubrimento do mosaico, os procesos de escavación a que deu lugar e as fases construtivas da *domus*.

É no terceiro capítulo onde se acomete de cheo a análise do edificio en cuestión, estudándose cada un dos espazos e ofrecendo a súa interpretación estrutural, así

como a súa relación co contorno urbano, técnicas construtivas e materiais. Finalmente, o último capítulo refírese ó programa decorativo da casa de Océano, tanto dende a vertente musivaria como pictórica, analizándose os aspectos técnicos, esquemas e elementos decorativos.

Aínda que esta monografía, ó igual que as demais da mesma serie que se están elaborando no Servizo de Arqueoloxía do Concello, é froito dunha pormenorizada investigación arqueolóxica, non pode esquecerse que o obxectivo principal de *Traballos de Arqueoloxía* é a divulgación, tanto a nivel de expertos no tema como do público en xeral, dos achados importantes que se vaian producindo na arqueoloxía de Lugo. Non obstante, somos conscientes de que a tarefa proposta resulta complicada xa que os verdadeiros especialistas poderían encontrar escasa a información científica e o gran público excesiva e, incluso, algo complexa a terminoloxía técnica empregada. Pese a iso, agardamos que o laconismo do relato quede compensado co abundante e ordenado aparato gráfico que se ofrece e se logre así, dalgunha maneira, satisfacer o obxectivo que nos propuxemos: o coñecemento, o máis completo posible, da cidade romana de *Lucus Augusti*. Neste sentido, o autor do traballo, arqueólogo experimentado na arqueoloxía urbana de Lugo, posúe calidades sobradas para logralo.

Covadonga Carreño Gascón
Arqueóloga Municipal

Í N D I C E

18 **Introdución**

22 **CAPÍTULO I**

O marco histórico-arqueolóxico: A cidade de *Lucus Augusti*


1. O marco xeográfico.
 2. As orixes da cidade.
 3. A cidade no Alto Imperio.
 4. A cidade no Baixo Imperio.
-



30 **CAPÍTULO II**

Os restos arqueolóxicos da rúa Doutor Castro: precedentes e procesos de escavación

1. Os precedentes arqueolóxicos: o mosaico de Batitales.
 2. Os procesos de escavación.
-




48 **CAPÍTULO III**

O conxunto arquitectónico da *domus*

1. Aspectos xerais.
 2. Materiais e técnicas de construción.
 3. As primeiras fases construtivas.
 - 3.1. A fase construtiva anterior á *domus*.
 - 3.2. O primeiro proxecto construtivo.
 4. A casa nos séculos III e IV d.C.
 - 4.1. Análise espacial e interpretación funcional.
 5. A casa e a súa inserción no urbanismo da cidade.
-






CAPÍTULO IV

82

O programa decorativo da casa de Océano

1. Os mosaicos.
 - 1.1. Aspectos técnicos.
 - 1.2. O mosaico dos cabalos.
 - 1.2.1. Descrición e análise.
 - 1.3. O mosaico de Océano.
 - 1.3.1. Descrición e análise.
2. A decoración pictórica.
 - 2.1. Características técnicas.
 - 2.2. Esquemas compositivos e repertorio ornamental.



CAPÍTULO V

124

Conclusións



Glosario

130

Bibliografía

136

Índice de figuras

142

Introducción

A elaboración do presente libro é o resultado dos traballos de investigación arqueolóxica levados a cabo nun inmoble da rúa Doutor Castro, de titularidade privada, e na propia rúa, nesta con motivo das obras de reforma emprendidas polo Concello de Lugo. Froito disto é o descubrimento deste conxunto arqueolóxico, ó cal cabería engadir os restos de Batitales, atopados en 1842, e os máis recentes no tempo levados a cabo nas súas proximidades (rúa Conde Pallares e números 18 e 13 da rúa Doutor Castro), aínda que estes últimos permanecen pendentes dun estudo máis pormenorizado. Sen dúbida, estamos ante a mellor e -cando menos, polo momento- máis completa mostra de arquitectura doméstica na cidade de *Lucus Augusti*.

O título do libro, *Domus Oceani*, obedece ao nome co que identificamos a casa do mosaico coa cabeza ou máscara do deus Océano (*Okeanos*, *Oceanus*, Océanos ou como queira que se lle denomine na abundante bibliografía sobre o tema), coñecido dende o descubrimento de Batitales, e do que hoxe sabemos que formaba parte do pavimento *musivo* que sollaba unha grande sala desta ampla vivenda.

Nos últimos anos, Lugo ofreceu non poucos exemplos de achados arqueolóxicos relacionados coa arquitectura doméstica, pero, en todos eles -e como vén sendo norma común no ámbito da arqueoloxía urbana-, a súa análise e interpretación estivo suxeita ás limitacións impostas pola propia dinámica das escavacións en medio urbano, condicionadas polo parcelario moderno, que impide coñecer a dimensión real das estruturas descubertas. Non resulta alleo a este fenómeno o caso que nos ocupa, xa que, ó atoparse situado nunha zona céntrica, en pleno recinto histórico da cidade, o carácter fragmentario das estruturas exhumadas faise máis patente ó estar sometidas a unha prolongada ocupación urbana ó longo dos séculos. Non obstante, concorren unha serie de circunstancias que fan que os ditos restos adquiren unha maior relevancia e que, por iso mesmo, poidamos valoralos como excepcionais. En primeiro lugar, por atoparse nunha área onde se concentran un importante número de escavacións arqueolóxicas feitas nos últimos anos, algunhas delas relacionadas entre si, o cal facilitou superar os límites do parcelario moderno, permitíndonos afondar na análise estrutural da vivenda, máis aló do simple estudo dos elementos ornamen-

tais que a conforman, como a decoración *musiva* e *parietal*. A isto debemos engadir a súa proximidade á área foral e a súa articulación co ordenamento urbanístico da cidade, xa que a casa abría as súas fachadas ó *cardo* e *decumanus maximus*, adquirindo, se cabe, máis relevancia.

Pero o seu grande interese reside non só na propia estrutura da vivenda -da cal coñecemos unha pequena parte-, que ofrece como particularidade a súa organización arredor dun pequeno patio ou *peristilo*, documentado por vez primeira no urbanismo de *Lucus*, senón tamén -e moi especialmente- no seu rico conxunto decorativo, cuxas pinturas e mosaicos, nun máis que aceptable estado de conservación, só atopan parangón nas principais cidades de *Hispania*, non sendo alleos aos modelos e correntes imperantes na época.

Non obstante, malia a excepcionalidade dos achados -e precisamente por causa disto- a análise dos procesos estratigráficos non foi todo o minuciosa que desexaríamos, xa que nos vimos obrigados a sacrificar o estudo dos niveis máis antigos, apenas perceptibles, en beneficio da conservación do conxunto. Por iso, tan só podemos ofrecer unha visión parcial, restrinxida á última fase de ocupación

da vivenda, que, en termos xenéricos, datamos entre finais do século III e a primeira metade do século V d.C. Sen dúbida pesou máis a propia conservación dos restos *in situ*, cuxa importancia e monumentalidade esixía un particular esforzo por parte das administracións para conseguir que, despois do seu acondicionamento e posta en valor -que esperamos ver pronto rematada-, poida converterse nun dos enclaves arqueolóxicos e atractivos turísticos máis significativos da cidade de Lugo.

O estudo que presentamos nesta nova monografía dos *Traballos de Arqueoloxía* non tería sido posible sen a colaboración dun equipo de traballo, tanto durante o desenvolvemento das escavacións arqueolóxicas como no posterior procesamento dos datos, e sen o apoio dun grupo de persoas e colegas ós que queremos mostrar dende aquí o noso agradecemento.

Ó Excmo. Concello de Lugo, representado polo Excmo. Sr. Alcalde, D. Xosé Clemente López Orozco, e ó Concelleiro de Urbanismo, D. Xosé Ramón Gómez Besteiro, polo seu apoio na iniciativa deste proxecto de divulgación. A Covadonga Carreño Gascón, auténtica impulsora do proxecto, pola súa confianza e

os seus consellos no estudo dos materiais cerámicos. Ós meus compañeiros do Servizo de Arqueoloxía: Rubén Álvarez, pola paciencia e dispoñibilidade para a confección do libro, e Purificación Souto, pola dedicación e empeño coa que realizou os maravillosos debuxos do mosaico. Ó profesor Antonio Rodríguez Colmenero, mestre e mentor, polo seu constante alento á investigación e as súas orientacións na redacción e revisión do texto. A Rosa Benavides e todo o seu equipo da empresa Tomos, S.L., pola súa inestimable colaboración. Ós colegas do Grupo Arqueolóxico Larouco, cos que temos compartido dende o principio esta maravillosa aventura que é *Lucus Augusti*.

E por último -e non por iso menos importante-, á miña familia, na que sempre atopei o apoio necesario ó longo da miña carreira.

Vaia dirixida tamén a nosa gratitude, en fin, a esta fermosa cidade, Lugo, que nos acolleu e na que fomos crescendo profesionalmente.

Capítulo I

O marco histórico-arqueológico:
A cidade de *Lucus Augusti*



1. O marco xeográfico

A cidade de Lugo, a antiga *Lucus Augusti* romana, está situada sobre unha zona case achairada do esporón ó que delimitan os cursos confluentes dos ríos Miño e Rato, un lugar que, sen ser a mellor das localizacións para a fundación dunha cidade ideal, polo menos cubría dabondo as esixencias dunha pequena urbe. A paraxe era sa, despexada e de fácil drenaxe, contando con abundante materia prima para a construción e, como xeneroso engadido, a existencia nas súas inmediacións dunhas riquísimas surxencias termais.

2. As orixes da cidade

Nas súas orixes, debemos descartar a existencia no soar lucense dun poboado prerromano, que non parecen avalar nin a topografía nin o contexto arqueolóxico. De igual modo debemos manifestarnos con relación á suposta orixe sacra da cidade, suxerida pola semántica mesma do topónimo, *Lucus Augusti*, co significado de bosque sagrado de Augusto, pero cuxas connotacións sacras obedecerían á creación dun templo construído de nova planta, no interior da cidade ou nas súas proximidades, relacionado co culto augústeo¹. As razóns que van definir o

primeiro asentamento romano parecen ser máis ben de orde militar e estratéxica. Neste sentido, a existencia dun campamento militar en *Lucus* viría avalado principalmente polo descubrimento dun importante número de moedas das cuñaxes chamadas da *caetra*, así



Fig. 1
Moeda da *caetra*

como de dous cospeis sen cuñar. O seu achado suxire a existencia dunha ceca militar itinerante, relacionada coa columna occidental mandada por *Caio Antistio* durante as Guerras Cántabras, e cuxa presenza en Lugo non parece entenderse sen a existencia dun campamento militar². Xunto a iso, o achado dun epígrafe coa concisa inscrición *L. VI*, interpretable posiblemente como *L(egio) VI*, podería achegar máis argumentos á hipótese campamental³. Con todo, ata a data apenas contamos con evidencias arqueolóxicas definitivas que corroboren a prístina natureza de asentamento militar.

¹ Rodríguez Colmenero, 1996a, 294-299.

² Ferrer Sierra, 1996, 425-443.

³ Rodríguez Colmenero, 1996b, 286.

3. A cidade no Alto Imperio

A cidade foi fundada sobre a base do primitivo trazado campamental por *Paulo Fabio Máximo*, legado de Augusto, segundo se deduce dos testemuños epigráficos, posiblemente entre o 15-13 a.C.⁴. A súa reconversión en establecemento urbano civil obedece a un amplo e ben pensado proxecto de urbanización levado a cabo por Augusto no marco das decisións político-administrativas adoptadas tras a conquista, resultado do cal será a creación dos tres principais enclaves urbanos do noroeste peninsular: *Asturica*, *Lucus* e *Bracara*.

Das primeiras décadas da existencia da cidade apenas posuímos datos que nos permitan reconstruír o que puido ter sido o primitivo núcleo augústeo. É de supoñer que nas súas primeiras fases, as construcións pétreas fosen exiguas, xeneralizándose o seu uso a partir dos lustros iniciais da primeira centuria; ó cal contribuiría, sen dúbida, a elección da cidade como capital do convento xurídico, as novas necesidades derivadas do seu papel como capital administrativa da *Gallaecia* setentrional e o fluxo migratorio foráneo ou indíxena que, sen dúbida, houbo de concitar.

Durante este período, que en termos xenéricos abranguería a primeira metade do século I d.C., a cidade sufriría un progreso manifesto das formas urbanas, que se traduce na mate-



Fig. 2


Monolito fundacional de *Lucus Augusti*

rialización dalgúns dos elementos definidores do urbanismo de *Lucus Augusti*⁵. Durante este período rexístrase a construción das primeiras vías urbanas, que obedecen á implantación dunha trama viaria que, aínda que parece responder a un trazado ortogonal, non se aplicaría dunha maneira ríxida. O dito trazado verase condicionado pola creación, probablemente xa dende época augústea, dunha área foral de notable extensión (aproximadamente 17.000 m²) na cal faltarían por descubrir os edificios máis emblemáticos (capitolio, curia, basílica ...). O foro sitúase na zona topograficamente máis alta da cidade, aínda que desprazado do centro xeográfico da urbe. Do mesmo partirían os dous eixes viarios principais, o *cardo maximus* (N-S), cuxo decurso parece coincidir en parte coa actual rúa da Raíña, e o *decumanus maximus* (E-O) que,

⁴ Rodríguez Colmenero, Carreño Gascón, 1992, 389 ss.

⁵ Sobre o urbanismo de *Lucus Augusti* e os diferentes aspectos relacionados co mesmo que aquí tratamos, véxase Carreño Gascón, Rodríguez Colmenero, 1991;

Carreño Gascón, 1992; AA.VV, 1995; Rodríguez Colmenero, 1996b; González Fernández, 1997; González Fernández, Carreño Gascón, 1998; Rodríguez Colmenero, Carreño Gascón, 1999.



- | | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| A Foro | 1 Domus de Océano |
| B Cardo Maximus | 2 Domus de Dédalo e Pasifae |
| C Decumanus Maximus | 3 Insula de Santo Domingo |
| D Necrópoles de incineración | 4 Insula das termas públicas |
| N Necrópoles de inhumación | 5 Edículo relixioso |
- — — — — Perímetro altoimperial

Fig. 3
Planimetría urbana da cidade de *Lucus Augusti*

partindo do interior do foro, percorrería lonxitudinalmente a actual rúa Armanyá ata achar a súa saída ó exterior pola Porta Miñá. As escavacións arqueolóxicas documentan así mesmo, aínda que de forma exigua, os restos de edificacións datadas nestas datas, se ben temos que admitir que a gran maioría das construcións desta época puideron ter sido sacrificadas ó urbanismo das etapas posteriores. Neste sentido, cabe mencionar a presenza dun gran edificio termal no interior da cidade, entre as rúas Armanyá, Catedral e Bispo Basulto, o cal se achaba parcialmente enmascarado polas construcións de finais do século III d.C.

Coa chegada da dinastía Flavia, a finais do século I d.C., a cidade alcanzará o seu apoxeo coa aplicación dun ambicioso programa de renovación e expansión. Acométese unha importante remodelación, plasmada na realización de importantes cambios na estrutura viaria da cidade, que contempla, non só reformas nas calzadas, senón tamén variacións nos eixes viarios.

As rúas ben identificadas ata o momento, amosan un pavimento con cantos de río de diferente tamaño e grosor, sendo as súas dimensións relativamente uniformes, variando entre os 4 e os 8 m. Case todas elas caracterízanse así mesmo pola presenza de pórticos, polo menos nun dos seus lados.

A renovación urbanística flavia tamén contempla a organización dun sistema de



Fig. 4
Tramo de calzada
no nº 19 da Rúa
Nova

abastecemento e drenaxe de augas capaz de dar resposta ás demandas derivadas do crecente proceso urbanizador. Dótase a cidade dun nutrido número de canalizacións que transcorren paralelas ás rúas, recollendo todos os sobrantes de auga e transportándoos mediante a construción dun acueducto de captación de mananciais acuíferos dende as ricas surxencias da zona do Castiñeiro, a uns 1.500 m ó NO da cidade⁶.



Fig. 5
Detalle do *specus*
do acueducto
romano

⁶ Aínda que a cronoloxía do acueducto é de todo incerta, non desestimamos unha datación máis temperá na súa execución xa que a existencia dun complexo termal de época claudiana no interior da cidade requiriría auga

en abundancia, que tan só a construción dun acueducto parece capaz de resolver (Álvarez Asorey *et alii*, 2003, 46).

A gran maioría das construcións privadas realizadas nesta época sufriron amplas remodelacións no transcurso dos séculos vindeiros, polo cal pouco coñecemos da arquitectura doméstica desta fase.

A cidade coñecería durante esta etapa un importante dinamismo, chegando a estenderse por unha ampla área. Ó respecto, debemos sinalar que o ámbito da cidade altoimperial non se adecuaría ó espazo circunvalado actualmente pola muralla. As escavacións arqueolóxicas dos últimos anos demostraron que o circuíto amurallado baixoimperial deixou fóra do seu perímetro unha extensa zona da cidade altoimperial, ó SO, mentres gañaba algún terreo, preferentemente ó NE. Tomando como referencia a localización das necrópoles, particularmente aquelas con enterramentos de incineración de



Fig. 6

Necrópole de incineración (Praza do Ferrol)

cronoloxía altoimperial das cales se localizaron ata a data polo menos tres, e a dispersión dos materiais e estruturas atribuíbles ás dúas primeiras centurias da era, podemos admitir a ocupación dunha área bastante extensa, igual ou superior ó posterior recinto fortificado (\pm 35 ha).

4. A cidade no Baixo Imperio

A partir de finais do s. III d. C., a cidade experimentará importantes cambios de orde urbanística, que afectarán tanto ás edificacións públicas como privadas. Na orixe diso non só está a construción dunha obra da magnitude da muralla, erixida probablemente no último cuarto do século III d.C., senón quizais tamén todo o proceso de reformas administrativas introducidas por Diocleciano cara ó ano 305, coa creación da nova provincia da *Gallaecia*. Iso determinará que algunhas cidades, como puido ser o caso de *Lucus Augusti* e, designadamente *Bracara Augusta*, mantivesen a súa importancia política e económica nun momento no que outras moitas urbes rexistran un aparente declive urbano⁷.

A construción da muralla introduce novos cambios na fisonomía da cidade, derivados da nova traza imposta por este bastión defensivo. A súa planta, de forma curva, lixeiramente

⁷ *Bracara Augusta* coñece unha xeneralizada reforma de edificios entre finais do s. III e principios do s. IV d.C., que denota un amplo dinamismo urbano (Martins, Delgado, 1989-90, 30); mentres que no caso de

Asturica Augusta, obsérvase un paulatino declive a partir de mediados do s. III d.C., coincidindo coa fin das explotacións mineiras, que se vai prolongar ó longo dos séculos IV e V d.C. (García Marcos, Vidal Encinas, 1998, 941)



Fig. 7
Vista xeral da muralla romana

rectangular, con esquinas redondeadas e torres a curtas distancias estaría motivada pola necesidade de adaptarse á topografía do lugar. Estas esixencias de orde topográfica supoñen unha modificación da urbanística anterior xa que, ben por razóns de índole construtiva ou pola prioridade dada á súa edificación sobre calquera outra necesidade que tivese a cidade, algúns edificios quedaron cortados no seu decurso, deixando de lado amplas zonas edificadas no sector SO da urbe e gañando, polo contrario, unha estreita faixa situada a setentrión, antes non incluída no ámbito urbano.

A integración dos novos espazos faise sen estridencias con respecto á traza anterior, adaptándose, de forma xenérica, ó esquema altoimperial; pero sen que por iso deixen de producirse algunhas variacións no mesmo. Os cambios prodúcense principalmente no campo das infraestruturas públicas, coa desaparición ou redución do ancho dalgúns rúas, a anexión dos espazos porticados por parte das novas edificacións e, fundamental-

mente, pola creación de novos colectores en forma de cloacas abovedadas que, agora si, discorren baixo o eixe das calzadas. A execución deste tipo de obras públicas, co conseguinte programa de reformas na rede viaria que iso implica, e nunhas datas tan tardías (mediados do s. IV d. C.) fai supoñer a existencia dun everxetismo notable por parte das elites locais e denota o grao de *urbanitas* acadado por *Lucus Augusti* neste período.

De igual xeito, esta nova vitalidade urbana tradúcese nas remodelacións realizadas nas grandes edificacións privadas ou *domus* da cidade, algunhas das cales, como a “Casa de Océano”, se dotan de estancias pavimentadas con mosaicos, pinturas murais e baños privados. Non obstante, as construcións desta época carecen do coidado e boa factura das etapas anteriores. Con frecuencia empréganse, como cimentos nos muros, elementos arquitectónicos reaproveitados dos vellos edificios, moitos deles sacrificados á traza da muralla.

O último episodio no devir histórico da urbe romana prodúcese no transcurso da quinta e sexta centurias. O punto de inflexión marcaríao, con toda seguridade, o período de inestabilidade que segue á ocupación da *Gallaecia* polos vándalos no ano 411 e que alcanza o seu cénit coa conquista da cidade polos suevos no día de Pascua do ano 460, como moi ben nos relata unha testemuña excepcional daqueles acontecementos, Hydacio de Chaves⁸.

⁸ Cronich, CCC-VIII, XXXI, 199.

Capítulo II

Os restos arqueolóxicos da rúa Doutor Castro:
precedentes e procesos de escavación



A execución dun proxecto de escavación no inmovible nº 20-22 da rúa Dr. Castro, xunto co posterior control arqueolóxico das obras realizadas na propia rúa, derivou na exhumación dun importante conxunto arquitectónico que constitúe, hoxe por hoxe, un dos mellores exemplos de arquitectura doméstica de época romana na cidade de Lugo. A importancia dos ditos restos viuse acrecentada polo achado de cadanseus pavimentos de mosaico, de cuxa existencia tiñamos noticias polos descubrimentos realizados nesta mesma rúa (antigamente de Batitales) a mediados do século XIX.

1. Os precedentes arqueolóxicos: O mosaico de Batitales

Con data do tres de setembro de 1842 e, ó parecer, con motivo dunhas obras para a construción dunha rede de sumidoiros na entón denominada rúa de Batitales, produciuse o descubrimento dun mosaico cuxa existencia coñecemos por representacións da época, así como polos fragmentos entón rescatados e hoxe en día depositados no Museo Provincial de Lugo. Do seu achado e escavación dá conta un amplo informe

presentado á Sociedade Económica da provincia de Lugo por F.J. Armesto e A. L. Arnau⁹, que será obxecto de continuas referencias por parte da bibliografía posterior. Non obstante, xa no século XVIII, descubríranse restos de características semellantes ó abrirose os cimentos dunha das casas lindeiras polo lado sur, restos que pasaron case desapercibidos para os cronistas da época¹⁰.




Fig. 8

Portada do informe de Armesto e Arnau (1843)

⁹ Armesto e Arnau, 1843.

¹⁰ Os autores que recollen esta noticia presentan disparidade de criterios en canto ó ano exacto do primeiro descubrimento. Así, Villamil y Castro colócao arredor de 1786 citando a J. Cornide en carta datada na Coruña o 3 de novembro de 1786, publicada no “Diario

curioso, erudito, económico e comercial”, nº 147 do 24 de novembro de 1786 (Villamil y Castro, 1890, 77); Vázquez Seijas en 1760 ou 1762 (1939, 3) recollendo a noticia seguramente de Balsa de la Vega (1914, 58); e por último, Teijeiro y Sanfiz arredor de 1763 (1888, 40).




Fig. 9

Mosaico de Batitales. Debuxo de Rada y Delgado (1872-1880)

O motivo principal presenta unha composición de tema mariño presidida pola cabeza do deus Océano rodeado de peixes, moluscos, crustáceos, flores de auga, así como orlas xeométricas de motivos variados. Ó seu lado esténdese unha alfombra xeométrica na que pode observarse unha alternancia de círculos de sogueado con nós de Salomón no centro, rombos dentados e peltas con pequenos corazóns como elementos de separación entre cada unha delas, todo iso enmarcado por unha orla de ovas. Ambos pavimentos, aínda que relacionados, son diferentes xa que se atopan separados polos muros respectivos, delimitadores de ámbitos distintos, aínda que formando parte dun mesmo e extenso conxunto arquitectónico. O mosaico descuberto a mediados do século XIX estendíase por unha lonxitude de 21,72 m, dos cales 12

m conservaban parcialmente temas decorativos. Corresponden á descrición que dos mesmos nos fixeron os autores mencionados. En sentido transversal foi recoñecido un ámbito de 1,68 m de media, excepto no lado contiguo ás bases áticas, onde se examinou un espazo de 3,50 m, correspondentes á anchura total que neste punto posúe a rúa. Dende o mesmo momento do seu descubrimento, deu lugar a unha numerosa bibliografía descritiva e interpretativa con opinións do máis variado.

Na escavación de 1842 foron extraídos de entre os cascallos unha gran cantidade de ladrillos, tégulas, restos de estuco pintado, un cravo de bronce e numerosos ósos de animais. Cabe destacar tamén a desaparición,

no momento do seu descubrimento, dun “esvelto y elegante ciervo saliendo a la carrera de una hoja de acanto”, que pertencía á parte exterior de todo o conxunto, do cal tamén se podía ver “la parte anterior de un tigre en acción de saltar sobre una hoja de acanto”, pero que non aparece reproducida nos debuxos¹¹.

A excepción dun pequeno fragmento pertencente á faixa exterior que foi remitido por D. Antonio Neira de Mosquera á Real Academia da Historia¹², o mosaico foi de novo

coverto e enterrado, ó parecer baixo unhas lousas que ocasionalmente permitían velo¹³.

Unha parte do mesmo mosaico tamén se podía ver na casa do licenciado en farmacia, D. Enrique Rodríguez Garrido, situada ó lado do lugar onde se produciu o primeiro achado. Despois de abrir un oco no chan e despexar o mosaico das terras que o cubrían, o propietario deste inmobile colocou unha tapa de madeira, rasante co pavimento da casa, para poder observalo. Dos fragmentos conservados na casa do Sr. Rodríguez, existe unha copia en cor remitida no seu día á Real



Fig 10
Copia dos mosaicos remitida por Antonio Neira de Mosquera (Real Academia da Historia)

¹¹ Todos os autores que se ocupan do tema recollen esta noticia, pero presentan diferentes versións en canto á causa da súa perda. Así, os mencionados autores do Informe da Sociedade Económica aluden simplemente a “causas inevitables en el primer momento de un descubrimento de esta especie” (Armesto y Arnau, 1843). Entre as causas que mencionan os susoditos autores, tal vez poida considerarse a “piqueta de los albañiles al remover los escombros”, segundo recolle Antonio Neira de Mosquera na súa *Memoria sobre el mosaico romano descubierto en la calle de Batitales de Lugo en 1842*, remitido á Real Academia da Historia en escrito do 13 de abril de 1850 (Real Academia da Historia. Catálogo e Índices. Sign.: CALU/9/7960/2 (2)). Outros autores mencionan explicitamente a súa destrución ó intentar extraelo cando “se ensayó adherirlo a un tablero de madera cubierto de una composición de materia resinosa” (Teijeiro y Sanfiz, 1888, 43).

¹² Segundo consta no “Expediente sobre el envío de un fragmento de mosaico romano descubierto en Lugo en 1842”, con data do 13 de abril de 1850 (Real Academia da Historia. Catálogo e Índices. Sign.: CALU/9/7960/2 (1)).

¹³ Ó parecer, o mosaico, ou polo menos parte del, quedou “cubierto por grandes losas, que si bien evitan su completa destrucción, no lo resguardan, sin embargo, de la basura ni de las aguas, cuya acción reblandece cada día más y más la parte especial sobre la que está hecha la pintura que allí se vé” (Quinteros G. Lorenzo, 1888). En realidade parece que había unha trampela ou arqueta colocada nun extremo da rúa, diante da casa ou botica, dentro da cal se conservaba a outra parte, que permitiría contemplar o mosaico; tal e como recollen De la Rada e Delgado, 1860, 851 e Neira de Mosquera, 1850, 302.

Academia da Historia por Antonio Neira de Mosquera xunto co anaco de mosaico que acabamos de mencionar¹⁴.

Estes mesmos fragmentos serían recuperados en 1950 por Vázquez Seijas¹⁵, con motivo dunhas obras de reforma na casa do susodito farmacéutico correspondente ó nº 22 da rúa Doutor Castro¹⁶. Os fragmentos de mosaico recuperados son dous: un deles completo (de 1,55 x 2,00 m) e outro con “gretamentos reparables” (de 1,55 x 1,00 m). Foron trasladados ó Museo Provincial de Lugo, onde poden ser contemplados parcialmente na actualidade¹⁷. Ambos fragmentos identifícanse co deseño que remitiu á Real Academia da Historia D. Antonio Neira de Mosquera.

Dende a data do seu descubrimento as referencias documentais aluden constantemente á preocupación, por parte das autoridades académicas e gubernativas, do estado de conservación do mosaico, manifestando con insistencia o seu interese por buscar o modo adecuado para extraelo do lugar no que se achaba, ante o risco de perderse na súa totalidade¹⁸, argumentando que o mosaico



Figs. 11-12

Fragmentos de mosaico recuperados por Vázquez Seijas
(Museo Provincial de Lugo)



¹⁴ “Oficio de remisión de una copia y una memoria acerca del fragmento del mosaico descubierto en Lugo en 1842”, 13/04/1850, Real Academia da Historia, Catálogo e Índices, Sig.: CALU/9/7960/2 (2). Debuxos, sig.: CALU/9/7960/2 (4) (5).

¹⁵ Vázquez Seijas, 1950, 137 ss.

¹⁶ Inmóbel que foi obxecto recentemente dunha escavación arqueolóxica en área, dirixida polo que suscribe, e na que baseamos o presente traballo.

¹⁷ O primeiro fragmento consérvase bastante completo, mentres que do segundo tan só coñecemos algúns pequenos fragmentos, depositados no Museo.

¹⁸ En 1842, a propia comisión da Sociedade Económica de Lugo, que encargara os traballos para a escavación do mosaico, intentou levantalo para evitar que o enlousado da rúa o destruíse; pero desistiron desta idea polo arriscado e custoso da mesma. A comisión presentou tamén un presuposto das obras necesarias para o seu fácil recoñecemento, as cales consistían nunha “rotunda” de 24 varas (20 m) de longo sostidas por 20 columnas de ferro cos bastidores de vidreiras de 6 pés (1,67 m) de alto, e sostidas ás beirarrúas por un cornixón apoiado no fondo da rúa; o custo total das obras ascendía a 13.248 reais, polo que estas non chegaron a realizarse (Neira de Mosquera, 1850).




Fig. 13

Mosaico de Batitales. Debuxo de Teijeiro y Sanfiz (1888)

estaba sendo afectado pola acción deletérea das augas procedentes dunha “cloaca” ou “sumidoiro” que pasa polo centro da rúa, e que corren sobre o mosaico, provocando pouco a pouco a súa destrución¹⁹. Evidentemente as augas sucias ás que se refiren non proveñen de ningún sumidoiro, xa que este non chegou a realizarse. Coa idea de preservalo, o mosaico foi semienterrado e cuberto tan só

cunhas lousas, permanecendo así durante varios anos, tal e como testemuñan Rada y Delgado e Lorenzo G. Quinteros²⁰; o cal non evitaría que as augas sucias que corrían pola rúa se filtrasen, contribuíndo á súa deterioración²¹. Ante este feito, a Comisión de Monumentos de Lugo consultou a persoas facultativas pertencentes ás Reais Academias da Historia e Belas Artes a forma en que

¹⁹ Por este motivo, a Real Academia da Historia diríxese ó Gobernador da provincia de Lugo (en oficio de 17/02 de 1877), expresándolle a súa preocupación e solicitando a variación na “dirección de las aguas sucias que sobre él pasan” ou no seu lugar “tratando de sacarle del sitio en que se halla, con alguno de los delicados pero posibles procedimientos con que hoy se puede hacer esto y trasladándole a otro lugar seco y seguro” (Real Academia da Historia. Catálogo e Índices. Sign.: CALU/9/7960/2 (14).

²⁰ Vide supra nota 13.

²¹ “Desgraciadamente este maravilloso fragmento de las artes romanas permanece en la actualidad sujeto á las eventualidades de una escasa duración, porque recibiendo las aguas de la calle, á la cual no se ha podido dar un desahogo regular que seria interrumpido por el mismo mosaico, sufre una frecuente infiltración que hará degenerar sus animados colores, ó desunir sus numerosas piezas. El traseunte se vé obligado á preguntar si la arqueta que se encuentra en uno de los extremos de la calle de Batitales sirve para la entrada de un aljibe, ó para la galeria de un mosaico romano”, Neira de Mosquera, 1850, 302; Quinteros G. Lorenzo, 1888.

puidera extraerse do punto no que se achaba para salvar os restos²². A contestación foi que calquera que fose o medio que se empregara na operación, a experiencia tiña demostrado que era perigosísima; pero na imposibilidade de poder conservarse anunciaron algúns procedementos que foron empregados na translación doutros mosaicos, aínda que facendo sempre notar o risco que corría a súa execución²³.

A rede de sumidoiros definitiva, que aínda subsistía ata hai pouco tempo, non se fixo ata 1880, segundo consta nun expediente de obra do Concello de Lugo²⁴. Con esta obra atenderíase á petición dos veciños da susodita rúa, que demandaban a súa construción xa que *“no obstante ser de segundo orden la calle referida, una de las más céntricas, se encuentra sin alcantarilla para la vía pública, siguiendose de ello graves perjuicios a los dueños e inquilinos de las casas, que componen dicha calle”*²⁵. No citado expediente cítase textualmente que *“el no haberse construido antes de ahora tan necesaria*

*alcantarilla en una calle de la población e importancia de la que se trata ha debido reconocer por causa las dificultades que existían para hacer pasar el caño por el sitio que ocupa el admirable mosaico romano, sin exponer a un grave deterioro esta obra de arte”*²⁶. As augas sucias ás que se refiren corresponden, pois, á *“agua y las inmundicias que se filtran de la calle”*, tal e como se menciona no mesmo texto, que *“obran directamente sobre la capa de hormigón en que está sentado, y al reblandecerla desprende las piedrecitas de colores que forman los animados dibujos del mosaico”*²⁷.

Ante a urxente necesidade de construír o sumidoiro de desaugadoiro nesta rúa, e tendo en conta a grave deteriorización que afectaba ó mosaico nos últimos anos²⁸, dende o Concello invítase á Comisión de Monumentos da Provincia de Lugo, a que *“en unión de la de Obras Públicas del Municipio”* o saquen da mellor maneira posible a fin de conservalo nun sitio público. A Comisión de Monumentos responde á solicitude do Concello, conside-

²² Oficio do Gobernador Civil de Lugo no que se informa das dificultades para a conservación do mosaico da rúa Batitales e solicitando que, se se coñece un sistema de extracción adecuado, llo fagan coñecer. Lugo, 07/03/1877 (Real Academia da Historia, Catálogos e Índices, Sign.: CANLU/9/7960/2 (14)).

²³ Ó respecto remítase un Informe de Saavedra y Moragas, do 18 de maio de 1877, no que se explica un método para extraer pavimentos romanos (Real Academia da Historia, Catálogo e Índices, Sign.: CANLU/9/7960/2/ (16)).

²⁴ *“Construcción de una alcantarilla en la calle de Batitales y translación del mosaico que existe en la misma calle”*, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Concello, leg. 35-1 (2).

²⁵ Instancia dos veciños da rúa Batitales ó Concello de Lugo, con data do 23 de xuño de 1879 (A.H.P., Concello, leg. 35-1 (2)).

²⁶ Informe do Arquitecto Municipal e da Comisión de Obras Públicas, con data do 31 de xullo de 1879 (A.H.P. Concello, leg. 35-1 (2)).

²⁷ *Passim*, mesmo lugar.

²⁸ Así o manifestan no susodito expediente anteriormente citado, o Arquitecto Municipal e unha Comisión de Obras Públicas, en oficio remitido ó Concello con data do 22 de xullo de 1879: *“Desde hace cuatro años há desaparecido la figura principal del cuadro, y puede asegurarse que, siguiendo en el estado en que hoy se encuentra, desaparecerán los restos que quedan, antes de otro tanto tiempo”*.



Fig. 14

Mosaico de Batitales. Debuxo de Domingo Gayoso (1869)

rando que a obra da rede de sumidoiros é compatible coa conservación do mosaico, e por iso non recomenda a súa extracción²⁹.

O proxecto de obra encárgase ó arquitecto municipal D. Nemesio Cobreros, quen atendendo á recomendación da Comisión de Monumentos, recolle nas condicións facultativas da obra, no seu punto noveno, que *“el trozo de alcantarilla correspondiente al punto que ocupa el Mosaico, pasará lateral al mismo, volviendo con curvas a tomar el centro de la calle. Esta operación y las del baldosado serán ejecutadas con todo cuidado para que el expresado Mosaico no sufra ningún desca-*

*labro de todo lo cual será responsable el contratista”*³⁰.

A acta de recepción das obras realízase con data de 1 de xuño de 1881, sendo executadas segundo as condicións expresadas no Proxecto. Segundo isto, nada se desprende no susodito expediente en canto á posibilidade de que o mosaico fose extraído durante as obras e por iso deberíamos deducir que estas foron realizadas conforme ó proxecto, respectando, por conseguinte, a situación do mosaico, tal e como se expresaba na novena das condicións facultativas de obra.

²⁹ Oficio da Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos da Provincia de Lugo, en contestación á solicitude do Concello de Lugo, con data do 2 de xaneiro de 1880 (“Expediente sobre la construcción de una alcantarilla en la calle de Batitales y traslación del mosaico que existe en la misma”, 1879. Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Concello, leg. 35-1 (2)).

³⁰ “Proyecto, presupuesto y condiciones para construir una alcantarilla y el baldosado de la calle Batitales de la ciudad de Lugo. 31 de Enero de 1880” (“Expediente sobre la construcción de una alcantarilla en la calle de Batitales y traslación del mosaico que existe en la misma”, 1879. Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Concello, leg. 35-1 (2)).

Cabe, pois, formular certas dúbidas en relación co momento en que se realiza a extracción do mosaico, de qué maneira e quen se encarga da súa execución e sobre todo, qué parte ou proporción do mesmo foi extraída. Neste sentido, a documentación nada parece achegar. A pesar de todo, somos da opinión de que a extracción dos fragmentos do mosaico debeu de producirse no momento de execución desta obra. Así o parece corroborar Villamil y Castro³¹, cando, ó falar do tema, anos máis tarde da execución destas obras, menciona *“ciertas obras de alcantarillado que fueron causa, hace unos cuantos años, de su extracción en fragmentos, no sé si grandes o pequeños”*. A confirmación desta hipótese achámola nunha noticia recollida no “Diario de Lugo”, con data do 8 de setembro de 1880, rúa Batitales, onde se alude expresamente á extracción do mosaico nese momento por parte da Comisión de Monumentos³². Os fragmentos levantados foron depositados nun departamento do antigo Instituto de 2ª Ensinanza,

situado entón no que actualmente é Pazo da Deputación Provincial³³.



Fig 15

Fragmentos do mosaico de Batitales conservados no Museo Provincial de Lugo

Chegados a este punto, e antes de emprender as obras na rúa, tan só cabía interrogarnos sobre qué parte ou partes do mesmo aínda poderían permanecer baixo a rúa e sobre o seu grao de conservación. Polas noticias transmitidas a través da variada documentación³⁴, o mosaico xa debía de acharse nun estado de deteriorización bastante avan-

³¹ Villamil y Castro, 1896, 22.

³² *“Mes y medio hace próximamente que los vecinos de la calle de Batitales se hallan casi incomunicados, con motivo de las obras de alcantarillado que en dicha calle se practican, sufriendo con tal motivo todo género de incomodidades y, lo que es peor, expuestos a romperse la crisma al salir de sus casas, contribuyendo á ello, puede decirse, el hecho de haber levantado, merced a esfuerzos titánicos, empleados por la Comisión de monumentos históricos, los deteriorados trozos del mosaico que en dicha calle existían. ¡Lástima grande que esta determinación no se hubiera adoptado hace treinta años siquiera, lo cual daría por resultado obtener esa reminiscencia tradicional en un regular estado de conservación!”*. Diario de Lugo, nº 1178, mércores 8 de setembro de 1880.

³³ Teijeiro y Sanfiz, 1888, 40. No Museo Provincial de Lugo expóñense hoxe en día un total de oito fragmentos, que supoñemos se corresponden cos procedentes da mesma rúa. Neles aparecen o motivo principal da cabeza de Océano, así como algún outro motivo mariño que acompañaba ó mesmo. Estes fragmentos son os únicos que conservamos na actualidade como procedentes da banda principal coa decoración de temática mariña. Aparecen nos fondos do Museo Provincial de Lugo rexistrados como procedentes da colección Villamil y Castro. Nada sabemos da existencia doutros posibles fragmentos, se é que estes existen.

³⁴ Vide supra nota 13 e 22.

zado, polo menos naquela zona que durante anos permaneceu exposta á acción das augas sucias, precisamente a que foi obxecto da súa extracción en varios fragmentos. Por outro lado, a propia obra da rede de sumidoiros de 1880, que discorre polo medio da rúa a unha profundidade de -1,50 m, polo sitio que ocupaba a parte principal do pavimento musivo, non permitía albergar esperanzas de encontralo baixo a mesma xa que, como se puido comprobar nas escavacións do inmoble nº 20-22³⁵, o mosaico atopábase a unha profundidade de -1,30 m con relación á rasante desta vía urbana. Non obstante, permanecen inalterables ambas marxes laterais da rúa, ó lado das fachadas, xa que estas no foron recoñecidas durante a escavación de 1842 nin alteradas con motivo das obras da rede de sumidoiros. Por outro lado, tal e como se comprobou nas escavacións dos inmobles nº 20-22 e nº 13 da mesma rúa³⁶, os muros principais das fachadas parece que respectaron o pavimento, polo menos parcialmente, xa que as cimentacións destes descansan sobre o propio mosaico.

2. Os procesos de escavación

En cumprimento do artigo 45-46 do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado de Lugo e a súa zona de influencia, e de acordo co Decreto 199/97 de 10 de xullo, polo que se

regula a actividade arqueolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia, presentouse ante a Dirección Xeral de Patrimonio, con data do 20 de maio de 1998, un “Proxecto de escavación arqueolóxica no inmoble nº 20-22 da rúa Doutor Castro”, da cidade de Lugo, propiedade de Cormen Inversiones, S.L.




Fig. 16
Situación do inmoble nº 20-22 da rúa Doutor Castro
(Lugo)

No dito proxecto contemplábase a escavación en área de toda a superficie ocupada pola antiga edificación máis a zona de horta situada na parte posterior da mesma. Non obstante, unha vez presentado este proxecto desestimouse, por parte da propiedade, a escavación do sector identificado no proxecto como Zona 2 (correspondente a horta), xa que non se contemplaba realizar obra ningunha. Desta maneira, a escavación arqueolóxica

³⁵ González Fernández, 1999.

³⁶ Herves Raigoso, 1999b.

centrouse na parte correspondente á edificación máis o patio contiguo, cunha superficie total de 413,89 m² (identificada como Zona 1).

A causa dos problemas xurdidos durante o derrubamento do edificio, onde se observaron unha serie de deficiencias estruturais que afectaban tanto á fachada como ás medianeiras, foi necesario realizar unha modificación parcial do proxecto de demolición. Nesta modificación parcial, presentada ante o Concello de Lugo con data do 23 de setembro de 1998, propónse como nova solución a realización de pequenas zapatas de formigón ó lado das medianeiras, que servirían de soporte ós perfís metálicos necesarios para apuntalar e coser os muros da fachada e medianeiros, permitindo, deste xeito, realizar con posterioridade unha ampla escavación arqueolóxica coas necesarias garantías de seguridade.

Dende os Servizos Técnicos do Concello, foron autorizados os respectivos batches perimétricos para a execución das zapatas, para o cal se requiría a escavación arqueolóxica dos mesmos, como paso previo á súa realización.

A escavación destes batches foi contemplada como unha 1ª Fase ou avance ó proxecto de escavación arqueolóxica en área. Deste xeito, foi factible a consecución dun interesante rexistro arqueolóxico, de gran relevancia cara á posterior escavación en área, comprobando, ó mesmo tempo, a incidencia que, sobre os mesmos, tivera a construción do edificio do século dezaioito. Por outro lado, o carácter reversible das zapatas e a protección previa dos restos arqueolóxicos

aparecidos durante a escavación das mesmas permitiría a súa recuperación e integración na posterior escavación, de ser iso necesario.

Os traballos arqueolóxicos desta 1ª fase comezaron con data 18 de novembro de 1998, prorrogándose, con pequenas interrupcións, ata o 5 de xaneiro de 1999. Unha vez rematados, presentouse o respectivo Informe Preliminar con data do 10 de febreiro de 1999, solicitándose, ó mesmo tempo, a suspensión temporal dos traballos arqueolóxicos, mentres que non se remataran as obras que permiten o apuntalamiento dos muros a fin de completar a demolición total do inmovible, para poder continuar a escavación arqueolóxica en área.



Fig. 17

Aspecto do inmovible antes da escavación en área

Realizados os correspondentes traballos de derrubamento e tomadas as oportunas medidas de seguridade, puidéronse reiniciar os traballos arqueolóxicos, xa que a superficie se atopaba totalmente baleira de estruturas, con data do 23 de marzo de 1999, comunicándose á Dirección Xeral de Patrimonio o comezo das mesmas.

Nesta segunda fase dos traballos, a superficie a escavar abrangueu os 413,89 m². Non obstante, e por recomendacións do arquitecto da obra, D. Carlos Sánchez Montaña, así como polo arquitecto técnico e responsable do proxecto de Seguridade e Hixiene, D. Alberto Quiñoá, foi necesario delimitar unha marxe de seguridade coas edificacións lindantes, por considerar que a estrutura metálica realizada podía non ser suficiente debido á ausencia de cimentacións nos muros medianeiros. Esta recomendación traducíuse nunha sensible redución da área de escavación xa que se adoptou unha marxe de seguridade de ± 3 m con respecto á medianeira do edificio lindante



conservaban algunhas mostras de pintura mural, parecen artellarse arredor dun patio ou adro porticado. Destaca, entre todas elas, unha gran sala pavimentada cun mosaico decorado con motivos xeométricos e emblema central figurado, bastante ben conservado, que atoparía a súa continuidade nos vestixios localizados a mediados do s. XIX na rúa, diante da fachada principal deste edificio, ós cales fixemos referencia en páxinas anteriores. Os materiais (mobles) recollidos no transcurso da escavación permiten datar a última fase deste edificio nun intre avanzado do século III ou principios do século IV d. C.



Figs. 18-19

Vistas dos restos arqueolóxicos durante o desenvolvemento da escavación en área

nº 18, e de ± 2 m no resto do perímetro do inmovible. Deste xeito, a superficie real de escavación arqueolóxica quedou reducida a ± 273 m².

Os traballos de escavación prolongáronse ata o 18 de maio e tiveron como resultado o achado dunha serie de muros e pavimentos correspondentes á última fase construtiva dunha *domus* romana que, polas súas características, parece ter grandes dimensións. As diferentes estancias exhumadas, das cales se

Os restos atopábanse afectados polas cimentacións do edificio moderno do século XVIII, que foi propiedade do cóengo lucense D. Antonio Arias Rois, cuxa planimetría e dependencias a nivel da súa planta baixa, queda reflectida de forma patente no alzado planimétrico da escavación. Así mesmo, a existencia dalgún pozo de época medieval, interposto entre os muros e pavimentos da casa romana, evidencia a alteración dos restos ó longo das diferentes épocas.



Fig. 20

Estrutura da edificación moderna superposta ós muros romanos



Fig. 21

Pozo de época medieval cortando muro romano

A importancia e excepcional interese dos restos exhumados motivou que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolvese, con data do 26 de xullo de 1999, a conservación *in situ* de todo o conxunto e a súa posterior musealización. Non obstante, para iso era necesario previamente completar a escavación arqueolóxica das marxes de seguridade non escavadas no transcurso da actuación arqueolóxica en área e buscar as solucións técnicas máis convenientes para executar as cimentacións a fin de prexudicar o menos posible os restos arqueolóxicos existentes. Neste sentido, a solución aconsellada no estudo de cimentación do edificio a construír consistiu na realización



Fig. 22

Xerra de época medieval

de pilotes e encepados, cuxa situación foi acomodada, no posible, á presenza dos restos arqueolóxicos. Con este fin, e para tratar de preservar os restos nas mellores condicións posibles, especialmente os pavimentos de mosaico e os alzados de muros con pintura mural, optouse pola protección integral dos mesmos de acordo coas instrucións e recomendacións da restauradora D^a Rosa Benavides García, integrada no gabinete de restauración TOMOS, S.L., o cal se encargaría de executar o proxecto de conservación e protección. A solución adoptada foi a cubrición total dos restos con capas de xeotéxtil e recheos de áridos, con especial incidencia nas zonas de pintura mural e mosaicos.

A seguinte etapa do proceso consistiría na escavación total das marxes de seguridade, así como a supervisión dos traballos de cimentación, mediante a realización de



Fig. 23

Escavación das marxes de seguridade:
Superposición de muros



Fig. 24

Escavación das marxes de seguridade:
praefurnium do hipocausto

sondaxes puntuais previas, que tratasen de amortecer o alcance negativo que na conservación dos restos poderían ter as ditas actuacións. Para iso realizouse un novo proxecto de escavación arqueolóxica que foi aprobado con data do 13 do xullo de 2000, iniciándose os traballos o 21 de agosto e prorrogándose, con algunhas pequenas pausas ou interrupcións, ata principios do ano 2001. Os resultados dos ditos traballos foron altamente positivos xa que foi posible minimizar os impactos da obra de cimentación, documentando, e en ocasións extraendo, algúns restos que inevitablemente poderían verse afectados, así como o desmantelamento dalgúns muros susceptibles dunha posterior reintegración á súa posición orixinaria durante o proceso de musealización. Pero, se cadra, a consecuencia máis

positiva destes traballos consistiu na consecución dun rexistro estratigráfico, nalgúns sectores da escavación, que permitiu documentar os niveis ou fases máis antigas do edificio. O dito rexistro tradúcese na existencia dunha fase altoimperial relacionada cun primeiro período construtivo, a partir do cal os cambios estruturais e funcionais experimentados na vivenda chegaron a variar toda a morfoloxía do edificio durante as etapas posteriores. Por outra parte, a ampliación da área de escavación á zona das marxes de seguridade permitiu completar a planta do edificio nalgúns sectores, como é o caso da sala do hipocausto, delimitación das estruturas existentes e unha mellor comprensión do conxunto.

A última fase no desenvolvemento dos traballos de exhumación do conxunto arquitectónico da “Casa de Océano” foi a escavación da rúa Dr. Castro, antigamente de Batitales, no tramo de fachada do edificio nº 20-22, que previamente fora obxecto da escavación en área. A exhumación deste tramo englobouse dentro do proxecto de renovación de infraestruturas urbanas que o Excmo. Concello de Lugo acometeu na dita rúa, así como noutros sectores da cidade. Dada a transcendencia dos restos achados no soar nº 22 e dos antecedentes cos que contabamos nesta zona (inmobles nº 13 e 18), onde previsiblemente aínda se podían conservar algúns restos do celeberrimo mosaico de Batitales, decidiuse acometer, como paso previo á realización das obras de infraestrutura, a escavación en área dun amplo tramo que comprende toda a fronte de fachada correspondente ós inmobles nº 20-22 ata a confluencia coa rúa Conde Pallares, cunha lonxitude de 26 m por 3,85 m, ancho medio da rúa á altura do susodito inmovle.

Non obstante, a escavación arqueolóxica do dito tramo viuse condicionada pola existencia da rede de sumidoiros decimonónica que discorre polo medio da rúa, a unha profundidade de $\pm 1,50$ m e cunha anchura de aproximadamente 1,60 m. Esta circunstancia reducía sensiblemente a área de intervención e por iso se programou unha escavación mediante gabias, abertas a ambos lados da rede de sumidoiros de forma consecutiva, co fin de non entorpecer o acceso ós establecementos comerciais e o paso peonil. Como resultado da dita intervención, exhumáronse novos fragmentos de mosaico relacionados co



Fig. 25

Intervención arqueolóxica na rúa Doutor Castro:
Fotocomposición




Fig. 26

Plano da escavación arqueolóxica do inmoble nº 20-22 e do tramo da rúa Doutor Castro



Fig. 27
Escavación da rúa Doutor Castro. Gabia norte




Fig. 28
Escavación da rúa Doutor Castro. Gabia sur

achado de Batitales e que cabe poñer en relación cos fragmentos conservados dentro do inmoble nº 20-22. A súa conservación é desigual xa que ás partes desaparecidas, ben con motivo da súa extracción (toda a banda do coñecido mosaico de Batitales coa cabeza de Océano foi parcialmente extraída no seu día) ou ben pola construción da rede de sumidoiros (xa que esta discorre a unha cota máis profunda cá do propio mosaico), cabe engadir

algunhas lagoas importantes propias do paso dos anos. Non obstante, o preservado conser-vouse en excelentes condicións, destacando pola súa riqueza ornamental e brillante colorido. Deste xeito, foi posible contextualizar e restituír o mosaico de Batitales. A súa posta en relación cos achados do inmoble contiguo permitiunos apreciar as auténticas dimensións do mesmo e valorar a importancia do conxunto arquitectónico no cal se inscribe.

Capítulo III

O conxunto arquitectónico da *domus*



Como resultado final dos traballos de escavación no inmoble e na propia rúa, púidose exhumar, baixo as capas de derrubamento e a construción das edificacións máis modernas, os restos dun edificio, cuxa última fase de ocupación, a que mellor se preservou, se situaría *grosso modo* entre finais do s. III e mediados do s. V d. C. É nesta fase na que baseamos a interpretación do conxunto arquitectónico principal, e sobre a cal se realizaron a maior parte das restitucións e reconstrucións do mesmo.

1. Aspectos xerais

A casa parece planificarse seguindo un eixe de orientación leste-oeste, dada a disposición das estancias máis importantes e os seus respectivos accesos, que debe poñerse en relación co trazado urbano existente. Neste sentido a planta configúrase en función do *cardo* e *decumanus maximus*, que delimitan as súas fachadas principais. Por iso, tendo en conta a situación e orientación das estancias escavadas ata a data, que constitúen unha




Fig. 29
Localización da casa na *insula* próxima ó Foro

pequena parte da vivenda, é probable que a entrada principal a esta se localizase na fachada leste, aberta ó cardo máximo, fronte ó foro da cidade. Descoñecemos os detalles da configuración da dita entrada, a cal podería facerse a través dun amplo vestíbulo, que, á súa vez, daría acceso a un espazo posiblemente porticado, que ben puidera identificarse cun gran peristilo central, arredor do cal se articularían o resto dos espazos da vivenda. A fachada norte corre a carón do decumano máximo, que desemboca no foro, razón pola cal cabe supoñer a existencia dunha segunda entrada. Ambas fachadas ábrense a cadansúas rúas porticadas, nas cales atoparíamos diversos establecementos de tipo tenda-taller establecidos na planta baixa do edificio, segundo modelos ben coñecidos no urbanismo romano. As escavacións realizadas na proximidade dos *decumani*, que delimitan o edificio polo norte e sur, puxeron de manifesto a existencia dalgunha destas *tabernae* ou establecementos comerciais.

2. Materiais e técnicas de construción

Como na maioría dos edificios e construcións de *Lucus Augusti*, o material base de construción é a lousa, procedente das canteiras do contorno da cidade³⁷. A lousa é o

material predominante no substrato xeolóxico do lugar, e o seu uso xeneralizouse ata practicamente os nosos días.



Fig. 30
Muro de lousa

O granito e a pedra marmórea empregáronse en menor medida³⁸ e o seu uso relégase a algunhas soleiras de porta e, no caso do granito, de maneira máis xeneralizada, ós elementos de sustentación que, en forma de bases, fustes e capiteis, compoñen os diferentes espazos porticados.



Fig. 31
Soleira de pedra marmórea

³⁷ As análises preliminares realizadas sobre algunhas mostras de lousas procedentes de escavacións de Lugo (Casas Posantí et alii, 1996, 458) revelan que a gran canteira de materiais de construción de xisto empregado nas edificacións da cidade proceden da veciña paraxe da Tolda-Chanca, localizada ó SE do núcleo urbano, lugar correspondente a un gran escarpe

de zócolo primario taxado pola canle do río Rato e no que se advirten trincheiras de extracción de dimensións verdadeiramente xigantescas.

³⁸ Nun radio de oito km, arredor da cidade, atópanse formacións graníticas importantes. O mármore parece procedente da zona do Incio, onde existen aínda hoxe en día importantes canteiras extractivas deste material.

A arxila utilizouse, sobre todo, como elemento de unión entre cachotes de lousa, particularmente naqueles muros de datación máis tardía. O seu uso tamén se xeneralizou na construción dos chans das estancias non pavimentadas con *signinum* ou mosaico, mesturándoa con pequenas lousas ou seixos.



Fig. 32
Teselas de
cerámica

A arxila cocida, xa en forma de ladrillos, xa como tellas, emprégase sobre todo de forma fragmentaria na construción dos chans de *signinum*. Aínda que escasamente constatado, é de imaxinar o emprego de *tegulae* (tellas planas) e *imbrices* (tellas curvas) nas cubertas do edificio. Unha razón que explicaría a súa ausencia estaría no expolio sistemático de materiais de construción que afectaría a estas estruturas tras o seu abandono para ser reutilizadas noutras edificacións posteriores. Constatouse tamén o uso de pequenas teselas de cerámica (de 2 cm) nalgún dos pavimentos de mosaico.

O cal empregouse, xunto coa area, como aglutinante para unir os cachotes de lousa dos muros, cuxa calidade técnica faise notar especialmente nos muros de épocas máis temperás. Tamén se utilizou na preparación do morteiro dos pavimentos e nos revestimentos dos muros, como preparación das diferentes capas dos paneis pictóricos.

Debemos presupoñer tamén o uso da madeira, xa que este material debeu ter un papel fundamental na construción como elemento auxiliar na realización de encofrados e tamén como elemento sustentante, empregándose nos entramados e vigationto dos tellados, aínda que os seus restos non nos chegaran. Portas e ventás construíriáanse con este material.

O uso case exclusivo da cachotería de lousa determina que a técnica de construción sexa practicamente a mesma ó longo das diferentes etapas do edificio, xa que esta se ve condicionada pola disposición dos aparellos en ringleiras horizontais. A xeneralización do seu uso suxire unha adaptación, case automática, á xeografía do lugar, na cal o peso das tradicións prerromanas existentes tiveron, sen dúbida, unha gran influencia. É por iso que resulta difícil advertir diferenzas nos criterios construtivos durante as diferentes etapas de ocupación da vivenda. Non obstante, si parece constatarase, como no resto da cidade, unha maior calidade e un mellor coidado nos



Fig. 33
Muro altoimperial



Fig. 34
Muro baixoimperial

muros atribuíbles á primeira fase construtiva da *domus*, co emprego xeneralizado dos morteiros de cal e area como aglutinantes. Polo contrario, nos muros asociados ás etapas posteriores, de época máis tardía, advírtese o uso maioritario da arxila ou barro na unión dos cachotes. Os muros así construídos presentan un aparello máis ben regular, con dobre paramento indiferenciado, cunha aceptable rectitude no seu trazado e un bo apromo na alzada, cuxas irregularidades se resolverían coa aplicación dun posterior revestimento con morteiro de cal, xeralmente pintado. Acostuma ser habitual a gabia de fundación, aberta normalmente nos niveis naturais estables, sobre todo nos estratos de arxilas naturais, preparando normalmente a base do cimento cun leito de seixos ou cunha zapata de lousa, máis ancha que o propio muro, que garantía a solidez do mesmo.

As variacións de grosor dos muros permítenos observar a aplicación dunha métrica bastante rigorosa, que se traduce na utilización predominante da medida do pé romano e as súas diferentes fraccións. O grosor dos muros máis representativos oscila entre 0,60/0,62 m, no cal recoñecemos perfectamente una anchura de dous pés³⁹. Neles cremos recoñecer os muros mestres da edificación, e por tanto os que soportarían o peso principal da estrutura. Iso resulta patente tamén nas paredes que conforman as grandes estancias de aparato como o *oecus*, cuxas grandes dimensións esixen unha resposta arquitectónica adecuada. Tamén



Fig. 35
Alzado de muro baixoimperial

atopamos para tabiques interiores outro grosor menos frecuente que o anterior, que fluctúa entre os 0,50 e 0,55 m, valores que se aproximan á medida de dous pés, pero que tamén podería identificarse cunha unidade de cóbado grande, moi presente na tradición helenística⁴⁰. En menor medida, tamén aparecen outros módulos máis estreitos, de 0,40 m, interpretables como correspondentes a un pé e un terzo, e de 0,30 m, ou equivalente a un pé; ambos correspondentes a pequenos tabiques de separación, como o muro ou *pluteus* que se dispón entre as columnas do(s) peristilo(s).

Outro dos elementos construtivos que merecen a nosa consideración son os chans ou pavimentos que sollaban os pisos das diferentes estancias ou cuartos. Os chans de terra compactada, construídos mediante a mestura de arxilas xistosas e pequenas lousas ou

³⁹ 1 pé romano = 0,296 m.

⁴⁰ Fernández Vega, 1993, 62.



Figs. 36-37
Pavimento de *opus signinum*



seixos de coio, presentan unha superficie moi endurecida, bastante resistente e compacta⁴¹. Tan só advertimos o seu uso nas estancias identificadas con corredores de acceso á ala principal. Como excepcionais pódense cualificar os chans ou pavimentos de grava moi fina⁴² detectados unicamente nunha das pequenas estancias anexas á sala do hipocausto. En maior medida, recórrese ó uso dunha variedade do *opus signinum*, consistente en pequenos fragmentos de ladrillo amalgamados cunha capa de morteiro ou amazocados con simple po de ladrillo e asen-

⁴¹ Non descartariamos a existencia dun chan de madeira sobre esta superficie xa que iso non deixaba de ser frecuente naquelas rexións setentrionais do Imperio, onde o clima e a abundancia do material permitirían o seu uso sistemático. Non obstante, tampouco advertimos pegadas do seu uso, que se traduciría na presenza de capas negras, resultado da lenta carbonización dun chan de madeira en descomposición (Adam, 1996, 213).

tados sobre unha base de pequenas lousas. A superficie regularizaríase cunha fina capa de morteiro de cal e area mesturada con po de ladrillo. O seu uso reservárase para algunhas das estancias principais ou áreas de tránsito, como os pórticos do peristilo. Os pavimentos musivos (*opus tessellatum*), aínda que minoritarios, corresponden ás estancias aparentemente máis importantes, como é o caso da gran sala de recepción ou *oecus*, nas cales se pretendería destacar o refinamento e o luxo do dono da casa.

3. As primeiras fases construtivas

O estudo pormenorizado da *domus* aínda está por realizar, xa que non foi posible levar a cabo unha escavación completa. O bo estado de conservación e importancia das estruturas achadas aconsellou a súa preservación e determinou a elaboración dun plan de actuación para a consolidación e restitución do conxunto, decidíndose a súa conservación a partir do respectivo acondicionamento museográfico a modo de semisoto.


Non obstante, a supervisión arqueolóxica dos traballos da estrutura de cimentación permitiu a realización dunha serie de

⁴² O seu emprego como pavimento parece moi restrinxido na casa romana, e aínda que en Lugo coñecemos algún exemplo máis do seu uso, como na "Casa das Máscaras" (González Fernández, Carreño Gascón, 1998, 1197), apenas existen paralelos. Na Casa da Tartaruga de Celsa, documéntase como pavimento de dous diminutos *cubicula* e dun *triclinium* (Beltrán Llorís, 1991, 145).

sondaxes puntuais previas, que tratasen de amortecer o alcance negativo que na conservación dos restos poderían ter as ditas actuacións. Tales sondaxes ofreceron a oportunidade de obter un rexistro estratigráfico máis exhaustivo nalgúns sectores da escavación e sacaron á luz restos construtivos pertencentes a un período anterior á propia construción da casa. Xunto a iso, o estudo da estratigrafía e a análise dos paramentos e muros conservados evidenciou a existencia de, polo menos, dous proxectos arquitectónicos claramente diferenciados na construción da vivenda. A contextualización estratigráfica das diferentes fases ou períodos construtivos foi realizada a partir dos materiais arqueolóxicos que achegou a escavación, fundamentalmente de carácter cerámico e numismático.

3.1. A fase construtiva anterior á *domus*.

Os primeiros indicios de ocupación na zona poden rastrexarse a partir da presenza dalgúns materiais asociados a cerámicas de tradición indíxena, terra *sigillata* itálica ou cerámica de paredes finas, que nos remiten a un período anterior ó segundo cuarto do s. I. d.C.⁴³. Non obstante, os vestixios de construción máis antigos presentes no lugar, non parece que se poidan datar con anterioridade a esa data. Os materiais cerámicos sitúannos nun momento cronolóxico comprendido entre a época de Claudio e os primeiros anos da dinastía Flavia⁴⁴. Os ditos vestixios cabería relacionalos cunha primeira fase construtiva anterior á casa, da cal apenas coñecemos algúns muros, en parte destruídos, conser-




Figs. 38-43
Terra sigillata itálica e gálica

- 1 Selo de MAETIS (T.S.I.)
- 2 Conspectus 50.2.1 (T.S.I.)
- 3 Selo de FELICI (T.S.G.)
- 4 Drag. 15/17 (T.S.G.)
- 5 Drag. 30 (T.S.G.)
- 6 Drag. 24/25 (T.S.G.)

⁴³ Entre as producións itálicas documentamos unha marca de oleiro atribuída a MAETIS, cuxa produción se data antes do 15 d.C., así como un prato da forma Consp. 12.4.1., datado antes do cambio de era. As paredes finas están representadas pola forma Mayet III, de cronoloxía claramente augústea.

⁴⁴ Dentro dos materiais que se adscriben a esta fase cabe destacar unha marca de oleiro sobre *Terra Sigillata Gálica*, OFFELICI, retrógrada e inversa, inscrita nunha cartela rectangular, pertencente a un oleiro da

Graufesenque activo en época de Vespasiano. Entre as formas lisas, pódese constatar a presenza da copa Drag. 24/25 e os pratos Drag. 15/17 e Drag. 18., e entre as decoradas a molde, temos algún pequeno fragmento da Drag. 29 e 30, esta cunha decoración de grilandas. Contamos tamén con algún fragmento de paredes finas, particularmente da forma Mayet XXXIV, comunmente chamada "cáscara de ovo", característica de época tiberio-claudiana, aínda que algúns exemplares perviven ata época Flavia.



Figs. 44-46
Planimetría e muros pertencentes á fase
construtiva anterior á domus



vados baixo os pavimentos ou parcialmente reaproveitados nas fases seguintes. Por iso, non resulta posible determinar a extensión e funcionalidade destas construcións, enmascaradas como están polas estruturas posteriores da *domus*. De igual xeito, descoñecemos se se trata dunha única vivenda ou se, polo contrario, nos atopamos ante os restos de dúas casas.

O plano da mesma está presidido pola existencia de dous muros lonxitudinais que discorren en sentido NNO-SSE separados entre eles por un intervalo de 2,40 m. Os espazos que se desenvolven a ambos lados

dos ditos muros aparecen compartimentados por unha serie de estancias de planta cadrada ou rectangular, non ben definidas.

Os muros desta fase revelan unha boa calidade técnica, como é habitual nas construcións de *Lucus Augusti* neste período. Solidamente asentados no substrato arxiloso amosan un aparello consistente, de lousas trabadas con morteiro de cal e area. A súa anchura oscila entre os 0,60 y 0,62 m, e ningún deles conserva un alzado superior a 0,30 m, arrasadas como están en gran parte polas estruturas das edificacións posteriores.

3.2. O primeiro proxecto construtivo

Resulta discutible poder definir ben as primeiras etapas de actividade da *domus* xa que ata agora, salvo algúns materiais cerámicos, a maior parte dos niveis e restos construtivos destas etapas se atopan ocultos baixo as edificacións e reformas das etapas posteriores.




Fig. 47
Sigillata hispánica altoimperial

Non obstante, segundo se desprende dos materiais que amortizan algunhas das estruturas da primitiva edificación, entre finais do s. I d.C. e os primeiros decenios do s. II d.C.⁴⁵ levarase a cabo unha ampla transformación na zona, como consecuencia da execución dun conxunto residencial de gran envergadura. Sería, se cadra, reflexo dunha transformación urbanística integral que, a teor das últimas investigacións, parece experimentar a cidade quizais como consecuencia das amplas reformas emprendidas pola dinastía flavia, que traerán consigo un inusitado desenvolvemento da actividade urbanística, actividade que achará a súa continuidade baixo os emperadores Antoninos.


O plano xeral da nova vivenda mantén a orientación NNO-SSE, que marcaban as estruturas da fase anterior pero, polo demais, toda a obra é concibida *ex novo*, aínda que se reaproveiten algúns dos muros da fase precedente. Coñecemos moi fragmentariamente a planta da casa debido ás transformacións experimentadas en épocas posteriores. Nesta fase constrúense as grandes salas de aparato ou representación dispostas na ala sur presididas polo *oecus* ou sala de recepción e os dous patios porticados adxacentes, arredor dos cales se dispoñerían o resto de habitacións. Descoñecemos o tipo de pavimento asentado nestas salas pero, polo menos, no

⁴⁵ Os materiais arqueolóxicos remítennos a formas de *terra sigillata* típicas xa do repertorio propiamente hispánico, coa presenza de tipos característicos, tanto do último cuarto do s. I como da primeira metade do s. II d.C. Entre as formas lisas, advertimos a presenza das copas Drag. 35 e os pratos Drag. 15/17, con tipos característicos do último cuarto do s. I d.C., ou Drag.

27 e Drag. 33, con caracteres formais propios xa do s. II d.C. Entre as formas decoradas, destacamos a presenza dalgún fragmento da forma Drag. 37 decorada co denominado "estilo de círculos inicial", que coñece o seu apoxeo arredor do segundo cuarto do século II d.C., aínda que xa parece constatarase dende finais do s. I.



Figs. 48-49
Planimetría e muros pertencentes ó primeiro proxecto construtivo da casa



caso dun dos patios, as súas galerías contaban cun chan de *opus signinum* de boa calidade técnica. A monumentalidade do conxunto veríase acrecentada coa construción dun amplo peristilo, cuxa situación presupoñemos ocupando o núcleo central da casa, no eixe principal, enfrontado á entrada principal aberta ó *cardo maximus*. Fundamentamos esta conxectura na presenza dunha fileira de piares situados fronte ás estancias máis significativas da ala sur, que posteriormente quedarían integrados nos muros do corredor creado na fase posterior. O espazo porticado xerado por estes piares podería corresponder á galería occidental do

dito peristilo, que contaría cunha anchura de aproximadamente 3,50 m. Por outra parte, a súa existencia vénnos suxerida, así mesmo, pola disposición arquitectónica das luxosas salas de recepción do *oecus* e a súa antecámara, dispostas a poñente, e cuxas monumentais entradas se abrían a este amplo espazo descuberto, potenciando deste xeito o eixe de simetría dominante. Nada coñecemos das estancias que se dispoñen na ala norte, xa que apenas podemos discernir a súa configuración. Toda esta zona sería obxecto dunha ampla reforma que, como veremos, daría lugar a importantes cambios na planta da vivenda.

4. A casa nos séculos III e IV d.C.

Cara a finais do s. III ou xa no s. IV d.C., introducíronse unha serie de variacións na planta da casa como consecuencia dunha profunda remodelación emprendida sobre todo na ala setentrional da *domus* na que se crea unha ampla sala calefactada por hipocausto. Para tal efecto, xéranse unha serie de novas estancias e espazos de tránsito a expensas probablemente dunha parte substancial do peristilo central, que permitirán a comunicación desta nova zona da vivenda coas salas de representación localizadas na ala sur.

Estas víronse potenciadas con novos pavimentos de mosaico e vistosas pinturas murais, que sen dúbida contribuíron a incrementar o aspecto luxoso da casa. As reformas emprendidas tamén introducen variacións de altura entre as diferentes estancias da casa. Así, aínda que se recrece cun novo pavimento de *signinum* o chan das galerías do patio norte, as novas salas do hipocausto e os corredores adxacentes dispóñense 0,40 e 0,20 m respectivamente, máis altas que aquelas. As galerías dos patios porticados adxacentes ó *oecus*, péchanse cun pequeno murete disposto entre os intercolumnios, o suficientemente elevado

como para recubrir a parte inferior das columnas.

O novo tratamento arquitectónico outorgado á vivenda parece estar condicionado, entre outras razóns, por factores climáticos. Os cambios operados coa construción e distribución espacial dalgúns dos novos ámbitos parecen enfocados a buscar a protección do clima.




Fig. 50
Restitución hipotética parcial da casa nos s. III-IV d.c.

O conxunto sufrirá algunhas remodelacións parciais ó longo do século IV, que se traducen na reparación dalgúns chans, particularmente perceptibles no pavimento musivo

da gran sala do *oecus*, reparado cun simple parcheo cementicio e no pavimento de *signinum* da coxía oriental do patio norte, motivada esta pola construción dunha pequena canle de desaugadoiro que atravesa o mesmo.

O momento de abandono da casa vén expresado pola existencia dun amplo nivel de carbonización asociado ás capas de derrubamento, que se estende á práctica totalidade das estancias. Dentro deste contexto final da *domus* destaca sobre todo a presenza de vaixela de mesa de *terra sigillata* hispánica tardía, con predominio das formas características desta produción (37t lisa e decorada do

1º e 2º estilo, Ritt. 8 e Palol 4) e, xunto a elas, algúns tipos datados xa en pleno s. V d.C., como as formas Palol 11 ou Palol 8 (Hisp. 5), esta co bordo decorado con motivos estampados⁴⁶. Non obstante, as datas finais non parece que poidan ter sobrepasado a 1ª metade do s. V d.C., xa que este sería o límite cronolóxico final para as importacións de T.S.H. tardía en Lugo. Proceden, así mesmo, deste contexto un amplo número de achados monetais, identificados con *folles* de época constantineana (s. IV d.C.), cuxo valor como elemento de datación é intrascendente, dada a perduración dos mesmos.




Fig. 51
Terra sigillata hispánica tardía



Fig. 52
Follis do emperador Constante.


4.1. Análise espacial e interpretación funcional

A definición dos diferentes espazos ou ámbitos que conforman a vivenda durante esta etapa vén determinada polas aliñacións de muros e pavimentos conservados. A proposta de identificación de funcións que formulamos máis adiante, apenas foi esbozada con base en criterios arquitectónicos, decorativos, etc. Por iso, a identificación establecida debe ser tomada con cautela xa que en ningún momento pretende ser concluínte.

Estancias 1 e 2: Corredores

O acceso á ala principal da vivenda realizábase a través destes dous corredores (en sentido N-S), con disposición perpendicular á sala do *oecus*, cuxa creación obedece á ampla reforma motivada pola construción, ó norte, da sala do hipocausto. Para a súa construción procedeuse a reformar o teórico peris-

⁴⁶ Paz Peralta, 1991, 69.



1-2 Corredores
3 Antesala do *oecus*
4 *Oecus*

5 Patio/s porticado/s
6 Ámbito privado
7 Antesala do hipocausto

8 Sala do hipocausto
9-10 Outras estancias
11 Zona termal?

Fig. 53
Planta parcial da casa e interpretación de estancias




Fig. 54

Restitución hipotética de parte do conxunto arquitectónico da *domus*



Fig. 55

Acceso á antesala do *oecus*: soleira de granito

tilo localizado ó leste. Aproveitouse o pórtico occidental do mesmo, pechando os seus espazos intercolumnares cun murete de apenas 0,35 m, que evidencia a súa fragilidade. A súa configuración estreita e alongada, de 4,20 m e 3,50 m de ancho, respectivamente, confírenlle a función de lugares de paso e distribución. Posuían posiblemente un chan de terra ou arxila compactada sen que poidamos descartar un piso de madeira⁴⁷. Os abundantes fragmentos de pintura parietal evidencian a riqueza decorativa das súas paredes, nas que predominan sobre todo os zócolos con imitacións de pedras marmóreas. A comunicación entre ambos corredores realízase por un amplo acceso de máis de 3 m de anchura configurado entre dous dos antigos piares, ó que se accede por unha soleira granítica que a entrada posúe. Non se

advirten na soleira pegadas de couzón para o xiro da porta, polo que se supón que se trataba dun van aberto ou, en todo caso, pechado por unha cortina⁴⁸. Esta mesma circunstancia se pode observar na pasaxe dende o segundo dos corredores ás salas ou habitacións principais que se abren ó oeste, cuxa soleira se acha, así mesmo, definida por unha gran pedra de granito, sen pegadas de batentes. Os accesos ordénanse segundo un eixe aproximado E-O, na mesma dirección que o principal do *oecus*, cuxa axialidade se manifesta na apertura dos vans, orientando todo o interior da vivenda a producir un efecto escenográfico⁴⁹. Dende o primeiro dos



Fig. 56

Restitución hipotética da antesala e *oecus* dende a zona de ingreso

⁴⁷ Vide supra nota 41.

⁴⁸ Un acceso de tal volume arquitectónico requiriría unha porta de grandes dimensións. O uso de colgaduras (ben tapicerías ou cortinaxes) nas portas, substituíndo os batentes de madeira, resultan frecuentes na arquitectura romana, cumprindo unha función non só práctica, controlando con eficacia a penetración da luz e a calor sen romper o efecto escenográfico do conxunto, senón tamén social, xa que se converte nun

elemento clave de protocolo nas relacións do *dominus* cos seus visitantes (Thébert, 1992, 381).

⁴⁹ A idea dunha concepción axial presente polo menos a priori no primeiro proxecto arquitectónico móstrase sensiblemente desvirtuada coas reformas levadas a cabo durante esta fase, xa que o cegamento das estancias cara ó peristilo principal contribúe a deteriorar esta idea axial, se ben podería permanecer nas novas estancias abertas ó *oecus*.

ámbitos, e achándose todas as entradas flanqueadas, a súa aliñación unidireccional permitiría ver, ó fondo, a maxestosa sala hipóstila do *oecus* destinada, sen dúbida, ás recepcións. Toda esta escenografía, acentuada pola propia disposición dos emblemas dos mosaicos, afrontados ó eixe visual principal, creábase en función dese obxectivo visual, destinado a enfatizar o papel primordial desempeñado polo señor no seu microcosmos familiar e particular⁵⁰. A finalidade principal dos corredores sería a comunicación e distribución das diferentes estancias arredor dos mesmos, asegurando a relación dunhas con outras, pero ó mesmo tempo resgardando o interior da casa das inclemencias climatoló-

xicas derivadas do posible peristilo oriental e, en menor medida, dos patios porticados que flanqueaban o *oecus*. O corredor 2 actuaba seguramente como distribuidor de circulación entre a ala norte da vivenda (sala do hipocausto) e a ala sur (*oecus* e patios), permitindo o acceso á galería oriental do patio norte.

Estancias 3 e 4: Antesala e *oecus*.

Dende o corredor 2, e tras atravesar un gran van de ingreso, aberto (sen portas) e con soleira de granito, entrábase nunha das zonas



Fig. 57

Vista xeral da antesala do *oecus*

⁵⁰ Fernández Vega, 1999, 107.

máis importantes da casa, o *oecus* e a súa antesala. O conxunto integrado por estes dous ámbitos parece conformar unha mesma unidade habitacional, destacando polas súas amplas dimensións. A antesala (3), de planta rectangular (4,60 x 12,40 m) ocupa unha superficie duns 57 m². A súa situación áchase formulada en función do *oecus*, prolongando a importancia do mesmo, xa que actúa a modo de vestíbulo ou recibidor de acollida e espera, distribuindo a circulación en dous sentidos contrapostos: cara ós patios porticados adxacentes, situados a ambos lados, e cara ós corredores da fronte, que comunicarían co patio situado ó leste e coa ala setentrional da vivenda. Atópase pavimentada cun mosaico que consta dun cadro central, practicamente perdido, con tema figurado de cabalos, flanqueado por cadansúas composicións xeométricas nas que alternan círculos trenzados con nó de Salomón inscrito e cadrados con peltas nas esquinas; todo iso rematado perimetralmente por unha banda de círculos secantes formando oxivas polícromas. Conserva aínda parte das pinturas, que adornaban as súas paredes, nas que se observa un zócolo decorado con meandro de esvásticas en cor vermella e azul escura, imitando mármore. No seu interior, recolléronse abundantes mostras de estucos ornamentais, ben a modo de cornixas ou para enmarcar as portas.

Dende a antesala accedíase á gran sala hipóstila ou *oecus* (4) mediante unha gran

porta central (2,38 m) de dobre folla flanqueada por dous laterais menores (1,34 m), todas elas marcadas por ricas soleiras de pedra marmórea, con rebordo para o tope. Iso evidencia a existencia de portas de madeira de dobre batente, con abertura cara ó interior, que irían fixadas directamente na obra de albanelería⁵¹.



Fig. 58

Mosaico da antesala do *oecus*

Implantada sobre o teórico eixe de simetría da vivenda e ocupando unha posición central, esta habitación converteuse na estancia máis representativa da casa xa que se distingue pola súa amplitude, a súa arquitectura e a súa decoración. A súa planta, de forma practicamente cadrada (12 x 12,40 m), conta cunha superficie de case 150 m², toda ela decorada cun fermoso pavimento de mosaico. A suntuosidade desta gran sala vese acrecentada por unha columnata interior perimetral ordenada,

⁵¹ Non era infrecuente que os amplos ocos das grandes salas de recepción puideran pecharse: o *triclinium* ábrese para os festíns vepertinos, pero durante o resto

da xornada, esta vasta sala está a maioría das veces illada do resto da casa (Thébert, 1992, 380).

posiblemente, con catro columnas en cada lado. O ritmo do intercolumnio aumenta lixeiramente na parte central (3 m), fronte á entrada principal, co fin de enfatizar o eixe de simetría da sala e a escenografía do conxunto. As columnas descansan sobre bases de tipo ático, labradas en pedra granítica, con plinto incorporado⁵². A presenza nelas de restos de lucido ou estucado, ben co obxectivo de disimular as imperfeccións da pedra ou como preparación dun revestimento pintado, contribuiría a transformar por completo a súa fisonomía exterior, outorgándolle un maior refinamento. A decoración da sala completárase coa pintura das súas paredes, das cales apenas conservamos algún testemuño *in situ*, reproducíndose un revestimento de imitación



Fig. 59
Base ática



Fig. 60
Base con cimentación

Fig. 61
Base con restos de lucido



de placas de mármore de cor gris e branca, a nivel do zócolo. Todas estas circunstancias leváronnos a identificala como un *oecus*, a modo de salón ou sala de recepción, pero tamén cunha posible función triclinar, como sala convival ou de banquetes⁵³, tendo en conta a importante función social do banquete (*convivium*) nas capas altas da sociedade. Neste sentido, a súa articulación interior, vertebrada por unha columnata interna, parece definirse



Fig. 62
Pintura *in situ*
da sala do *oecus*

claramente como un *triclinium* de aparato, co espazo central reservado ós leitos dos comensais e, arredor, a zona entre a columnata e parede reservada á circulación dos escravos destinados ó servizo do convite (*servi triclinari*); e no chan un mosaico organizado en alfombras con orlas decorativas enmarcando progresivamente un cadro figurado central, verdadeiro paradigma da partición de tales espazos.

⁵² As bases responden ó perfil canónico da base ática, cun toro inferior ancho, unha escocia concibida como unha moldura cóncava, aínda que sen listeis que a encadren, e un toro superior máis estreito e delgado que o inferior. Sobre o toro superior consérvase o terzo inferior do fuste (imoscapo), labrado no mesmo bloque que a base, cun diámetro de 0,58 m.

⁵³ Ó respecto, recordemos que Vitrubio outorga ós *oeci* unha planta cadrada, na que tamén están presentes as columnas. Por outra parte, emprega frecuentemente o termo *oecus* no sentido de *triclinium* (Vitrubio VI, 3, 8).

As súas dimensións aseméllano a algúns dos salóns (*oeci*) máis suntuosos das grandes casas da África Proconsular, como a “Casa do Gran Oecus” de Útica (198 m², con doce columnas internas) ou a “Casa do Triunfo de Neptuno”, en Acholla (107 m², con 10 columnas)⁵⁴, ambas do s. II d. C. Por iso, non deixa de sorprendernos a amplitude dunha estancia destas características nun lugar tan pouco mediterráneo como *Lucus*, onde o nivel de riqueza non sería, en absoluto, comparable ó destas outras cidades do Imperio⁵⁵. Iso só se xustificaría pola elevada posición dos seus propietarios, os cales en todo momento pretenden reflectir o luxo e o confort a través da construción destas vastas salas. O luxo destas salas pon de manifesto, ó mesmo tempo, a función clave que cumpren na casa. Nelas o señor da casa recibía e acollía ós seus invitados, coa celebración de grandes banquetes. O ceremonial da mesa permite que se luza a fortuna do anfitrión. Os banquetes ofrécese co propósito de afirmar sen rodeos o poder e a riqueza do dono da casa, e o *triclinium* é, por excelencia, o lugar ideal para iso⁵⁶.

Esta conxunción de *oecus* e antecámara non é unha solución moi frecuente no mundo romano, no que ós *triclinia* se refire, sendo máis usual a presenza de antecámaras (*procoethon*) en relación cos *cubicula*. De ordinario, os triclinios singularízanse pola súa



Fig. 63
Mosaico da sala do *oecus*

apertura directamente ós patios ou peristilos mediante un acceso tripartito; algo que aquí probablemente quedaría imposibilitado pola adversidade do clima. Por iso, na súa concepción primixenia, a apertura ó suposto peristilo situado ó leste singularízanse a través desta antecámara, que suavizaría os posibles rigores do clima. Non ocorrería o mesmo durante esta última fase da vivenda, onde as reformas operadas no marco da evolución da

⁵⁴ Gros, 2001, 172.

⁵⁵ A pesar de que, cara ó s. II d.C., poucas son as provincias do Imperio que chegaron a acadar un desenvolvemento comparable ó da África Proconsular, iso non

é óbice para que unha determinada comunidade ou grupo social adquira a posibilidade e estime necesario afirmar, coa construción dunha *domus* deste tipo, o lugar que adquiriu na sociedade (Gros, 2001, 178).

⁵⁶ Thebert, 1992, 354.



Fig. 64
Restitución hipotética da planta da antesala e *oecus*

mesma, dando lugar á compartimentación dos pórticos do gran peristilo central situado ó leste e a súa transformación en espazos pechados, alterando o seu funcionamento inicial e xerando unha nova xustaposición de

estancias, convertidas en corredores de distribución ou vestíbulos, podería estar concibida tamén en función tanto das novas salas de recepción (sala do hipocausto) como das antigas (*oecus*).

Estancia 5: Patio porticado.

A monumentalidade do conxunto áchase acentuada pola presenza, a unha e outra parte do *oecus*, de dous patios porticados secundarios, concibidos a xeito de pequenos *viridaria*, e cuxa función foi reservada probablemente para uso privado. A comunicación coa gran sala de recepción realizaríase a través da antesala por medio dunha porta de dobre folia de 1,80 m de ancho, con soleira resaltada mediante pedra marmórea moldurada con rebordo para o tope. Temos ben testemuñado o patio norte, do cal coñecemos completa a galería oriental e, de forma parcial, a setentrional e occidental, definidas polos plintos ou basamentos das columnas do pórtico. Con relación ó patio sur, existen evidencias do mesmo proporcionadas pola intervención arqueolóxica realizada no inmoble nº 13 desta mesma rúa⁵⁷. Este espazo aberto e porticado presenta planta



Fig. 65

Porta de acceso ó patio norte dende a antesala.
Soleira marmórea



Fig. 66

Perspectiva da galería leste do patio

rectangular e conta cunha superficie aproximada de 190 m² (11,40 x 17 m). Áchase configurado por un pórtico columnado por tan só tres dos seus lados, adoptando a típica disposición en U. As galerías do pórtico presentan un ancho de 2,80/2,90 m, observando unhas proporcións case simétricas. Foron pavimentadas con *opus signinum*, conservado practicamente en toda a superficie da coxía oriental, tan só afectado pola construción dun pozo de drenaxe moderna e formado por unha capa de pequenos fragmentos de ladrillo dispostos sobre un leito de lousas (*statumen*). As columnas do pórtico (doce en total, con catro nos lados menores e seis no lado maior), sustentáranse sobre bases de granito ornadas cun só toro, do que arranca directamente o fuste da columna, apenas diferenciado por unha pequena moldura, que se asentaban sobre grandes plintos exentos do mesmo material. Conservamos unha destas bases, localizada no inmoble nº 13 pertencen-

⁵⁷ Herves Raigoso, 1999b.



Fig. 67
Canle interior do patio norte

cente ó pórtico sur, cunha altura de 36 cm e un diámetro do fuste de 38. Un murete, de apenas 0,30 m, dispónse entre os intercolumnios, separando a galería do espazo central descuberto. A construción deste tipo de



Fig. 68
Columna do pórtico caída *in situ*

⁵⁸ Sillières, 1991, 323

⁵⁹ Burón Álvarez, 1997, 56.

⁶⁰ Thébert, 1991, 381-382.

murete, a modo de parapeto ou *pluteus*, cegando a parte inferior entre as columnas, é unha solución frecuentemente utilizada en casas da península, como a “Casa do Cuadrante Solar” de *Baelo Claudia*⁵⁸ ou a “Casa do Pavimento de *Opus Signinum*” de Astorga⁵⁹, por poñer tan só dous exemplos; constatándose tamén, sobre todo ó longo do Baixo Imperio, en vivendas do norte de África⁶⁰. Non obstante, tampouco debemos



Fig. 69
Murete do *pluteus*

obviar que o peche dos intercolumnios dos patios tamén podería obedecer á existencia dunha climatoloxía adversa que, nun momento determinado (no noso caso vinculado á última reforma da vivenda), aconsellarían o seu peche total, co cal o pórtico se convertería nun corredor pechado, en cuxas paredes se poderían abrir algunhas ventás para a iluminación do corredor. Esta solución atopámola en Iuliobriga⁶¹, dentro da Península, ou en Ostia⁶², fóra xa da mesma.

⁶¹ Fernández Vega, 1993, 118.

⁶² “Casa das Columnas” e “Casa dos Peixes” (Alarcão, 1985, 31-32).




Fig. 70
Restitución axonométrica do peristilo

O espazo central atópase libre de pavimentos ou estruturas, sen que puideramos documentar nin sequera un pozo, fonte ou estanque a modo de *impluvium*; tan só unha pequena canle que discorre ó pé da columnata, paralela ó muro de peche da galería, recollería as augas de choiva procedentes da cuberta superior. Por iso, cremos advertir no seu interior a existencia dun pequeno xardín ou *viridarium*, aínda sendo conscientes de que a inexistencia dun pavimento non ten por que suxerilo. A decoración pictórica das galerías do pórtico contribuiría a subliñar a dita funcionalidade, presentando unha temática acorde co espazo. Na zona media da parede predominarían as composicións de motivos florais e vexetais, propios de xardíns, peristilos e zonas de recreo, prolongando nos muros esta necesidade de verdor e este gusto polos xardíns delicados.

⁶³ Algunhas destas grandes casas, con gran número de divisións, non podían organizarse exclusivamente arredor do peristilo central. Xorde así outro tipo, onde

A disposición destes pequenos patios, ó flanquear por ambos lados ó *oecus*, cumprían unha dobre función. Por unha parte, ordenar os espazos e ámbitos interiores situados a norte e oeste, dispensando aire e luz ós cuartos adxacentes, probablemente reservadas para uso privado⁶³. Por outro lado, permitiríalles ós comensais do *oecus* gozar, a través das ventás situadas previsiblemente nos laterais, do verdor e frescor do pequeno xardín.

Na busca de paralelos en planta a esta disposición do *triclinium* arredor dun dobre patio, atopamos na “Casa dos Paxaros” de Itálica o modelo máis axeitado. Este é un modelo que, como nos recorda Pierre Gros, repite, a escala evidentemente reducida, o *triclinium* do Pazo de Domiciano en Roma. Segundo palabras do mesmo autor “iso é unha proba de que estas grandes *domus* foron concibidas para facer participar á



Fig. 71
Vista parcial do pórtico e área interior do peristilo

un patio ou adro de área moito máis reducida que a do peristilo constitúe un “pozo” suplementario de iluminación (Alarcão, 1985, 21).

nobreza local dos últimos refinamentos da *Urbs* e particularmente dos esquemas palacianos, os cales, presentes aquí en forma de alusión, contribúen a valorizar o conxunto e a acrecentar a *dignitas* do propietario”⁶⁴.

Estancia 6: Ámbito privado.

Arredor destes patios interiores situaríanse posiblemente as zonas máis privadas da vivenda. Cada patio determinaría un núcleo independente de estancias. É nesta zona onde poderían atoparse os dormitorios ou *cubicula*, cos cales podemos relacionar o ámbito que aparece ó norte do patio 5. Apenas coñecemos as súas dimensións (4,70 m de ancho), ó estar situado no límite da zona escavada. Presenta un acceso directo ó patio a través dun van de aproximadamente 1,80 m que abría directamente cara á coxía oriental daquel ámbito. O chan que cubría a estancia era de *opus signinum*, presentando unha boa

calidade técnica. Obsérvase nel a clásica disposición en capas, entre as cales, a de asentamento ou *statumen*, estaba formada por pequenas pedras de lousa colocadas verticalmente ou lixeiramente inclinadas, dispoñéndose sobre os niveis das fases anteriores. A cota do pavimento atópase lixeiramente rebaixada (-0,13 m) con relación ó piso da coxía oriental.

Estancias 7 e 8: Antesala e sala do hipocausto.

Na zona norte da casa (dentro do ámbito de escavación determinado polo inmoible nº 20), é onde se rexistraron os cambios máis espectaculares producidos na vivenda durante esta última fase de ocupación. Construíronse dúas novas estancias, a sala do hipocausto e a súa antecámara, xerando importantes cambios estruturais na vivenda.

Fig. 72
Vista xeral da sala
do hipocausto



⁶⁴ Gros, 2001, 183-184.

O conxunto formado por estas dúas estancias atópase situado nun plano lixeiramente superior (+ 0,45 m) con relación á área de circulación do patio norte. Ningunha delas posúe comunicación directa con este peristilo, posto que para iso deberían existir, polo menos, dous chanzos para dar acceso, dende a antecámara, á galería oriental⁶⁵. O ingreso a esta parte da casa debería producirse a partir de cadanseus corredores (1-2) situados ó leste do patio norte. A sala do hipocausto (8) atópase precedida dunha antesala ou vestíbulo (7), ó igual que ocurría co *oecus*. O acceso á dita antesala realizaríase a través dun pequeno van, o cal é necesario salvar mediante un chanzo, debido á diferenza de cota entre o corredor e esta sala de acceso. É probable que un segundo van puidera localizarse tamén no outro extremo da sala, o cal facilitaría o acceso dende o corredor 1⁶⁶. A súa planta, de forma rectangular (3,40 x 7,90 m) conta cunha superficie útil duns 23 m², e o chan recibe un pavimento de *opus signinum* ó uso. A comunicación coa sala do hipocausto realizaríase probablemente mediante unha dobre entrada situada a ambos lados do muro orientado ó sur (aínda que non descartamos tamén a presenza dunha porta central ó xeito dos accesos tripartitos do *oecus* ou os *triclinia*). Unha vez máis, os problemas de degradación dos muros da casa dificultan a delimitación da situación dos vans. En todo

caso, un dos posibles accesos foi posible identificalo ó observar cómo o pavimento de *signinum* irrompía parcialmente no muro, determinando a existencia do seu van.



Fig. 73

Restitución axonométrica da antesala e sala do hipocausto

A sala do hipocausto (8) aparece como unha estancia de grandes dimensións, aproximadamente 56 m², que adopta unha planta practicamente cuadrangular rematada nunha ábsida poligonal irregular. A singularidade da dita sala vén determinada pola existencia dun xenuíno sistema de calefacción por *hypocaustum* baixo o pavimento de *opus signinum* da estancia. O dito hipocausto atópase identificado pola existencia dunha pequena cámara de calor situada baixo o chan de circulación da estancia, da cal parten varias canles

⁶⁵ Este dato non puido constatarase, posto que a zona onde presumiblemente debía localizarse o dito acceso, viuse afectada pola construción dun pozo de auga moderno de aproximadamente dous metros de diámetro, construído en cachotería de lousa.

⁶⁶ O arrasamento dos muros a cota de pavimentos dificulta a identificación ou localización dos vans de entrada.




Fig. 74

Restitución axonométrica da sala do hipocausto

radiais, a través das cales circularía o aire quente proveniente dun forno ou *praeurnium*, localizado nun pequeno cuarto anexo situado ó norte, fóra xa da área de escavación. Este chan de circulación, denominado *suspensura*, apóiase sobre piares ou columniñas (*pilae*), neste caso de lousa, situadas ó longo das canles, nas que se apoiaría directamente unha plataforma alintelada con grandes lastras de lousa. A calor irradiaríase así mesmo polas paredes, a partir dunhas estruturas ocas ou chemineas localizadas nos

extremos das canles, facilitando o queceamento de toda a habitación. Este modelo de hipocausto mediante “cámara de calor mixta”⁶⁷, onde se combina o sistema de piares e canles, documéntase con frecuencia nas construcións privadas do Baixo Imperio, e a súa construción resulta menos onerosa e tecnicamente máis fácil de realizar que o tradicional sistema de hipocausto con piares de ladrillo baixo todo o chan.

A gran amplitude da sala suxire que nos atopamos ante unha nova estancia de aparato xa que resultaría demasiado grande para un *cubiculum* ou dormitorio. As súas dimensións, 7,60 x 7,30 m convértena na sala de maior tamaño da casa despois do *oecus*. Xunto a iso, a existencia dun acceso bipartito, que lle confire certa prestancia, a presenza dun *hypocaustum* e a súa localización ó norte da casa, sen comunicación directa co patio ou peristilo, fainos interpretar o dito espazo como un posible salón ou comedor de inverno (*triclinium hiemale*)⁶⁸, tendo en conta, por outra



Figs. 75-76
Vistas da canle do hipocausto



⁶⁷ Degbomont, 1984, 121-127.

⁶⁸ Ó respecto Vitrubio autorízanos a pensar en comedores de inverno, de primavera-outono e de verán

(Vitrubio, VI, 7), particularmente presentes nas grandes *domus* señoriais, onde as amplas superficies destas casas permitirían a proliferación das estancias de gran tamaño.

parte, o clima imperante e o hermetismo dos espazos. A súa situación, na periferia do peristilo norte, e o seu illamento con relación ó mesmo, puidera ser unha razón para desestimar esta interpretación funcional xa que, de ordinario, os triclinios ou *oeci* se singularizan polos accesos tripartitos con ampla apertura ó patio, algo que aquí probablemente quedaba desaconsellado por razóns climáticas xa que a ausencia de ventilación permitiría conservar a calor. Por outra parte, a hermeticidade do ámbito inclínanos a valoralo como un salón ou comedor de carácter privado, reservado probablemente para uso exclusivo do dono e a súa familia. Este carácter tan reservado, ó cal sen dúbida contribúe a presenza dunha antecámara de acceso á sala, pode obedecer a causas relacionadas co clima, aínda que non debemos desbotar unha certa intencionalidade por parte do propietario á hora de conseguir auténticos espazos privados dentro da casa, que fuxan ó control das actividades de carácter público que se desenvolverían noutros ámbitos da *domus*. O elevado grao de arrasamento dos muros non permite advertir a existencia de pinturas murais decorando a estancia, as cales por outra parte, probablemente se reducirían a unha decoración sinxela⁶⁹.

Unha vez máis, atopamos a conxunción de salón ou *triclinium* e antecámara, conformando ambas unha unidade espacial individualizada dentro da *domus*, con dous ámbitos

diferenciados, atopándose a sala totalmente protexida e illada do exterior mediante a antecámara. A súa función podería ser meramente ostentatoria ó igual que as estancias de análoga disposición localizadas na ala oeste (*oecus*).

Outras estancias.

Ó leste da sala do hipocausto localízanse diversas estancias de menor tamaño (9-10). A habitación 9, exhumada na súa totalidade, presenta unhas dimensións de 4 x 2,60 m. Resulta difícil aproximarse á funcionalidade destes ámbitos, cuxo único elemento caracterizador consiste na presenza dunha pequena canle que discorría parcialmente enterrada, paralela ó muro leste da estancia.



Fig. 77

Vista dunha das estancias (9) ó leste do hipocausto

⁶⁹ Recordemos que Vitrubio aconsella que nos comedores de inverno non están ben nin son necesarios refinamentos na ornamentación, nin pinturas de gran importancia, nin adornos delicados nos cornixamentos

das bóvedas porque todas estas cousas se botan a perder co fume dos lumes e co espeso sarrio das lámpadas (Vitrubio, VII, 4,4).



Fig. 78
Detalle da canle
da estancia 9



Fig. 79
Acceso ás estancias
situadas ó norte

Descoñecemos se puido ir totalmente cuberta ou descuberta ó seu paso pola habitación. Neste sentido, tal circunstancia pode facernos considerar a súa relación cunha cociña (*culina*) ou baño (*latrina*), xa que estas aparecen normalmente, cruzadas por canles.

Fóra xa da área de escavación do inmoble, cara á parte occidental do mesmo, e no espazo correspondente á actual rúa Conde Pallares, atopáronse unha serie de estancias, adxacentes á coxía occidental do patio norte (11)⁷⁰. Algunha das estancias conservaba o seu pavimento de *opus signinum*, con morteiro de cal, bordeado polo característico modillón hidráulico, que permite intuír a presenza dunha piscina. Os datos tamén sinalan a existencia dun posible hipocausto, nunha das salas próximas. Todos estes indicios permiten pensar na posible localización nesta parte da vivenda, dun pequeno complexo termal ou de baños (*balnea*), en relación coa mesma.

5. A casa e a súa inserción no urbanismo da cidade.

Os restos pertencentes á vivenda que tratamos de explicar áchanse ocupando parte dunha gran *insula* ou rueiro, a cal puidemos definir rigorosamente delimitada por catro rúas. Atopábase situada no lado suroccidental do foro, separada do mesmo por un dos principais eixes viarios da cidade, o *cardo maximus*. Ó norte aparece flanqueada polo *decumanus maximus* e ó sur por outro dos *decumani* que partían do foro. A súa situación urbanística queda pois caracterizada por ocupar un dos sectores máis céntricos da cidade, nas proximidades da zona monumental e, máis especificamente, da área ocupada polo foro, aspecto que manifesta a importancia do lugar que ocupa. Topograficamente localízase nunha zona de pendente moderada, descendente cara ó SO, feito que quedou ben reflectido na disposición das estruturas, mediante a execución dos

⁷⁰ Con motivo das obras de renovación de infraestruturas e peonalización do recinto histórico realizadas no ano 1999, cuxo control arqueolóxico correu a cargo

dos Servizos Municipais de Arqueoloxía, dirixidos por D^a. Covadonga Carreño Gascón.

pavimentos a diferentes alturas. Así mesmo, o percorrido das rúas adáptase ó desnivel existente, sen que iso sexa un obstáculo para un desenvolvemento lineal⁷¹.

Toda a zona estaba presidida polo foro, cuxa localización na plataforma máis alta da

cidade pretendía subliñar o seu importante papel dende o punto de vista urbanístico. Do mesmo, apenas coñecemos a disposición da súa planta rectangular determinada a partir da exhumación de múltiples retallos dos seus muros perimetrais, construídos con sólido




Fig. 80
Relación da casa co contorno inmediato

⁷¹ Por regra xeral, sempre que a natureza do terreo o permite, os romanos trazaron as súas rúas dereitas, cortadas en ángulo recto; incluso en sitios con relevos

pronunciados, aplicando unha das regras de ouro do urbanismo romano: a adaptación ó terreo (Pelletier, 1982, 35).

morteiro e de 0,80 m de grosor⁷². A conexión de todos estes muros, permitiu definir a existencia dun espazo rectangular de aproximadamente 160 por 105 m, abrangendo unha superficie duns 17.000 m²; comprendida entre as rúas do Progreso, San Pedro, Raíña e praza de Santo Domingo, o que supón unha área foral de notable extensión. O Foro atopábase cruzado polo *decumanus maximus*, que divide en dúas partes a área foral. A máis meridional delas presentaba un gran ámbito porticado no seu interior, dedicado a praza, deambulatorio e outros mesteres. No exterior do mesmo definíronse cadansúas aliñacións de pequenas *tabernae* ou establecementos comerciais, que loxicamente se abrían ás respectivas vías (*cardines*) que flanqueaban o foro polos seus lados maiores. Non obstante, dado que se trata dun espazo actualmente edificado na súa totalidade, non se puido determinar a situación das consabidas áreas sacra, administrativa, xudicial e lúdica.

Un dos eixes viarios que delimitaban o foro pola súa parte occidental parece poder identificarse co *cardo maximus*, á vista da situación de aquel. O dito *cardo* coincidente practicamente na súa totalidade coa actual rúa da Raíña, puido ser documentado en varias escavacións realizadas en diferentes soares da dita rúa. A súa disposición, seguindo o eixe dominante NNO-SSE, obedece á existencia dun plan regulador, ordenador do espazo, que determina o urbanismo da cidade⁷³. As súas

dimensións, entre 7 e 8 m de anchura aproximadamente, e a configuración, con beirarrúa porticada duns 3 m de ancho polo menos nun dos seus lados, convértena nunha das vías máis importantes da cidade. Como sinalamos máis arriba, o *cardo* atopábase separando o foro da *insula* ocupada pola casa. Non obstante non existen evidencias dunha relación directa entre a casa e a dita rúa, aínda que é de supoñer que a entrada á vivenda debeu efectuarse dende ela, ó ser esta unha vía principal.



Fig. 81

Vista parcial do *decumanus maximus* (F.H.R.)

Polo contrario, esta relación si puido ser establecida co *decumanus maximus*, co que limita polo norte. Unha parte do mesmo foi detectada no transcurso da escavación do inmoible nº 18 da rúa Doutor Castro, no cal se exhumaron, así mesmo, diversas estruturas

⁷² Descubertos con motivo das obras de pavimentación do recinto histórico realizadas en 1998-99, cuxo control arqueolóxico foi realizado polos Servizos

Municipais de Arqueoloxía, dirixidos por D^a. Covadonga Carreño.

⁷³ González, Carreño, 1998, 1182.



Fig. 82
Cloaca baixo o *decumanus maximus* (F.H.R.)



Fig. 83
Detalle dunha das *tabernae* na fachada sur da casa

relacionadas coa vivenda⁷⁴. A configuración deste *decumanus* obedece a unha reforma realizada no mesmo a mediados do século IV d.C., na cal se executou por primeira vez a construción dunha cloaca abovedada que discorre baixo a calzada. A ambos lados da calzada, dispóñense cadansúas beirarrúas porticadas, das cales conservamos os basamentos de granito que sustentaban os pórticos. Abertas a elas, e ocupando a planta baixa da fachada da casa, instalaríanse numerosas tendas ou pequenos establecementos comerciais (*tabernae*), as cales foron documentadas, así mesmo, no *decumanus* que delimita a *insula* polo lado sur. É probable tamén que, aberta a esta rúa, se poida situar igualmente unha das entradas da casa, tal e como se puido comprobar durante o desenvolvemento das escavacións do inmovible nº 18.

A *insula* na que se inscribe posúe unha superficie de aproximadamente 14.000 m², que se aproxima á do propio foro; o cal a converte nunha das de maior extensión detectadas ata a data na cidade, sen que poidamos determinar o espazo ocupado na mesma pola *domus*. Neste sentido, as investigacións máis recentes sobre a cidade puideron determinar a existencia de *insulae* ou rueiros morfolóxica e dimensionalmente desiguais, que se traduce nunha división do espazo urbano moi heteroxénea. Non obstante, e con relación á *insula* que nos ocupa, non coñecemos aínda moi ben as transformacións que se puideran ter operado nesta zona da cidade, xa que cabe a

⁷⁴ Herves Raigoso, 1999.

posibilidade de que a configuración da dita *insula* non fose a mesma en todas as épocas⁷⁵. Sen dúbida, a construción desta casa, que esixiría unha gran superficie no seu desenvolvemento, segundo se desprende da existencia das súas grandes salas e espazos porticados, podería ter influído na modificación da zona urbana máis próxima ó foro.

No seu contorno áchanse situadas algunhas das *domus* máis importantes da cidade, que destacan pola calidade da súa

construción e os elementos decorativos que ornamentaban as súas estancias. Unha destas casas máis distinguidas foi a “*Domus* do mosaico de Dédalo e Pasífae”, que se atopaba situada ó norte do extremo noroccidental da ínsula, con fachada así mesmo, ó *decumanus maximus*. Na súa construción concorren certas semellanzas coa vivenda que nos ocupa, como o feito de acharse pavimentada con mosaicos polícromos e figurados, que poderían ser contemporáneos dos



Figs. 84-86
Domus do mosaico
de Dédalo e Pasífae



⁷⁵ Non podemos descartar a existencia dunha rúa transversal (*cardo*) que dividise a *insula* nalgunha das etapas máis temperás da cidade. Algunhas destas transformacións dos espazos urbanos puidéronse detectar noutros puntos do centro da urbe, como na

insula definida no actual soar da praza de Santo Domingo. A rúa (*cardo*) que delimita a dita *insula* polo oeste, foi concibida en época antoniniana (González, Carreño, 1998, 1177).

da “Casa de Océano”. O mosaico que dá nome á casa pavimentaba unha habitación duns 32 m², contigua á cal se dispoñía unha estancia máis estreita (posible corredor), pavimentada toda ela cun mosaico de composición xeométrica. Máis ó norte, á altura da actual praza de Santo Domingo, ocupando unha gran parte da *insula* contigua, dispoñíase outra gran *domus* na que se advirte tamén unha importante secuencia construtiva, que derivaría na construción, en época tardía, dunha área termal situada ó bordo da rúa que limi-



Fig. 87
Mosaico de Sto. Domingo

taba o rúeiro polo norte. Chama a atención no conxunto a existencia dunha gran sala de aproximadamente 160 m² que, ó igual que o gran salón ou *oecus* da “Casa de Océano”, estaba pavimentada cun magnífico mosaico, cuxo mal estado de conservación apenas permite advertir unha decoración de motivos xeométricos.

Outras casas de igual ou menor importancia aínda poden chegar a descubrirse nesta zona, constituíndo, deste xeito unha auténtica área residencial ou de luxo, na cal atoparían acomodo as familias aristocráticas da cidade.



Fig. 88
Domus de Sto. Domingo

Capítulo IV

O programa decorativo da casa de Océano



A relevancia do complexo arqueolóxico que estamos a describir non reside exclusivamente no magnífico conxunto arquitectónico que comprende esta casa, senon tamén, e sobre todo, na riqueza do programa decorativo e ornamental presente nos pavimentos e paredes das súas estancias, que contribúen a acentuar a suntuosidade deste edificio. Con relación ós primeiros, debemos destacar o excelente conxunto musivo no que se integrarían os célebres fragmentos do mosaico de Batitales, que destaca pola súa beleza e excelente execución técnica. Significamos tamén a importancia dalgunhas das súas pinturas murais, das cales coñecemos algún exemplo conservado *in situ*, ofrecendo todo isto un singular aparato decorativo de excepcional riqueza.

1. Os mosaicos

1.1. Aspectos técnicos

A falta de análises petrográficas de teselas e morteiros, as nosas observacións pretenden ser meramente indicativas e, en certo modo, aleatorias, fundamentándose principalmente nos procesos de restauración e consolidación dos mosaicos⁷⁶.

Os materiais empregados na elaboración de teselas non son excesivamente variados,

con predominio das pedras calcarias, polo común para os brancos, azuis e gama de grises, recorréndose á terracota para as de cor vermella (ladrillo) e ocres. Ambos pavimentos participan do emprego dos mesmos materiais.

A procedencia dos materiais parece de ámbito local ou, cando menos, de comarcas non afastadas, se é que non fabricados a pé de obra, como a terracota que se emprega basicamente para intensificar os efectos cromáticos do teselado e, moi a miúdo, para limitar, mediante orla de catro ou cinco teselas, os conxuntos pavimentais. Puidemos documentar unha importante concentración de anacos de teselas reaproveitadas para recheo baixo as capas de preparación dos pavimentos de *signinum* do patio norte.



Fig. 89

Proceso de consolidación dos mosaicos

⁷⁶ Agradecemos os comentarios e observacións realizadas polo equipo de restauración integrado na

empresa TOMOS, S.L., dirixido por Rosa Benavides García.

O tamaño das teselas presenta algunhas variacións, segundo a técnica empregada; arredor de 1 cm² para as composicións en *opus tessellatum*, sendo moito menores (arredor de 0,50 cm²) para os elementos figurativos ou emblemas realizados en *opus vermiculatum*. As teselas de terracota (*opus figlinum*) acadan os 2 cm².

A gama de cores é tamén moi restrinxida, amosando cinco cores dominantes: branco, azul escuro, gris, vermello e ocre. Obsérvanse varios tons de grises e ocres, así como diversos matices de vermellos e rosas; a pesar do cal, lógranse unhas vistosas composicións que destacan polo seu efecto cromático.

Polo que respecta á preparación das diferentes capas que conforman o mosaico, a escavación dalgúns sectores de pavimento nos que foi necesario proceder á súa extracción con motivo das obras de acondicionamento dos restos, permitiu observar unha disposición bastante canónica, na que o *statumen* e o *rudus* parecen confundirse nun, estando formados por laxas de lousa; o *nucleus* parece de morteiro de cal ou de ladrillo e cal; o baño de asento é morteiro fino de cal.

Puidéronse comprobar, polo menos, tres fases no uso do mosaico, coetáneas, en certa maneira, dalgunhas das fases de ocupación do edificio: unha primeira fase de pavimentación propiamente dita, uniforme e coetánea; unha fase de restauración, consistente en simples parcheos cementicios realizados por artesáns alleos ás técnicas musivarias, e un reaproveitamento posterior por ocupantes



Fig. 90

Corte estratigráfico do mosaico

alleos ó carácter luxoso da vivenda, como delata a superposición dalgún muro sobre o pavimento musivario.

1.2. O mosaico dos cabalos.

1.2.1. Descrición e análise.

O presente mosaico pavimenta unha estancia rectangular de 4,60 por 12,40 m, estancia que interpretamos como unha antesala do *oecus* coa función de vestíbulo ou recibidor de acollida e espera ó mesmo tempo que sala de distribución. O seu estado de conservación é bastante desigual xa que, mentres o campo xeométrico presenta un grao de conservación bastante aceptable, o rexistro con escena figurativa do emblema apenas conserva de modo moi fragmentario as figuras de dous cabalos. Por outra parte, debemos sinalar que falta un fragmento do mesmo, correspondente ó campo xeométrico,



Fig. 91

Mosaico dos cabalos. Aspecto xeral

que foi extraído por D. Manuel Vázquez Seijas en 1950⁷⁷ con motivo das obras de reforma do local, sendo posteriormente trasladado ó Museo Provincial de Lugo, onde apenas se conservan uns fragmentos. De calquera xeito, o mosaico foi parcialmente destruído polas obras de construción da rede de sumidoiros decimonónica, que discorría baixo a rúa.

O esquema decorativo artéllase segundo unha composición de motivos xeométricos de círculos e cadrados, que flanquean un *emblema* central con escena de cabalos. Por súa vez, toda a composición atópase enmarcada por unha orla perimetral de círculos secantes e tanxentes, que forman fusos polícromos e escamas con oposición de cores⁷⁸,

⁷⁷ Vázquez Seijas, 1950, 137 ss.

⁷⁸ Balmelle, 44d. Para a denominación e descrición dos diversos motivos, optamos por seguir a nomenclatura ó uso no estudo dos mosaicos, recollida nas obras de

Balmelle, C. et alii, 1985 (dende agora Balmelle máis lámina e letra correspondente) e Blanchard, M. et alii, 1973 (dende agora AIEMA máis número que corresponda).




Fig. 92
Debuxo do mosaico dos cavalos



Figs. 93-94

Detalles da orla perimetral: círculos secantes e florciñas en aspa

entre dous listeis dobres, rematadas nas esquinas por un círculo no cal se inscribe unha florciña con pétalos de bordos graduados en cor escura⁷⁹. Ó pé da soleira norte desenvólvese unha composición lineal, a modo de pequeno “felpudo”, consistente nunha liña de florciñas con pétalos de bordos graduados en aspas, non contiguas e en cor escura⁸⁰ enmarcadas por un listel dobre de teselas azuis escuras. Polo tanto, á hora de describir o pavimento teremos en conta o campo xeométrico e o emblema.

A. Campo xeométrico.

A decoración xeométrica ocupa a maior parte da superficie e desenvólvese a ambos lados da escena figurada do emblema. O rexistro xeométrico presenta unha decoración ortogonalmente disposta, de cadrados denticulados e acantonados por peltas de cor escura, con flor en cruz polícroma inscrita, e de círculos, non contiguos, con trenza de dous cabos polícromos sobre fondo escuro, con nó de Salomón polícromo inscrito⁸¹. Entre ambos motivos intercálanse pequenas follas cordiformes⁸² bícromas como elemento de separación.

O campo xeométrico está formado por un total de nove filas de círculos e cadrados a cada lado do emblema. Os motivos circulares dispóñense en catro filas en cada unha das alfombras xeométricas, alternando a composición de cores. O esquema dos círculos é o



Fig. 95

Motivos xeométricos de círculos e cadrados

⁷⁹ Balmelle, 4g; AIEMA, 107.

⁸⁰ Balmelle, 4j.

⁸¹ Balmelle, 226D.

⁸² AIEMA, 100d.



Fig. 96
Composición xeométrica



Fig. 97

Motivos circulares e cadrados en alternancia de cores

seguinte: unha trenza de dous cabos, polícroma, con teselas vermellas, ocres e grises, sobre fondo escuro. Dentro, un listel circular de dúas teselas, azul escura e gris clara, e no centro do círculo un nó de Salomón polícromo, con alternancia de cores (vermellas, cremas, grises, etc.). Nos cadrados, sobre fondo branco, un marco cun filete de denticulos en catro teselas de cor azul escura. Dentro, outro cadrado con dobre listel bícromo, no centro do cal se inscribe un motivo de florciña con cruz⁸³, en alternancia de cores vermellas e ocres.

A alfombra xeométrica preséntase como unha composición de superficie isótropa, que se caracteriza pola súa sinxeleza compositiva a pesar da aparente complexidade e abigarramento que mostran ó primeiro golpe de vista⁸⁴. Presenta un tipo de composición que, aínda que non era moi usual na musivaria romana, aparece xa representado en *Hispania* dende época alto-imperial ata o século IV⁸⁵. A composición móstrase como unha variante do esquema a base de círculos e cadrados, moi correntes na musivaria romana peninsular tardía⁸⁶. Os motivos que aparecen no mosaico son moi correntes neste tipo de composicións a base de círculos e cadrados. As peltas adecúanse ós espazos intermedios, como vemos nalgúns mosaicos tardíos da

⁸³ AIEMA, 107.

⁸⁴ Regueras Grande, 1991, 174.

⁸⁵ Atopámolo representado nunha banda de enmarque do "Mosaico dos peixes" da vila de Bazalote (Albacete) datada entre o século II e III d.C. (Durán

Penedo, 1993, 449, fig. 39), e máis tardiamente, no último cuarto do século IV nun mosaico da vila romana de Torres Novales (Albacete de Cinca, Huesca) (Fdez. Galiano, 1987, 62, láms. XXVI e XXVII).

⁸⁶ Fernández Galiano, 1987.

Meseta⁸⁷, e existe unha tendencia a cubrir os pequenos espazos con outros motivos (follas cordiformes), intentando eludir o *horror vacui*, non do gusto da época. En Galicia, atopamos un esquema moi similar no mosaico de Doncide (Pol, Lugo), cuxa relación co mosaico que estamos tratando xa foi posta en evidencia, cremos que acertadamente⁸⁸.

De forma illada, o motivo de círculo con trenza de dous cabos, así como o nó de Salomón, son moi comúns nos mosaicos romanos de todas as épocas, pero aparecen con relativa frecuencia na musivaria tardía hispana da zona centro⁸⁹.

B. Emblema.

O emblema sitúase nunha posición central con respecto a toda a composición, como acostuma ser habitual na musivaria romana, e afrontado á porta de entrada no eixe visual principal. Aínda que se conserva de xeito moi fragmentario, podemos deducir as súas dimensións a partir dos elementos coñecidos. As súas medidas serían de 3,76 m de longo por 3,42 m de ancho. A orla que delimita o cadro central está formada por unha trenza de tres cabos polícromos sobre fondo escuro enmarcada entre dous filetes escuros⁹⁰, motivo moi típico como elemento de enmarque dos cadros figurados.




Fig. 98
Vista parcial do emblema
dos cabalos

⁸⁷ Alcázar de San Juan, Ciudad Real (Blázquez, 1982, nº 21, fig. 17), Covas de Soria (Blázquez, Ortego, 1983, nº 70, fig. 19), por citar tan só algúns.

⁸⁸ Alles León, 2003, 211-224.

⁸⁹ Fdez. Galiano, 1984, 213.

⁹⁰ Balmelle, 72d; AIEMA, 196.




Figs. 99-101
Debuxo e detalles dos cabalos

O cadro presenta unha escena cuxo tema descoñecemos, xa que tan só se conservan as figuras incompletas de, polo menos, dous cabalos. O máis completo deles conserva a cabeza, cuartos dianteiros e traseiros. Representábase marchando á dereita e no intre de alzar a pata esquerda para simular un trote repousado. O deseño da cabeza é dunha excelente calidade técnica, segundo un modelado en gama de vermellos, que sorprende

polo realismo dos detalles. Pódense apreciar con toda precisión os detalles anatómicos (boca entreaberta, ollares, ollos, orellas e crinas da fronte), así como os arneses (bridas en negro e amarelo e penacho en vermello e ocre-amarelo). O resto do corpo está tratado con gamas de vermellos e rosas, con sutís alternancias na gradación da cor para sinalar os pregamentos anatómicos da figura, denotando un tratamento eminentemente pictórico



Figs. 102-103
Cabeza do cabalo



no uso do claroscuro. Parece intuírse a existencia dun xinete, suxerida, por outra parte polo xesto forzado da cabeza, en lixeiro escorzo, ó tirar polas bridas freando ó nobre animal. Do outro cabalo apenas se debuxan as dúas patas traseiras e a cola, resoltos en gama de grises. A súa posición, marchando á esquerda e en movemento, parece adoptar o característico “galope voante”, coas catro patas levantadas do chan, que é un xesto típico da corrente oriental na musivaria romana ben perceptible na península a partir do s. III d.C.⁹¹. O fondo sobre o que se desenvolven as figuras é de teselas de cor branca dispostas en forma de escamas ou abano, característica común en certos mosaicos de

época avanzada de Hispania e outras rexións do Mediterráneo⁹².

As figuras dos cabalos puideran estar ligadas a unha escena de caza ou circo, algo que resulta difícil de determinar dado o estado fragmentario do mesmo. Obviando este feito e salvando as distancias técnicas e estéticas, a composición podería resultar comparable a algunhas escenas coñecidas en mosaicos que mostran representacións cinexéticas⁹³. Non obstante, detalles como os embeleceamentos, plumas ou palmas empenachando a cabeza son detalles propios dos cabalos circenses⁹⁴ aínda que, de forma excepcional, o atopemos tamén en cabalos formando parte de escenas de cacería⁹⁵.

⁹¹ Álvarez Martínez, 1997, 49.

⁹² Guardia Pons, 1992, 129.

⁹³ Mosaicos da vila romana da Olmeda (Palol, 1990) ou de Althiburus na África Proconsular (Dunbabin, 1978).

⁹⁴ Guardia Pons, M., 1992, 160. A este tipo de adorno, que tan frecuentemente se documenta en cabalos

representados en mosaicos do Norte de África, atribúeselle un valor profiláctico xa que aluden a figuras alegóricas de victoria que se utilizan para atraer fortuna ou boa sorte (Dunbabin, 1982, 83-84).

⁹⁵ Este é o caso dun mosaico da vila romana de Cardañajimeno (Burgos) no que se representa unha escena de cacería, cun cabalo que leva na cabeza unha palma. (López Monteagudo et alii, 1988, 26).

1.3. O mosaico de Océano.

1.3.1. Descrición e análise.

A estancia que definimos como gran sala de recepción ou *oecus* estaba pavimentada cun espléndido mosaico que abranguía a práctica totalidade da superficie da estancia, incluídos os intercolumnios, e sendo as súas dimensións de 12 m de longo por 12,40 m de ancho.

Nela, a división do espazo conséguese mediante unha columnata interior, resaltando a súa función triclinar (como sala de banquetes) mediante un pavimento de mosaico que se organiza nun conxunto de bandas e orlas decorativas que enmarcan sucesivamente un cadro figurado central, que dá idea da partición daqueles ámbitos. A zona entre columnas e a parede, dedicada a lugar de paso ou circulación do servizo, decorouse



cun pavimento ó uso, mentres que a parte interna, reservada para os comensais, decorárase cun mosaico de detención. Tendo en conta todo iso, seguiremos na descrición o seguinte esquema: corredores de circulación, intercolumnios e zona central ou emblema.

Apenas conservamos unha terceira parte deste magnífico pavimento e, aínda que a súa conservación é moi desigual, o preservado está en excelentes condicións. Unha pequena parte do mesmo, identificada coa banda decorativa de Océano (A1), foi extraída a finais do s. XIX, exhibíndose algúns dos fragmentos hoxe en día, reunidos inconexamente, no Museo Provincial de Lugo. Xunto ó mesmo, tamén podemos contemplar outro fragmento procedente do interior do inmore, recuperado por D. Manuel Vázquez Seijas en 1950. O dito fragmento correspondería a un dos corredores de circulación ou ambulacros da sala (A2).



Figs. 104-105
Vistas parciais do mosaico de Océano





Fig. 106
Debuxo do mosaico de Océano, incluíndo os fragmentos de Batitales e
identificación de paneis

A. Corredores de circulación.

Coñecemos con certeza a composición das bandas A1 e A2 e un pequeno fragmento decorativo de A3⁹⁶. Unha franxa exterior de teselas de ladrillo de 0,10 m percorre perimetricamente todas as bandas dos corredores.

A1. Banda de Océano. A composición desta banda é coñecida polos achados de 1842 e de varios debuxos da época. Consiste nunha banda de 1, 20 m de ancho na que se describe, sobre fondo branco, unha magnífica

representación da máscara do deus Océano rodeado de fauna mariña. Aparece con abundante cabaleira desordenada, boca pechada, ollos de gran expresividade coas pupilas resaltadas por matices de claroscuro en tons vermellos. Xorden das súas sens dúas orellas a modo de corniños (patas de cangrexo ?) e dous apéndices ou pinzas de crustáceo; do centro da fronte emerxen dúas antenas. Da súa barba descólganse dous peixes en dirección oposta. Flaquean a cabeza, a ambos lados, cadandeus delfíns en posición vertical e mirando cara ó mesmo lado coa cola rematada en crecente luar. Completan a escena




Fig. 107

Banda de Océano e reintegración dos fragmentos conservados

⁹⁶ Este grazas á intervención realizada por D. Francisco Hervas Raigoso no inmoible nº 13 da rúa Dr. Castro. No mesmo puidéronse localizar cadanseus fragmentos de mosaico, separados por un muro, ambos pertencentes ás estancias que estamos describindo. Un deles identificaríase co inicio de corredor do *oecus* que identificamos como A3.

unha abundante representación da fauna mariña, entre a que se recoñecen algúns peixes, un polbo, moluscos (cunchas) e ourizos de mar. Ademais aparece representada a auga en movemento dunha forma moi peculiar consistente en trazos soltos graduados e en diversos trazos curtos e paralelos rematados nun dobre apéndice (“mosca de auga” ou “flor de auga”)⁹⁷. A banda figu-



Fig. 108
Fragmento con cabeza de Océano
(Museo Provincial de Lugo)

rada aparece delimitada ó exterior por liña de rectángulos fraccionados polícromos, sen solución de continuidade, rematada á altura da soleira por motivos de florciñas con pétalos de bordos graduados en cor escura e franxa de teselas de ladrillo. A representación de Océano aparece como figura dominante, centrando a composición figurada desta

⁹⁷ Termo empregado por Balil (1971) para describir ditos trazos, que permitiu ó autor identificar a existencia dun taller musivo itinerante no noroeste.

⁹⁸ Acuña Castroviejo, F. (1973), citando entre outros exemplos: A Cigarrosa (Ourense), Panxón (Pontevedra), Parada de Outeiro (Ourense) e Braga.



Fig. 109
Fragmento con peixe
(Museo Provincial de Lugo)

banda e situándose no eixe visual que corre dende o centro da soleira da porta, separada desta por unha franxa de teselas brancas.

Do seu estudo xa se ocuparon cualificados especialistas, que souberon ver a relación deste mosaico con outros fermosos exemplos da área galaica, nos que tamén aparece representada a temática mariña, co mesmo motivo da auga⁹⁸. Precisamente neste tratamento da auga é onde A. Balil viu similitudes entre os pavimentos da *Gallaecia*, identificando por iso a presenza dun taller musivo itinerante, que estaría activo durante o século III, cubrindo o noroeste peninsular⁹⁹. En todos eles amósasenos o gusto pola representación realista da fauna mariña.

Interésanos agora subliñar o carácter simbólico destes motivos, que no caso da máscara de Océano, foi estudada con profusión¹⁰⁰. Obsérvase a reiteración da súa figura no conxunto de baños




Fig. 110
Detalle do motivo de
“mosca de auga”

⁹⁹ Balil, 1971, 262.

¹⁰⁰ Con abundantes referencias en Guardia Pons, 1992, 298-310; Díez del Corral Corredoira, 2004, 35-56.

domésticos e públicos ou ben nas piscinas, aínda que tampouco resulta estraño noutras habitacións de luxo (*triclinia, oeci* ...). Ó respecto, a máscara do deus Océano adquiriría un carácter apotropaico, como figura da abundancia ou divindade local protectora¹⁰¹. Neste sentido, a súa situación en fronte da entrada á sala do *oecus* parece perfectamente adecuada ó sentido mencionado. Pero, á marxe das connotacións profilácticas ou de riqueza, de acordo coa crenza en que o peixe preservaba a vivenda de influencias nefastas e era símbolo de abundancia,¹⁰² e á marxe do valor puramente ornamental que poden ter moitas destas representacións, enténdese tamén a oportunidade decorativa destes temas que, en determinados ambientes, poden cumprir a función de recordo e prolongación do luxo da mesa.

A2. Banda de círculos secantes. Composición ortogonal de círculos secantes (deixando entrever cuadripétalos e formando cadrados cóncavos) con teselas nos puntos de tanxencia¹⁰³. Os cuadripétalos teñen un raiado en espiña, polícromo nos fusos, e os cadrados cóncavos inclúen unha florciña con pétalos de bordos graduados en cruz complexa. A composición aparece delimitada por unha liña de rectángulos fraccionados e polícromos¹⁰⁴ na súa confluencia co espazo dos intercolumnios. No exterior da banda, liña de tres teselas grises e o bordo teselado en

ladrillo. Toda a banda decorativa esténdese nun ancho de 1,37 m.



Fig. 111
Banda de círculos secantes

Esta composición de esquema xeométrico posúe unha longa e persistente presenza no mosaico romano dende época republicana ata o Baixo Imperio. Nas súas diferentes variantes este motivo decorativo aparece frecuentemente en pavimentos que decoran corredores.



Fig. 112
Cuadripétalos e florciña en cruz complexa

A3. Pese ó pouco que sabemos desta composición, coñecemos, polo menos, a existencia dun motivo de liña de espiñas rectilí-

¹⁰¹ Sobre o valor apotropaico da máscara de Océano, Foucher, 1963, 151 ss.

¹⁰² Guardia Pons, 1992, 231.

¹⁰³ Balmelle, 238f, 239d; AIEMA, 437.

¹⁰⁴ AIEMA, 169.


neas curtas en oposición de cores¹⁰⁵ acompañada de dúas florciñas con pétalos de perfís graduados. Cremos que o resto da composición sería de desenvolvemento continuo, probablemente de carácter xeométrico, como é común a estas zonas de paso.

B. Intercolumnios.

Coñecemos a composición de, polo menos, tres dos rectángulos que decoraban os espazos dos intercolumnios. Os motivos B1 e B3 identificámoslos a través dos espléndidos debuxos do “mosaico de Batitales”, un dos cales (B1) puidemos corroborar en escavación, xuntamente co pertencente a B3. Comparativamente, B2 e B3 son practicamente iguais, coa excepción dalgúns detalles na composición do rombo inscrito¹⁰⁶. Non coñecendo outras composicións, temos que imaxinar que os ditos motivos se dispoñerían de forma alternativa entre os diferentes intercolumnios que configuran a sala.

B1. Panel trenzado. Rectángulo de 1,68 m por 1,17 m, reberetado cun filete negro exterior e orla de meandro ou greca fraccionada con fraccións biseladas adentadas, imbri-

cadadas, polícromas¹⁰⁷ e filete denticulado. No interior desenvólvese un brillante trenzado polícromo¹⁰⁸, con filete negro e tons vermellos, ocres, grises e brancos.



Figs. 113-114
Panel con trenzado polícromo

Este é un motivo relativamente frecuente en todas as épocas. Como composición de superficie, aparece na vila de Cardeñajimeno (Burgos), de fins do século IV d.C.¹⁰⁹. Achamos outros paralelos en Hispania nos mosaicos da vila romana de Liédana (Navarra)¹¹⁰ e da vila de Bazalote (Albacete)¹¹¹ cunha cronoloxía tamén no século IV d.C.

¹⁰⁵ Balmelle, 11d; AIEMA, 159.

¹⁰⁶ Puidera tamén tratarse dun erro na interpretación do debuxo por parte dos autores dos mesmos. Erros que puidemos apreciar noutras zonas dos debuxos, como na propia escena de Océano ou na decoración dos plintos das columnas.

¹⁰⁷ Balmelle, 32j, AIEMA, 247.

¹⁰⁸ Balmelle, 140 e.

¹⁰⁹ López Monteagudo et alii, 1998, 20, láms. 6 e 34.

¹¹⁰ Blázquez, Mezquíriz, 1985, nº 26, lám. 31.

¹¹¹ Blázquez, López Monteagudo et alii, 1989, nº 30, fig. 7, láms. 11 -12.

B2. Panel con rombo inscrito. Rectángulo de 2,09 m por 1,17 m reberetado cun filete negro exterior e, ó interior, orla de meandro ou greca fraccionada polícroma con fraccións biseladas adentadas, imbricadas e filete denticulado. Dentro, inscríbese un rombo con peltas verticais de volutas evolucionadas, afrontadas a cada lado¹¹². No interior do rombo inscríbense outros formados por unha trenza de dous cabos e un liso que encerra un lazo de seis bucles.



Figs. 115-116

Panel con rombos inscrito (mosaico de Batitales)



B3. Panel con rombo inscrito. Rectángulo de 1,41 m por 0,87 m, reberetado cun filete negro exterior e, ó interior, orla de meandro ou greca fraccionada con fraccións biseladas adentadas, imbricadas, polícromas. Dentro, sobre fondo escuro, inscríbese un rombo con



Fig. 117

Panel con rombo inscrito encerrando un nó de Salomón

peltas verticais, con volutas evolucionadas e roleos, enfrontados a cada lado. No interior do rombo inscríbense outros formados por unha orla de meandro ou greca fraccionada polícroma, con fraccións biseladas adentadas, imbricadas, e por un filete denticulado, que encerra no seu interior un nó de Salomón polícromo.

O tema dos rombos entre peltas é unha composición moi frecuente na musivaria romana¹¹³. Unha composición similar, con variedade nos motivos, podemos atopala nun mosaico de Córdoba¹¹⁴, da segunda metade do s. IV, formando parte dunha banda decorativa. Por outra parte, a súa composición tamén pode relacionarse coas imitacións de *crustae* marmóreas en mosaico¹¹⁵.



Fig. 118
Detalle do nó
de Salomón

¹¹² Balmelle, 59b.

¹¹³ Blanco, 1978, lám. 24B.

¹¹⁴ Blázquez, 1981, lám. 22.

¹¹⁵ Abad Casal, 1977-78, 204.

A falta doutros elementos, a composición dos intercolumnios completárase coa decoración dos cadrados en que se inscriben as bases. Aínda que advertimos algúns matices diferenciadores entre certos motivos, o esquema básico para todos eles é o seguinte: un cadrado reberetado por un filete negro, no interior do cal, e sobre fondo gris, se dispón unha serie de floróns e medio floróns afrontados nas esquinas. Unha dobre fila de teselas de ladrillo de dous cms bordea a base.



Fig. 119
Decoración
dos cadrados
das bases

C. Zona central.

Esta é a zona menos coñecida, por canto apenas se conservan fragmentos da decoración das bandas C1 e de C2, esta última a máis completa. Descoñecemos totalmente a escena figurada do cadro central xa que se desenvolve baixo os inmobles da rúa situados ó sur. Do mesmo tan só podemos reconstruír as orlas que configuran o marco de encadramento.

Tendo en conta que se trata, aparentemente, dun esquema simétrico, as súas dimensións deberon ser de 6,60 m de longo

por 7,90 m de ancho. O esquema da composición parece adoptar unha disposición en U + T¹¹⁶ característica dos triclinios.



Fig. 120

Orlas de enmarque: greca fraccionada, trenza de dous cabos e onda con fondo degradado

O cuadrilado das bandas e as súas interseccións decórase cunha orla de trenza de dous cabos, polícroma, que reberetea o campo particular de cada banda decorativa, sendo este un dos motivos xeométricos máis empregados polos musivarios romanos.

C1. Banda figurada con motivos vexetais e animais, de 7,80 m de longo por 1,20 m de ancho. Componse dunha orla de onda con fondo en degradado horizontal polícromo¹¹⁷. Dentro, campo figurado con motivos vexetais de grilandas de follas de acanto e diversas figuras de animais, entre as que se observa un bóvido (touro?) e un león, situados, ben fóra ou dentro dun roleo de acanto. Cremos que tamén pertencerían a esta faixa os fragmentos desaparecidos no momento do achado deste mosaico en 1842, cuxa decoración consistía en “*un esvelto y elegante ciervo saliendo a la carrera de una hoja de acanto*”, do cal tamén se podía ver “*la parte anterior de un tigre en acción de saltar sobre una hoja de*

¹¹⁶ AIEMA, 561.

¹¹⁷ Balmelle, 60e; AIEMA, 217.




Fig. 121

Banda figurada con motivos vexetais e animais

*acanto*¹¹⁸. O deseño das follas de acanto realízase con teselas de 1 cm, mentres que as figuras do león e o touro están feitas con pequenas teselas de menos de 50 cm. As follas de acanto, perfiladas cun reberete negro, foron executadas con gran naturalismo e plasticidade, reflectindo a carnosidade das formas vexetais, de perfís redondeados. Para iso recorreuse a unha paleta con gradacións de cor, en gama de vermellos, grises e cremas. As follas rematan cuns “zarcillos” en cuxos extremos se representan abrochos, ou ben varias liñas paralelas, algo curvadas,

rematadas nun dobre apéndice perpendicular igual que o utilizado noutros mosaicos para simular o movemento vexetal. Chama a atención a semellanza deste motivo co empregado na franxa de Océano para representar o movemento da auga.

O león aparece de medio corpo, en posición frontal e dentro dun roleo de acanto. Toda a figura está perfilada cunha liña de teselas en azul escuro. Resulta pouco usual a posición frontal da fera, mirando ó espectador, xa que normalmente se representan de perfil ou en forzados escorzos. Por iso, encontramos



Figs. 122-123

Banda con motivos vexetais e figura de bóvido



¹¹⁸ Vide supra nota 11.



Figs. 124-126
Banda con motivos vexetais e
figura de león



poucos paralelos a esta actitude. Iso significa, sen dúbida, un alarde de virtuosismo técnico por parte do artista, bo coñecedor da fisionomía do animal. A pesar das súas exiguas dimensións, as súas faccións están conseguidas con gran realismo, tanto na composición do seu rostro como nas guedellas da súa gran melena, que cobren practicamente todo o corpo, executadas en cor ocre-amarela. A expresión do seu rostro, pausado e tranquilo, denota a serenidade dos seus instintos salvaxes. A figura do bóvido está representada de corpo enteiro, en posición de parada, coa cabeza agachada e o rabo en escorzo. Na súa composición emprégase unha gama de vermellos, cuxas gradacións e claroscuros

resaltan a anatomía do animal. Ambas figuras dispóñense en sentido diverso, e por iso cremos que o resto das figuras de animais que compoñerían o cadro se colocan de igual maneira ó longo da escena, polo que non existiría unha única dirección de lectura.

A composición de prótomos (cabezas de animais) ou figuras enteiras de animais, acompañados de grilandas de follas de acanto, como elementos ornamentais de bandas e orlas, non son descoñecidas na musivaria hispano-romana, segundo podemos apreciar no mosaico da vila romana de Dueñas (Palencia)¹¹⁹ datado a mediados do s. IV; Hellín (Albacete)¹²⁰, na primeira metade do s. III d.C., ou na vila de Cardeñajimeno

¹¹⁹ Palol, 1963.

¹²⁰ Ramallo Asensio, Jordan Montes, 1985, figs. 57-64.

(Burgos)¹²¹, de finais do s. IV. Trátase de motivos decorativos ben testemuñados en pavimentos de varias rexións do Imperio cunha ampla cronoloxía, como nos mosaicos do Norte de Africa¹²² ou Siria¹²³. Adoita tratarse de representacións de feras do anfiteatro, que poden acompañar escenas dionisíacas, de caza, etc.

C2. Composición florida en cuadrículado de círculos e de fusos dentados tanxentes, os círculos flanqueados de oxivas, deixando entrever cruces fusiformes e os intervalos en cruces de Malta recargadas cun octógono curvilíneo inscrito¹²⁴. O esquema dos círculos é o seguinte: sobre fondo branco listel circular

denticulado en cor escura. No centro da circunferencia un motivo floral consistente nun florón de catro pétalos e pistilos, polícromo, alternando en cor. Flanqueando o círculo, catro oxivas polícromas, en alternancia de cores formadas con motivos de medios acantos con reflexos brancos. Nos octógonos curvilíneos, sobre fondo branco, inscríbese outro octógono curvilíneo denticulado. No centro, nó de Salomón polícromo, sobre fondo escuro; os octógonos acantoados por catro peltas bícromas con volutas evolucionadas. Con relación ós fusos, o motivo que se inscribe neles é sempre o mesmo: sobre fondo escuro, floróns longuiformes (ζ) en cor clara.



Figs. 127-128
Composición florida. Círculo con motivo floral e octógono curvilíneo



Figs. 129-130
Composición florida. Motivos de fuso dentado e oxiva con medio acanto

¹²¹ Mosaico de Atalante e Meleagro (López Monteagudo et alii, 1998).

¹²² Casa da Procesión Dionisíaca, en Thysdrus, de mediados do século II d.C. (Foucher, 1963).

¹²³ Museo de Souweida, proveniente de Shahba-Philippolis, de med. do século III d.C. (Balty, 1977, 24-25).

¹²⁴ Balmelle, 151f.



Figs. 131-132
Fragmento e debuxo da composición florida

Trátase dunha composición que obedece a un estrito esquema xeométrico no que se utilizan motivos vexetais variados e que debemos relacionar coa serie de mosaicos florais de Timgad (Argelia), onde atopamos a mesma composición¹²⁵. Os ditos mosaicos caracterízanse polo uso recorrente das follas de medio acanto (ou “copa de abeto”), a partir do cal se realizan a maioría das composicións florais que atopamos en Timgad e que ó parecer pertencen a un mesmo taller de principios do século III d.C. probablemente¹²⁶.



Fig. 133
Detalle da composición florida

D. Emblema.

Do mesmo tan só coñecemos a composición da orla que delimita o cadro central. O marco componse de: par de liñas de postas enfrontadas con enrolado sinxelo¹²⁷, en medio das cales se dispón unha trenza de catro cabos, polícroma, sobre fondo escuro.



Figs. 134
Detalle da orla do emblema

No interior, apenas se intúe un fragmento de motivo figurado en *opus vermiculatum* (?).

Adoita ser habitual encontrar este tipo de composición, con liñas de postas enfrontadas, ben soas ou en combinación, alternando con outros motivos, como enmarque dos cadros centrais.

Na esquina do marco obsérvase unha pequena reparación do pavimento consistente nun morteiro de *signinum* (de ladrillo)¹²⁸.



Figs. 135
Reparación do mosaico na zona do emblema

¹²⁵ Germain, 1969, 82, fig. 103.

¹²⁶ Germain, 1969, 85.

¹²⁷ Balmelle, 101b.

¹²⁸ Similar procedemento atopámolo nun mosaico da rúa Holguín (Mérida) (Álvarez Martínez, 1990, 82-83).

2. A decoración pictórica.

O conxunto pictórico procedente desta zona da Casa de Océano, constitúe un dos máis completos achados ata a data en *Lucus Augusti*. A maioría dos fragmentos e grandes paneis de pintura recuperados proceden das estancias nº 2, 3, 4 e 5, formando parte dun potente derrubamento acontecido probablemente no momento de abandono da casa, xa que moitos dos fragmentos aparecen asociados a restos de muros. Pero tamén son varios os exemplos de conservación *in situ*, en maior ou menor medida, adheridos ó muro que revestían.



Fig. 136

Derrubamento de pintura asociada a muros

O gran número de fragmentos e a importancia do conxunto requirían un minucioso labor de consolidación e restauración, que comprendería toda unha serie de accións co obxecto de evitar a desaparición das pinturas



Figs. 137-138

Consolidación de pinturas *in situ* e traballos de restauración en laboratorio



conservadas *in situ* e garantir a súa conservación, rescatar o maior número posible de fragmentos e, finalmente, poder restituír a decoración parietal dalgúns muros. Estes traballos foron levados a cabo pola empresa *Tomos*, cuxo labor resultou imprescindible de cara á recuperación e mellor coñecemento de todo o conxunto¹²⁹.

2.1. Características técnicas.

O soporte sobre o cal se realizan as pinturas é sempre o mesmo, é dicir, un muro de cachotería de lousa, ben ligada con

¹²⁹ Os traballos levados a cabo pola empresa TomoS, S.L. foron financiados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O resultado dos mesmos recóllese nunha minuciosa e voluminosa Memoria depositada nos Servizos Técnicos de Patrimonio (Benavides


García, 2002), da cal podemos extraer gran parte dos datos relativos ós aspectos técnicos máis sobresaíntes das pinturas, así como as ilustracións que acompañan estas liñas.

morteiro de cal ou arxila. Moitos dos fragmentos recuperados conservan as pegadas do muro no seu morteiro, delatando o contacto directo e sen outro tipo de ligazón.

Na composición dos morteiros obsérvase que a técnica utilizada é a habitual nesta zona, cal e area en distinta proporción, engadíndolle excepcionalmente fragmentos de ladrillo ou dunha pintura anterior¹³⁰. O número de capas de preparación oscila normalmente entre dúas ou catro capas, documentándose incluso seis e variando tamén a espesura das mesmas, entre os 15 mm das máis delgadas e os 80 mm dos fragmentos máis grosos.

En canto ós procedementos pictóricos, a descrición da técnica e pigmentos empregados nestas pinturas baséase unicamente nunha análise visual¹³¹. Non estamos, polo tanto, en condicións de asegurar cál foi a técnica empregada en cada caso; a simple vista aprécianse técnicas mixtas onde se

conxuga a aplicación dalgunhas cores de base *a fresco* e os motivos decorativos *a secco* (por exemplo, nos motivos decorativos vexetais das flores). A técnica do *fresco* caracterízase pola aplicación sobre o lucido húmido das cores disoltas en auga, producíndose así un proceso químico xa que o anhídrido carbónico do aire en contacto co cal do lucido reacciona formando unha película de carbonato cálcico que é a que garante a conservación das cores e a adherencia ó soporte. Na pintura *a secco* (témpera), as cores dilúense nun aglutinante orgánico: cal, colas vexetais ou animais. A simple vista, diferénciase da técnica *a fresco* porque a policromía presenta certo corpo de relevo sobre o fondo¹³². O modo de aplicación é a pincel e obsérvase o número de mans apreciable a simple vista; tamén se observan decoracións onde a pintura foi aplicada mediante salpicaduras (motivos de “notas” ou gotas de pintura).



Figs. 139-141

Detalle de pintura *a secco* (1), salpicaduras (2) e “repintes” (3)
(Tomos)

¹³⁰ Os fragmentos de ladrillo poderían utilizarse para mellorar a “hidraulicidade” do morteiro ou para asegurar a adherencia do mesmo, segundo se ten testemuñado nalgúns casos (Barbet, Allag, 1972, 957).

¹³¹ Benavides García, 2002, 13-18.

¹³² Adam, 1996, 240.

A paleta de cores é reducida, predominando as cores brancas, azuis, amarelas, vermellas, verdes, negras e pardas¹³³. Trátase dunha gama de cores limitada, pero con detalles e matices que revelan certa maestría no pintor ou pintores, sempre con pigmentos minerais e nalgún caso con pigmentos que só se poden utilizar na técnica *a secco*. As cores consideradas onerosas ou máis caras¹³⁴ non parecen terse utilizado na execución das pinturas da casa.


Nalgún caso constátase a existencia de “repintes” ou unha dobre policromía, coa súa propia capa de preparación. Nestes casos non se observan pegadas de piqueteado sobre as capas inferiores, algo habitual cando se trataba de realizar reformas na nova decoración da estancia xa que se evitaba destruír o antigo morteiro para permitir novas capas e, polo tanto, unha boa ligazón¹³⁵. Obsérvase a existencia desta redecoración nalgúns fragmentos soltos, así como en pinturas que se

atopan na parede. Así, as pinturas do zócolo da parede que cerra os intercolumnios do peristilo mostran os restos dunha segunda pintura, que parece de cor branca e ocre.

Os labores de restauración tamén revelaron a existencia de trazos preparatorios que, executados antes de aplicar a cor, marcaban o bosquejo previo, facilitando o labor do pintor. Son numerosos os testemuños de debuxo preparatorio nos restos da pintura mural que nos ocupa. Os trazos utilizados son os seguintes¹³⁶:

- Marcas de corda ou cordadas: realizadas impactando unha corda tensada sobre o morteiro, polo xeral impregnada de pigmento ocre,¹³⁷ aínda que resulta dificultoso apreciar esta última circunstancia.

- Liñas pintadas a pincel: utilízanse para dividir verticalmente a parede, nas zonas media e alta, situando os paneis dentro da composición.



Figs. 142-144

Debuxo preparatorio con cordada, liña pintada a pincel e incisión (Tomos)

¹³³ Vitrubio e Plinio describen o emprego de 24 e 35 pigmentos diferentes respectivamente.

¹³⁴ Plinio (NH, XXXIII, 7) sitúa entre eles: "minium, armenium, cinnabaris, chrysocolla, indicum, purpurissum". Sirva como exemplo o prezo do minium, que segundo Plinio, custaba entre 175 e 280 ases a libra.

¹³⁵ Fernández Díaz, 1999, 60.

¹³⁶ Benavides García, 2002, 20.

¹³⁷ Barbet, Allag, 1972, 985.

Tablas de pigmentos de Vitrubio y Plinio, identificación de los mismos por Augusti y Béarat y comparación hipotética de los pigmentos utilizados en las pinturas de Doctor Castro					
	Vitrubio	Plinio	Augusti	Béarat	Pinturas D.C.
blanco	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Paraetonium</i> ▪ <i>Melinum</i> ▪ <i>Cerussa</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Paraetonium</i> ▪ <i>Melinum</i> ▪ <i>Cerussa</i> ▪ <i>Eretria</i> ▪ <i>Creta anulare</i> ▪ <i>Creta argentaria</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Paraetonium</i> ▪ <i>Creta calcarea, melinum, selinusia</i> ▪ <i>Creta silicea, eretria, cimolia</i> ▪ <i>Creta argentaria, diatomita</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcita ▪ Aragonita ▪ Creta ▪ Dolomita ▪ Creta anular ▪ Cerusita ▪ Diatomita 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Blanco de cal (calcita)
azul	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Caeruleum</i> ▪ <i>Indicum</i> ▪ <i>Armenium</i> ▪ <i>Indicum falsificado</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Caeruleum</i> ▪ <i>Indicum</i> ▪ <i>Armenium</i> ▪ <i>Indicum fals</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Azurita ▪ Lapis lazuli ▪ Indigo ▪ Azul egipcio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Azul egipcio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Azul egipcio
amarillo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Ocra, sil</i> ▪ <i>Auripigmentum</i> ▪ <i>Sil falsificado</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Ocra, sil</i> ▪ <i>Auripigmentum</i> ▪ <i>Sil fals</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ocre: sil antiguo ▪ Ocre oscuro ▪ Tierra de sombra ▪ Creta arcillosa ▪ Espuma de plata (PbO) ▪ Oropimente 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ocre amarillo ▪ Ocre oscuro ▪ Creta arcillosa (marga) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ocre amarillo ▪ Siena
negro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Atramentum</i> (hollín, carbón de madera, heces de vino tostado) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Atramentum</i> (hollín, carbón de madera, heces de vino tostado) ▪ 2 Negros de origen mineral ▪ Negro de huesos ▪ <i>elephantinum</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Atramentum</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hollín ▪ Carbón de Madera ▪ Carbón de huesos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Negro de humo (carbón de madera),
rojo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Rubrica</i> ▪ <i>Sandaraca</i> ▪ <i>Minium</i> ▪ <i>Sandaraca</i> artificial 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Rubrica</i> ▪ <i>Sinopsis</i> ▪ <i>Ocra</i> artificial ▪ <i>Sandaraca</i> ▪ <i>Minium</i> ▪ <i>Sandyx</i> ▪ <i>Syricum</i> ▪ <i>Sandaraca</i> artificial ▪ <i>Sandaraca</i> falsa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Sinopsis</i> ▪ <i>Rubrica</i> ▪ <i>Usta</i> ▪ <i>Cinabrio</i> ▪ <i>Rejalgar</i> ▪ <i>Sandyx</i> o <i>Syricum</i> (<i>minium</i>+<i>rubrica</i> o <i>sinopsis</i>) ▪ <i>Spuma argenti</i> (PbO) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hematites bien cristalizada ▪ Hematites mal cristalizada ▪ Ocre amarillo tostado ▪ Ocre oscuro tostado ▪ Cinabrio ▪ Minio ▪ Minio + ocre rojo ▪ Hidroxipiromorfita + ocre rojo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ocre rojo ▪ tierra roja
verde	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Aeuruca</i> ▪ <i>Chrysocolla</i> ▪ <i>Creta viridis</i> ▪ <i>Crhysocolla</i> falsificada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Aeuruca</i> ▪ <i>Chrysocolla</i> ▪ <i>Appianum</i> (tierra verde) ▪ <i>Crhysocolla</i> falsificada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tierra verde ▪ Malaquita ▪ Cardenillo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Caledonita ▪ Glauconita ▪ Clorita ▪ Malaquita ▪ Cardenillo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tierra verde
violeta	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Usta</i> ▪ <i>Ostrum</i> ▪ <i>Ostrum</i> falsificado 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Usta</i> ▪ <i>Purpurissum</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Púrpura oscuro: diatomita teñida ▪ Púrpura claro: dilución de creta calcárea 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hematites 	

Fig. 145

Táboa comparativa de pigmentos (segundo Benavides García, R. (2002))



Figs. 146-147

Debuxo preparatorio con liñas incisas e compás de punta seca (Tomos)

- Liñas incisas: realizadas con calquera obxecto punzante en madeira, bronce, óso, etc. e mediante o uso dun “tendel” ou regra, polo menos para situar os eixes e divisións das paredes¹³⁸. Os motivos circulares están realizados a compás de punta seca e marcan a situación dos elementos circulares da composición (por exemplo, o motivo floreado do intradorso da porta de acceso ó patio norte). Este é un dos sistemas máis utilizados á hora de deseñar a decoración sobre o morteiro fresco¹³⁹.

2.2. Esquemas compositivos e repertorio ornamental.

O elevado número de fragmentos de pintura apenas permitiu a reconstrución dalgúns paneis, dificultando a interpretación dos esquemas compositivos utilizados na decoración das diferentes estancias. Non obstante, cremos advertir unha composición

de esquemas onde predominaría o sistema tripartito clásico composto por zócolo, zona media e zona alta. A maioría dos paneis recuperados asócianse ós zócolos da parede, dos cales conservamos algún exemplo *in situ*.

A continuación pasaremos a describir algunhas das pezas máis significativas, para o cal recorreremos á súa identificación por estancias, tendo en conta ó lugar que ocupan na parede.

A. Estancia 2.

A dita habitación, identificada cunha estancia de paso correspondente a un corredor, presenta apenas restos de pintura *in situ*, identificada co rodapé do zócolo. As pezas máis significativas procedentes deste ámbito foron identificadas a partir da recuperación de dúas placas de gran tamaño correspondentes a un afundimento localizado *in situ*, coas que se pode realizar unha segura restitución decorativa e a súa conseguinte restau-

¹³⁸ Adam, 1996, 240.

¹³⁹ Barbet, Allag, 1972, 984-985.

ración. Identifícanse, respectivamente, coa zona inferior ou zócolo e a parte media da parede occidental da estancia. Xunto a eles, un número indeterminado de fragmentos, onde se observa unha certa variedade de motivos.

A.1. Zócolo: imitación de mármore e *crustae* marmóreas.

Os vestixios de pintura procedentes desta estancia permítenos estudar a parte inferior do muro, cun rodapé de cor vermella; sobre el, e separado por unha banda negra seguida dun filete de cor “siena” tostada, sitúase o zócolo propiamente dito compartimentado en rectángulos que presentan alternativamente no seu interior rombos decorados con imitacións de mármore. A súa composición é como segue: un compartimento rectangular con vetas de cor ocre vermella sobre fondo

amarelo, comprendido entre dous listeis planos, no cal se inscribe un rombo con fondo branco leitoso. A ambos lados deste desenvólvense trazos serpentiformes alternando con núcleos ovoides en cor ocre vermella (terra vermella), sobre un fondo verde a modo de vetas marmóreas. A parte superior do mesmo está separado da zona media da parede por unha banda de cor clara comprendida entre dous filetes de cor ocre-vermella. Deste modo temos a altura completa do zócolo, de aproximadamente 0,85 m, á cal cabería engadir os 0,20/0,30 m que intuimos correspondentes ó rodapé.

Na parte superior do mesmo consérvanse restos dun grafito realizado cun instrumento duro, de punta moi fina, sobre a película pictórica. As letras foron gravadas mediante incisión e a súa lectura é de difícil interpretación.

Outros fragmentos, relacionados coa mesma composición, localizáronse noutras zonas do mesmo ámbito.



Figs. 148-150
Fragmento de zócolo
con decoración de
crustae marmóreas.
Detalle grafito (Tomos)



Estilisticamente, a decoración do zócolo pode relacionarse coa corrente xeral de sistemas decorativos que presentan imitación de mármore e de *crustae* marmóreas. Atendendo á distinción dos diferentes tipos de zócolos de inscrustación marmórea, realizada polo profesor Abad Casal¹⁴⁰, esta pintura entraría dentro do denominado Grupo I, que se caracteriza por presentar secuencias de paneis de iguais dimensións, ou alternancia de paneis anchos e estreitos con figuras xeométricas inscritas. Cronoloxicamente esténdense, sen solución de continuidade, dende o século I a.C. ata o século VI d.C.¹⁴¹, aínda que o seu máximo desenvolvemento parece producirse entre os séculos III-IV d.C. se atendemos ós exemplos procedentes de Mérida (Casa do Anfiteatro), onde atopamos unha gran similitude coas nosas pinturas¹⁴².




Fig. 151

Reconstrución hipotética do zócolo con imitación de *crustae* marmóreas (Tomos)

A.2. Zona media: alternancia de paneis anchos e estreitos.

En relación co anterior, e pertencente á mesma parede, podemos reconstruír un gran panel que, xunto a varios fragmentos máis, parecen corresponder á decoración da zona media da parede. A súa situación viría determinada pola posición de caída, xa que se trata dun derrubamento *in situ*.

Na súa composición advírtese a alternancia de paneis anchos en gama de cor vermella e estreitos con trazos ocres-amarelo en zigzag sobre fondo branco separados dos primeiros por filetes ocres e negros.



Fig. 152

Panel correspondente á zona media da parede (Tomos)

¹⁴⁰ Abad Casal, 1977-78, 189-208.

¹⁴¹ Segundo testemuñan os exemplos da vila dos Misterios de Pompeia ou da Casa da Caza Antiga (Barbet, 1985, fig. 21 e 141).

¹⁴² Abad Casal, 1977-1978, 194 -195, figs. 2 a 7.




Fig. 153
Reconstrucción hipotética
das pinturas da estancia 2

A pobreza ornamental e a súa irregular conservación, dificultando a lectura dos motivos da composición, fai moi difícil calquera estudo estilístico.

Encontramos un grafito inciso nun dos paneis anchos, consistente en catro X superpostas dúas a dúas. Esta sucesión repetitiva do numeral X podería obedecer a un rexistro de contabilidade ou simplemente dun xogo, no que o X carece do seu auténtico valor numeral dez, para converterse na representación dunha unidade, tal e como sucede en Bilbilis (Zaragoza), onde atopamos un exemplo semellante¹⁴³.

B. Estancia 3.

Este cuarto identifícase cunha estancia que actuaría de recibidor ou distribuidor, servindo de antesala do *oecus*. Nela podemos

contemplar un dos mellores conxuntos de pintura *in situ*, correspondente ó zócolo da estancia, que responde a un esquema con imitación de mármore, que cremos que se

repetiría en todo o ámbito da mesma. Descoñecemos o esquema compositivo da zona media xa que non posuímos suficientes exemplos para deducir a súa composición. Así mesmo, nesta estancia recolléronse os únicos exemplos de estuco ornamental atopados na casa. Poderíanse relacionar con cornixas ou molduras para enmarque de portas e, incluso, con apliques na decoración parietal.

B.1. Zócolo: imitación de placas marmóreas.

Consérvase unha parte desta decoración pictórica nos muros occidental e oriental da estancia. Este último presenta unha composición sobre fondo branco ou xaspeado en gris, na que se debuxan meandros rectos continuos que se cortan formando esvásticas, en

¹⁴³ Guiral, Martín Bueno, 1996, 253, fig. 130.



Fig. 154
Zócolo con imitación de placas mármoreas

cor vermella pompeiana e azul escura, fileteados en negro. Os recadros de fondo branco reénchense con liñas oblicuas en gris. Toda a composición aparece salpicada por finas gotas de pintura branca.

Deste modo, o deseño dá a impresión dunha composición de pezas de mármore cortadas e ensambladas formando placas



Fig. 155
Detalle do zócolo con imitación de placas mármoreas

rectangulares, que recorda, en certa maneira, ós revestimentos en *opus sectile*. Neste sentido, a composición pode relacionarse coas imitacións de inscrustacións ou *crustae* marmóreas, aínda que dun tipo moi simple xa que a simulación do mármore se fixo a base de trazos oblicuos imitando vetas.

Decoracións deste tipo non son moi frecuentes entre as imitacións de mármore ou *crustae* marmóreas¹⁴⁴. Os paralelos máis próximos atopámoslos entre a decoración da cúpula de Centcelles (Tarragona), cunha datación do século IV d.C.¹⁴⁵

Consérvanse, así mesmo, as pinturas que decoran o intradorso da gran soleira de acceso á sala consistente en bandas en diagonal de límites difusos, de cor ocre-amarela, azul clara e negra.

B.2. Estucos ornamentais.

Tamén se atoparon numerosos fragmentos de estucos decorativos¹⁴⁶, que presentan unha ampla variedade de molduras. O estado fragmentario dos materiais impídenos coñecer datos de gran interese para o seu estudo. Presumiblemente poderíanse relacionar con cornixas, encadramentos de portas ou ventás ou decoracións arquitectónicas (columnas, pilastras, etc...). Ningún deles ten decoración de relevos repetitivos.

¹⁴⁴ Os motivos de liñas de meandros de esvásticas contiguas é un motivo recorrente na decoración de orlas e grecas de mosaicos (AIEMA, 34-35).

¹⁴⁵ Tarrats, 1993.

¹⁴⁶ Désígnanse por estucos todas as decoracións en relevo realizadas con morteiro (Adam, 1996, 243).



Figs. 156-158

Fragmentos de estucos ornamentais (Tomos)

Na súa composición advértense varias capas de morteiro, cuxo grosor varía entre os 50 e 120 mm. A capa máis grosa realizábase con morteiro de area ou ladrillo e nela advértense as estrías para facilitar a adhesión das capas superficiais. Estas realízanse cun morteiro máis fino de cal e po de mármore ou de pedras calcarias brancas, e nela módelanse as acanaladuras ou superficies lisas. En ningún dos fragmentos se observan indicios do sistema de suxeición¹⁴⁷. A existencia de fragmentos de pintura unidos aínda ás molduras de estuco permítenos coñecer a actividade conxunta de pintores e estucadores, e así observamos que a parede foi pintada antes de aplicar a última capa de estuco. Diso pódese deducir que pintores e estucadores traballaban no mesmo equipo, e incluso poderían ser os mesmos.

Os fragmentos que contan, polo menos, con tres acanaladuras, de arestas redondeadas, poderían pertencer a elementos arquitectónicos, tipo pilastras, ou para enmarcar

portas e ventás, como parecen suxerir algúns fragmentos curvos e outros biselados.

Varios fragmentos presentan superficies curvas, lisas, que poderían corresponder a columnas arrimadas á parede.

C. Estancia 4.

Na gran sala de recepción ou *oecus*, tan só contamos co testemuño de dous cachos de parede, que conservan parte da súa decoración pintada *in situ*, correspondente ó zócolo da mesma.

En ambos casos trátase do mesmo esquema compositivo, que consiste nunha sucesión de paneis non moi anchos (47 cm) separados por filetes verticais en negro, que reproducen imitacións de placas ou lastras marmóreas simples. Presentan fondo branco, xaspeado en gris, sen que sexa posible identificar o tipo de mármore concreto que se

¹⁴⁷ A fixación ó muro realizábase, segundo a importancia do relevo, con cravos de lonxitude diferente ou con caravillas de madeira máis ou menos grosas,

profundamente fundidas na cachotería (Adam, 1996, 245).



Fig. 159
Fragmento correspondente ó zócolo da estancia 4 (Tomos)

pretendeu imitar, se ben está claro que se trata dunha variedade sen vetas moi marcadas.

D. Estancia 5.

Na zona correspondente ó peristilo, contamos cun elevado número de fragmentos de pintura mural, concentrados nun gran derrubamento localizado na coxía leste do



Fig. 160

Fragmento de zócolo *in situ* pertencente ó muro do patio

patio. Unha parte do mesmo consistía en fragmentos de parede que aínda conservaba o seu revestimento pictórico. A súa situación e estudo facilitou a restitución na parede dunha parte do mesmo. Ó mesmo tempo, algúns dos muros do patio, conservan, a nivel de zócolo, restos de pintura *in situ*.

D.1. Zócolos: imitacións de mármores.

Os muros con restos de zócolo pintado identifícanse co muro de peche dos intercolumnios (por ambas caras), na coxía leste, e o muro de peche que separa a gran sala de recepción (*oecus*) do patio norte. En ambos atopamos o mesmo esquema compositivo consistente nunha compartimentación por medio de paneis ou placas separadas por filetes negros, nas que se reproduce unha imitación de mármore a base de liñas diagonais paralelas de cor gris azulada sobre fondo branco ou grisáceo. Alternando coas ditas liñas, e incluso intercalados entre as mesmas, aparecen tamén trazos en cor negra formando unha especie de óvalos ou formas ovoideas, que fan pensar nunha imitación de brechas ou outro tipo de mármore como o “brocatel”¹⁴⁸.

Estilisticamente, a decoración do zócolo con paneis sucesivos imitando mármores veteados a base de filetes ou trazos diagonais, cuxa orientación pode cambiar dun a outro panel, encontra o seu paralelo máis

¹⁴⁸ O mármore “brocatel” ou pavonazetto procedía das canteiras de Ischisar (Turquía), e foi, como a maioría das canteiras importantes, propiedade imperial. Este

tipo de mármore utilizábase con gran frecuencia no mundo romano, sendo un dos mármores coloreados preferidos.

próximo na decoración do zócolo dunha casa da rúa Vespasiano de Mérida¹⁴⁹, na cal se advirte tamén a reprodución do mármore “brocatel”. A súa datación é da segunda metade do século IV d.C. Así mesmo, en Pompeia, na vila de Oplontis¹⁵⁰, existe un tipo de decoración que, aínda que non é idéntica, si presenta algunhas similitudes. Estas pinturas consisten nunha serie de bandas rectas, paralelas e diagonais de cor negra sobre o fondo branco da parede, situadas a nivel do zócolo.

D.2. Zona media: decoración floral e vexetal.

Procedente da parede interior do pórtico leste do peristilo, contamos cos únicos exemplos de decoración que se afastan das repetitivas imitacións de mármore ou das composicións xeométricas ó uso. Consiste nunha decoración de motivos florais e vexetais, na que se recrea, con gran profusión de detalles, unha composición con flores campanuláceas,



Fig. 161
Reintegración e interpretación do panel con motivos florais e vexetais (Tomos)

¹⁴⁹ Abad Casal, 1977-1978, 199, fig. 8.

¹⁵⁰ Barbet, 1985, 99, fig. 55.




Figs. 162-165

Diversos fragmentos con decoración de motivos florais (Tomos)

en cores verdes, rosáceas, ocre e azuis, que alternan con trevos verdes, follas de dentes de serra e outras plantas, todo iso sobre un fondo branco. No rexistro máis importante que puidemos recuperar, obsérvase como os motivos florais se apoian sobre unha banda duns catro cm de cor azul escura, cuxa curvatura nos suxire a súa localización, ben a modo de fornello pintado na parede, ou ben corando o extradorso da porta de acceso ó peristilo. Esta última recreación, a todas luces hipotética, realizámola a partir da situación do derrubamento do panel e da súa relación con outros fragmentos coa mesma temática, cuxa situación, en relación ó dito acceso, está ben

constatada e suxiren un encadramento de temática floral para a porta. Estes fragmentos, relacionados coa entrada, proceden dun derrubamento da parede, que presenta fragmentos completos da mesma conservando aínda parte do seu revestimento pictórico.

Á parte destes motivos, ofrécenos tamén a decoración do intradorso da porta. Esta consiste nunha sucesión de cuarteiróns realizados con bandas de cor vermella e azul escura, que encerran no seu interior unha flor ou florón de catro pétalos amarelos inscrita nun círculo de fondo ocre. Gracias á perda da policromía advertimos a presenza de trazos preparatorios incisos, que marcan o círculo e



Figs. 166-168

Reconstrucción hipotética e detalles do intradorso da porta de acceso ó peristilo (autor e Tomos)

o burato central que serviu para fixar a agulla ou punta do compás que debuxaría o motivo circular mediante a coñecida técnica da punta seca.

A temática aquí recreada parece apropiada para o lugar, xa que nos atoparíamos ante un pequeno patio axardinado, que ofrece o seu verdor e frescor ós espazos lindeiros. A recreación de motivos florais ou xardíns, mediante o uso da pintura mural (*ars topiaria*), está especialmente reservada ós peristilos e zonas de recreo, encádrase nunha corrente propia do III estilo pompeiano¹⁵¹. Con iso pretendíase crear un efecto ilusionista, prolongando

nos muros, de forma ficticia, esa necesidade de verdor e ese gusto polos xardíns delicados, subliñando, ó mesmo tempo, a dimensión natural do peristilo.

E. Fragmentos illados.

Outros fragmentos relacionados, así mesmo, coa decoración pictórica da casa, aínda que de difícil situación, remítenos a outros tipos de motivos e esquemas.

¹⁵¹ Barbet, 1985, 136.

E.1. “Moteados” ou salpicaduras.


Recuperáronse varios fragmentos con decoración de “motas” ou gotas de pintura branca sobre un fondo vermello (terra vermella). A súa aplicación realízase mediante aspersión con brocha ou pincel de pintura dunha ou varias cores sobre fondo liso, conformando “motas”, gotas e manchas¹⁵².

O salpicado asóciase normalmente coa imitación de mármores ou rochas, aínda que tamén puidera tratarse dun mero recurso ornamental. Algúns autores coinciden en afirmar que os zócolos salpicados ou “moteados” nada teñen que ver coas imitacións de mármores senón que, principalmente, tratan de imitar a textura de rochas como o granito, considerando a estas como rochas nobres



que tamén foron utilizadas como elemento ornamental en época romana¹⁵³. Este é un recurso ornamental utilizado na pintura romana ó longo de toda a súa historia, que se circunscribe sempre á zona inferior da parede, e pode cingirse unicamente ó rodapé ou estenderse a todo o zócolo.

A decoración con “moteados” presenta certa evolución ó longo da súa historia xa que morfoloxicamente pasa da fina chuvisca multi-color dos primeiros anos da era ás grosas “motas” ou manchas de finais do s. I d.C.¹⁵⁴. A súa longa permanencia no tempo, prolongándose ata o Baixo Imperio, convérteo nun indicio non moi fiable para establecer unha cronoloxía.



Figs. 169-170
Decoración de “motas” ou salpicaduras
(Tomos)

¹⁵² Atendendo á súa morfoloxía, a gota enténdese como unha salpicadura de forma ovoide, a “mota” é a salpicadura de forma máis ou menos circular que non acada máis de 3mm de diámetro e mancha a de forma irregular con ramificacións (Guiral, Mostalac, Cisneros, 1986, 261).


¹⁵³ Guiral, Mostalac, Cisneros, 1986, 260-261.

¹⁵⁴ Guiral, Mostalac, Cisneros, 1986, 277-278.

E.2. Imitacións de mármore.

Atopamos un importante número de fragmentos, cuxa decoración polícroma en bandas ou trazos, de formas máis ou menos sinuosas e ovoides, poderían suxerirnos o vetado dalgún mármore, ó cal pretenden imitar. Así algúns dos fragmentos que presentan fondos vermellos (terra vermella), perfilados en branco e con manchas brancas, garda certa similitude cos pórfidos vermellos.

Ó respecto, recordemos que o significado do termo mármore na antigüidade comprende non só os mármore propiamente ditos, senón tamén os pórfidos, granitos, serpentinas, brechas, alabastro, etc., todos aqueles materiais pétreos que, dunha ou outra forma, se caracterizan por posuír unha vistosidade e boas calidades para a talla e o pulido¹⁵⁵. Neste sentido, o pórfido vermello era considerado en época romana, como símbolo de prestixio e distinción¹⁵⁶.



Figs. 171-176

Fragmentos con imitación de diferentes tipos de mármore (Tomos)

¹⁵⁵ Guiral, Mostalac, Cisneros, 1986, 260.

¹⁵⁶ Designada polos romanos como "pedra púrpura" (*porphyra*), debido á súa cor similar á púrpura, o

pórfido procedía das canteiras de Gebel Dokhan, no deserto oriental de Exipto (Ginouves, Martin, 1985, 40).

E.3. Grecas “caladas”.

Existe algún elemento decorativo que poderíamos englobar dentro do grupo das grecas “caladas”, que inclúe aqueles motivos en banda repetitivos, non figurados e unicolores sobre un fondo uniforme¹⁵⁷. O motivo así considerado, aínda que con reservas, consiste nunha sucesión de filetes de cor vermella, que compoñen dúas bandas paralelas nas que se inclúen: unha serie continua de semicírculos contrapostos que recordan as gotas de auga rematadas por puntiños, sobre un dobre filete vermello¹⁵⁸ e por outra parte, unha secuencia de segmentos (¿?) para os cales non atopamos paralelos. A súa posición na parede pode variar, xa que se poden achar en zócolos ou na zona media. Neste caso, descoñecemos a súa localización pero tamén podería tratarse dunha imitación de cornixas arquitectónicas, que se atopase na zona superior da parede.



Fig. 177

Fragmento con decoración de cenefa ou greca “calada”
(Tomos)

En definitiva, podemos concluír que, tanto nos aspectos técnicos como nos esquemas compositivos e nos motivos ornamentais, se pode considerar que se seguen os modelos en voga, particularmente no que ás imitacións de mármores se refire, non sendo alleas ás correntes pictóricas do momento, polo que cremos que estas pinturas non deben ser anteriores ó século III d.C.

¹⁵⁷ Guiral Pelegrín, Martín Bueno, 1996, 500.

¹⁵⁸ Guiral Pelegrín, Martín Bueno, 1996, 100.

Capítulo V

Conclusiones



No panorama da investigación arqueolóxica lucense, a información que nos subministra este conxunto arqueolóxico da rúa Doutor Castro ten unha gran transcendencia para coñecer mellor algúns dos aspectos da arquitectura privada e do urbanismo de *Lucus Augusti*. Con todo, vémonos na obriga de ser cautos á hora de formular unhas conclusións definitivas, xa que no resultado final son máis as dúbidas que as certezas que se nos suscitan.

Dende unha perspectiva cronolóxica, apenas si podemos esbozar unha secuencia espazo-temporal con relación a todo o conxunto, xa que ó estado fragmentario dos restos debemos engadir a escaseza de datos relativos ás primeiras fases de ocupación da vivenda, polo que apenas coñecemos o marco cronolóxico no que se promove a construción desta *domus*, definido *grosso modo* nos primeiros decenios do s. II d.C. A análise dos elementos arqueolóxicos que nos fornecen as escavacións sitúanos na última fase de ocupación da casa, probablemente entre finais do s. III e a primeira metade do s. V d.C. Por todo iso, neste longo espazo de tempo de mantemento desta casa, son varias as reformas producidas, polo que se suscitan moitas interrogantes sobre o proceso e a forma en que estas se producen.

Descoñecemos, por exemplo, ata que punto a construción deste edificio chegou a afectar ao urbanismo da zona, aínda que intuímos que esta tivo que ser forzosamente traumática, dado o volume e a superficie necesarios para acoller unha casa destas proporcións. Do mesmo xeito, non sabemos o grao de reaproveitamento das estruturas das fases precedentes, nin as características e articulación destas, xa que se atopan totalmente enmascaradas polas estruturas máis serodias. Con todo, os primeiros indicios parecen constatar a presenza na cidade de vivendas de certa importancia dende finais do século I ou principios do s. II d.C.

Non obstante, o panorama resulta máis comprensible no relativo á análise dos elementos relacionados con esa fase máis serodia e co momento de abandono da casa. Neste sentido, temos constancia das profundas transformacións que se realizaron con relación ó proxecto inicial, e que chegarían a alterar significativamente a composición orixinal da planta da vivenda. Nesta fase son evidentes as reformas dentro de determinados ámbitos, como nos espazos situados ó norte das salas principais, onde a construción da sala do hipocausto introduce sensibles modificacións na planta da casa, que trouxo consigo obrigatoriamente toda unha opera-

ción de redeseño interior. Estas reformas poderían obedecer ás novas necesidades e preferencias que os seus inquilinos se viron obrigados a introducir ante a degradación das antigas estruturas, e á necesidade de acondicionar a vivenda aos novos programas arquitectónicos e ornamentais. Outras razóns - probablemente de índole climática- poderían xustificar tamén unha reforma de tal envergadura -algo que, por outra parte, non parece que tivese moita consideración na planificación do deseño orixinal da vivenda-.

Durante os seus últimos anos de ocupación, a vivenda experimentou un franco declive, como amosan as reformas e reparacións puntuais, certamente descoidadas, así como os parches de *opus signinum* testemuñados no mosaico do *oecus*. Tamén constatamos, pouco antes do abandono definitivo da casa -probablemente nos primeiros decenios do século V d.C.-, a reutilización dalgunhas das estancias para outros usos, como amosa a presenza dun muro encima dos mosaicos ou o cegamento dalgunha das entradas ás salas principais.

Outras dúbidas poden xurdir sobre a propia natureza do conxunto, ó que identificamos cun ámbito doméstico privado, xa que non recoñecemos nel outras evidencias ou elementos que nos fagan pensar o contrario. Neste sentido, advertimos a indefinición da propia planta da vivenda (por incompleta),

dada a parcialidade das estruturas que coñecemos, nas cales apenas podemos recoñecer algúns espazos cuxa interpretación e análise funcional en relación coas denominacións habituais da casa romana pode resultar algo problemática. Con todo, dentro desta incerteza, cando menos queda claro o protagonismo que lles outorgamos a algunhas das estancias, como a gran sala hipóstila identificada co *oecus*, auténtico centro arquitectónico de todo o conxunto. Tratándose dun recinto doméstico, tan só podemos pensar en salas de representación, polo luxo, dimensións e lugar que ocupan dentro da vivenda. Máis difícil resulta caracterizar o resto das estancias, xa que carecemos de elementos para a súa exacta definición.

Unha das novidades máis relevantes que nos proporciona este conxunto, por ser esta a primeira vez que se constata na *edilicia* urbana de *Lucus*, é a presenza dun peristilo ou patio porticado, aínda que este teña un carácter máis secundario. Precisamente por tal motivo, intuímos que a casa debeu de posuír un peristilo maior e máis céntrico, verdadeiro articulador dos espazos internos. A existencia deste elemento remítenos á importación de modelos arquitectónicos privados de tipo itálico, seguindo o esquema da denominada “casa de peristilo”, propia de ambientes mediterráneos e habitual nas edificacións domésticas urbanas hispanorromanas a partir

do s. I d.C. Así mesmo, a configuración interna da vivenda, con aquelas estancias máis relevantes flanqueadas por un dobre peristilo, reproduce con certa exactitude esquemas palacianos ben constatados noutras zonas do Imperio. Neste sentido, a disposición dos diferentes elementos esixiría un gran desenvolvemento espacial, polo que vivendas deste tipo eran un luxo ó alcance de só uns poucos. Por iso estaríamos a falar dunha casa señorial, isto é, dunha vivenda de grandes dimensións na cal podería residir unha das familias aristocráticas da cidade, cuxo *status* social quedaría referendado polo luxo e ostentación destas grandes salas, ricamente adornadas. Con todo, a presenza deste tipo de vivendas nunha cidade como Lugo non deixaba de resultar excepcional, xa que as *domus* de carácter residencial con certo luxo apenas están testemuñadas no urbanismo da cidade -cando menos, polo que coñecemos ata o presente-. Por outra parte, a súa localización en pleno centro urbano, nas proximidades da área foral, vén confirmar a existencia dunha zona cun claro carácter residencial ou de luxo dentro da articulación da urbe. Neste sector da cidade coincide a meirande concentración de achados de edificacións con pintura mural -e particularmente de mosaicos- que adornarían as paredes e chans destas vivendas e entre as cales destacamos a “Casa do Mosaico de Dédalo e Pasifae” e a “Casa da *Ínsula* de Santo Domingo”, próximas a esta que nos ocupa. En todas elas, testemuñanse

importantes reformas a partir da segunda metade do s. III d.C. e/ou comezos do s. IV d.C., coa incorporación de salas decoradas por pavimentos musivos e pinturas murais, que manifestan o *status* e posición social dos seus propietarios.

Precisamente con relación ó programa decorativo da casa, destacamos o repertorio formal e a calidade artística de todo o conxunto. Os mosaicos atópanse nun estado de conservación bastante aceptable. O denominado “Mosaico dos Cabalos” non parece ofrecer dúbidas en canto á súa composición, formada por un campo xeométrico polícromo no que se intercala, na parte central da estancia, unha escena figurada de máis difícil interpretación. En canto ó “Mosaico de Océano”, a súa composición é menos coñecida, por canto conservamos tan só algunhas das bandas e orlas decorativas que enmarcarían sucesivamente un cadro figurado central, do cal descoñecemos a escena representada. A proposta de restitución que facemos da composición, a todas luces hipotética, adoptaría o típico deseño en U ou U+T, habitual nos triclinios e nas grandes salas de recepción, e vén suxerida pola disposición dos restos conservados. A falla dunha investigación máis pormenorizada -e aínda que poida resultar prematuro aventurar algunha conclusión ó respecto-, parécenos que ambas composicións musivas responderían a un

mesmo programa de obra, no que os mosaicistas que interviñeron puideron moi ben ser os mesmos. Certas similitudes na disposición e utilización das teselas, emprego de cores, repetición de motivos e tratamento das figuras parecen suxerilo. Advertimos tamén varias influencias ou referentes estilísticos -concretamente, dos mosaicistas do Norte de África-, xa que son patentes as semellanzas de certos patróns iconográficos e esquemas compositivos -en particular coa serie de mosaicos florais de Timgad (Arxelia), onde este tipo de decoración parece que estivo de moda en pleno século III d.C.-; mesmo tamén do mediterráneo oriental, se consideramos a actitude do galope voante aparentemente presente na figura dun dos cabalos do primeiro pavimento, e o tratamento pictórico das figuras.

Con relación aos restos pictóricos, debemos destacar o amplo número de paneis e mostras recuperadas grazas a un minucioso traballo de restauración. Os resultados obtidos como consecuencia destas tarefas permitiron analizar algúns aspectos relacionados coas técnicas empregadas na execución e aplicación das pinturas, así como os esquemas compositivos e motivos decorativos máis utilizados. Neste sentido, constatamos que se seguen os modelos en voga -particularmente no que ás imitacións de mármores se refire-, non sendo alleas ás correntes pictóricas do momento (época baixoimperial) presentes no resto da *Hispania* romana.

G l o s a r i o



Apotropaico: Dise dun obxecto ó que se atribúe a propiedade de desviar as influencias maléficas.

Ars topiaria: Na pintura romana, alude á recreación de motivos florais ou xardíns.

Balnea: Pequenos baños, ás veces de carácter privado.

Banda: En pintura mural, espazo delimitado por dúas liñas cuxa anchura se sitúa entre 3 e 10 cm.

Caetra: Moeda cuñada entre os anos 25-23 a.C., para sufragar os gastos da guerra de Roma contra Cántabros e Astures.

Cardo maximus: Na cidade romana, vía ou rúa principal que fai o percorrido norte – sur.

Cloaca: na cidade romana, sumidoiro cuberto destinado á evacuación das augas sucias e pluviais.

Composición isótopa: En relación co mosaico, composición decorativa de superficie na cal a estrutura da composición se repite indefinidamente sen unha orientación privilexiada do campo decorativo.

Convivium: Designa en xeral o banquete ou convite co que se agasalla ós amigos.

Cubiculum/a: Na casa romana, aposentos para durmir.

Culina: Na casa romana, cociña.

Crustae: Placas ou tiras de mármore recortadas en formas xeométricas e combinadas facendo debuxos e motivos varios.

Decumanus maximus: Na cidade romana, vía ou rúa principal que fai o percorrido leste-oeste.

Dominus: O señor ou dono da casa.

Domus: Na arquitectura romana, vivenda unifamiliar urbana.



Motivo floral



Follis do emperador Claudio II O Gótico

Emblema: Nos mosaicos, panel ou cadro figurado central.

Filete: En pintura mural, motivo intermedio entre a banda e o trazo cuxa anchura oscila entre 0,5 e 1 cm.

Folli/es: Moeda/s de bronce, cun pequeno baño de prata, semellantes ó *as* do Alto Imperio, cuñadas a partir do 274 d.C.

Foro: Na cidade romana, centro público e monumental onde se localizan os principais edificios da vida relixiosa, económica, política e xurídica da cidade.

Hypocaustum: Sistema construtivo que permite a calefacción dun espazo, por medio dunha cámara situada baixo o chan da estancia, pola que corre o aire quente.

Imbrices: Tellas curvas ou acanaladas, que se dispoñen en medio de dúas tellas planas (*tegulae*).

Impluvium: Pía rectangular que, situada no centro do adro ou patio, servía para recoller as augas de chuvia.

Insula: Orixinalmente bloque de vivendas de aluguer. Tamén se utiliza, en sentido urbanístico, para definir aqueles espazos comprendidos entre catro rúas (quinteiro de vivendas).

Latrina: Na casa romana, latrina ou retrete.



Opus tessellatum

Nucleus: Capa de morteiro sobre a que asentan directamente as teselas do mosaico.

Océano: Na mitoloxía grega e romana, divindade mariña.

Oecus: Na casa romana, gran sala de recepción, destinada a celebracións.

Opus figlinum: Obra na que se emprega terra cocida ou cerámica.

Opus sectile: Revestimento de chans e paredes, por medio da utilización de fragmentos de mármore e outras pedras ornamentais, que se realiza compoñendo motivos xeométricos ou figurados.

Opus signinum: Argamasa realizada con cal, area, auga e ladrillo moído, empregada como revestimento do chan ou para impermeabilizar obras hidráulicas.

Opus tessellatum: Técnica do mosaico romano na que se empregan teselas regulares, cadradas ou cúbicas, para ornamentar un pavimento.

Opus vermiculatum: Técnica do mosaico romano na que se empregan teselas moi pequenas, irregulares, adaptadas ó contorno das figuras que se representan.

Pelta: Motivo con forma de media lúa, moi presente na decoración de mosaicos.

Peristilo: Patio aberto, rodeado dunha galería con columnas.

Pilae: Piares usados nos hipocaustos que soportan os pavimentos.

Pluteus: Muro baixo e estreito, a modo de balaústre ou parapeto.

Praefurnium: Forno para queentar as estancias caldeadas (por hipocausto).

Procoethon: Na casa romana, antecámara.


Rudus: Capa de preparación intermedia para asentamento do mosaico.

Sala hipóstila: Sala con columnas.

Servi triclinari: Escravos encargados de atender o servizo de mesa nos banquetes.

Statumen: Capa de preparación inferior para asentamento do mosaico.

Suspensurae: Nos hipocaustos, chan de circulación suspendido sobre as *pilae* ou columniñas que conforman a cámara de aire quente.



Motivo de pelta



Terra sigillata hispánica tardía

Tabernae: Tendas ou establecementos comerciais e/ou artesanais.

Tegula: Tella plana, empregada na cubrición dos tellados.

Terra sigillata: Cerámica romana fabricada a molde, que presenta un verniz ou “engobe” na superficie. Algúns recipientes levan a marca ou selo (*sigillum*) do oleiro que a fabricaba.

Tessela: Peza de pedra tallada, tamén de vidro, cerámica ou outro material, de forma cúbica, que se emprega como material básico no mosaico.

Trazo: En pintura mural, motivo intermedio entre o filete e a liña cuxa anchura está comprendida entre 0,1 e 0,5 cm.

Triclinium: Na casa romana, sala destinada a comedor.

Triclinium hiemale: Na casa romana, sala destinada a comedor de inverno.

Viridarium: Na casa romana, xardín.

B i b l i o g r a f í a



- ABAD CASAL, L., (1977-78): “Las imitaciones de *crustae* en la pintura mural romana”, *Archivo Español de Arqueología*, 50-51, p.189-208.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F., (1973): *Mosaicos romanos de Hispania Citerior II: Conventus Lucensis*, *Studia Archeologica*, Santiago-Valladolid.
- ADAM, J.P., (1996): *La Construcción Romana. Materiales y Técnicas*, León.
- ALARCÃO, J., (1985): *Introdução ao estudo da casa romana*, Coimbra.
- ALLES LEÓN, M^a J., (2003): “El mosaico de Doncide”, *Gallaecia*, 22, Santiago de Compostela, p. 211-224.
- ÁLVAREZ ASOREY, R.D., CARREÑO GASCÓN, M^a.C., GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E., (2003): *Aqua Urbi. Historia do abastecemento de auga á cidade de Lugo (época romana-século XX)*, *Traballos de Arqueoloxía*, 1, Concello de Lugo.
- ÁLVAREZ MARTÍNEZ, J.M^a., (1990): *Mosaicos Romanos de Mérida. Nuevos Hallazgos*, *Monografías Emeritenses*, 4, Mérida.
- (1997): “La influencia africana en el mosaico hispanorromano: algunas consideraciones”, *Anas*, 10, Mérida, p. 39-50.
- AA.VV. (1995): *Lucus Augusti, urbs romana. Los orígenes de la ciudad de Lugo*, Lugo.
- AA.VV., (2000): *Léxico de urbanismo, construcción e arquitectura (castelán-galego)*, Concello de Vigo.
- AA.VV., *Léxico da construción*, TERMIGAL (Servizo de Terminoloxía Galega).
- ARMESTO, F.J. y ARNAU, A.L., (1843): *Apuntes concernientes al vestigio romano descubierto en la calle de Batitales de la ciudad de Lugo*, Lugo.
- BALIL, A., (1971): “Sobre los mosaicos romanos de Galicia: identificación de un taller musivario”, *CMGR II*, Vienne.
- BALTY, J., (1977) : *Mosaïques antiques de Syrie*, Bruselas.
- BARBET, A., (1985) : *La peinture murale romaine. Les styles décoratifs pompéiens*, París.
- BARBET, A., ALLAG, C., (1972) : “Techniques de préparation des parois dans la peinture murale romaine », *Mélanges de l'École Française de Rome*, 84, 2, París, p. 935-1069.
- BALMELLE, C., BLANCHARD-LEMEE, M., CRISTOPHE, J., DARMON, J.P., GUIMIER-SORBETS, A., LAVAGNE, H., PRUDHOMME, R. y STERN, H., (1985) : *Le décor géométrique de la Mosaïque Romaine*, París.
- BALSA DE LA VEGA, R., (1914): “Lugo romano”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, VII, p. 58 ss.
- BENAVIDES GARCÍA, R., (2002): *Memoria de los trabajos de documentación y conservación de las pinturas murales romanas del yacimiento arqueológico de la calle Doctor Castro 20-22 de la ciudad de Lugo*, Servizos Técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- BLANCHARD, M., CHRISTOPHE, J., DARMON, J.P., LAVAGNE, H., PRUDHOMME, R., STERN, H., (1973) : *Repertoire graphique du décor géométrique dans la mosaïque romaine*, *Bulletin de l'Association Internationale pour l'étude de la Mosaïque Antique (AIEMA)*, fasc. 4, París.

- BLANCO, A., (1978): *Mosaicos Romanos de Mérida. Corpus de Mosaicos Romanos de España*, I, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M., (1981): *Mosaicos Romanos de Córdoba, Jaen y Málaga. Corpus de Mosaicos Romanos de España*, III, Madrid.
- (1982): *Mosaicos romanos de la Real Academia de la Historia, Ciudad Real, Toledo, Madrid y Cuenca. Corpus de Mosaicos Romanos de España*, V, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M., ORTEGA, T., (1983): *Mosaicos romanos de Soria. Corpus de Mosaicos Romanos de España*, VI, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M., MEZQUIRIZ, M.A., (1985): *Mosaicos Romanos de Navarra. Corpus de Mosaicos Romanos de España*, VII, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M., LÓPEZ MONTEAGUDO, G. et alii (1989): *Mosaicos Romanos de Lérida y Albacete. Corpus de Mosaicos Romanos de España*, VIII, Madrid.
- BURÓN ÁLVAREZ, M., (1997): *El trazado urbano en las proximidades del Foro en Asturica Augusta. La Casa del Pavimento de Opus Signinum*, Arqueología en Castilla y León, 2, Junta de Castilla y León.
- CARREÑO GASCÓN, M^a.C., (1992): “Baños privados y termas públicas en el Lugo romano”, *Espacio, Tiempo y Forma*, serie 2, nº 5, Madrid, p. 337 ss.
- CARREÑO GASCÓN, M^a.C., RODRÍGUEZ COLMENERO, A., (1991): “Tras la huella del Lugo romano”, *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en La Coruña*, A Coruña, p. 23-37.
- CASAS POSANTI, A., VAQUER NAVARRO, R. y VENDRELL SANZ, M., (1996): “La procedencia de los materiales de *Lucus Augusti*: estudio preliminar de muestras petrológicas y mosaicos”, *Lucus Augusti. El amanecer de una ciudad*. (A. Rodríguez Colmenero, coord.), La Coruña, p. 447-467.
- DE LA RADA Y DELGADO, J. de Dios., (1860): *Mosaico encontrado en la calle de Batitales de la ciudad de Lugo*, Apéndice del libro *Viaje de SS.MM. y AA. por Castilla, León, Asturias y Galicia verificado en el verano de 1858*, Madrid.
- (1872): *Mosaico romano de la calle Batitales en Lugo*, *Museo Español de Antigüedades*, I, 169 ss., lám. en cor.
- DÍEZ DEL CORRAL CORREDOIRA, P., (2004): “El mar en el fin del mundo: Océano en la musivaria de Gallaecia”, *Gallaecia*, 23, Santiago de Compostela, p. 35-56.
- DUNBABIN, K.M.D., (1978) : *The Mosaics of Roman North Africa. Studies in Iconography and patronage*. Oxford.
- (1982). “The Victorias Charioteer on Mosaics and related Monuments”, *American Journal of Archeology*, vol 86, nº 1, 1982, p. 817-858.
- DURÁN PENEDO, M., (1993): *Iconografía de los Mosaicos Romanos en la Hispania alto-imperial*, Barcelona.
- FERNÁNDEZ DÍAZ, A., (1999): “La pintura mural de la villa romana de los Torrejones (Yecla, Murcia)”, *Anales de Prehistoria y Arqueología*, 15, Murcia, p.57-86.
- FERNÁNDEZ GALIANO, D., (1984): *Complutum II. Mosaicos. Excavaciones Arqueológicas en España*, Madrid.

- (1987): *Mosaicos romanos del Convento Caesaraugustano*, Zaragoza.

FERNÁNDEZ VEGA, P.A., (1993): *Arquitectura y urbanística en la ciudad romana de Iulióbriga*, Universidad de Cantabria.

FERRER SIERRA, S., (1996): “El posible origen campamental de *Lucus Augusti* a la luz de las monedas de la caetra y su problemática”, *Lucus Augusti. El amanecer de una ciudad* (A. Rodríguez Colmenero, coord.). La Coruña, p. 425-446.

FOUCHER, L., (1963): *La Maison de la Procésion Dionysiaque a El Jem*, Université de Tunis, vol. XI, París.

GARCÍA MARCOS, V., VIDAL ENCINAS, J., (1998): “*Asturica Augusta*: De asentamiento militar a urbs magnífica”, Actas do Congreso Internacional *Los orígenes de la ciudad en el Noroeste hispánico* (Lugo, mayo 1996), vol. II, p. 911-944.

GERMAIN, S., (1969) : *Les Mosaiques de Timgad*, Paris.

GINOUVES, R., MARTIN, R., (1985): *Dictionnaire Méthodique de l'architecture grecque et romaine*, París.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E., (1997): “Urbanismo romano de *Lucus Augusti*”, *Galicia Terra Única. Galicia Castrexa e Romana*, Lugo, p. 173-180.

- (1999): *Informe preliminar da escavación arqueolóxica na rúa Doutor Castro, nº 20-22, Lugo*. Informe inédito, depositado na Dirección Xeral de Patrimonio. Xunta de Galicia.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E., CARREÑO GASCÓN, M.C., (1998): “La capital del extremo noroeste hispánico: *Lucus Augusti* y su tejido

urbano a la luz de las últimas intervenciones arqueológicas”, Actas do Congreso Internacional *Los orígenes de la ciudad en el Noroeste hispánico* (Lugo, mayo 1996), vol. II, p. 1179 – 1208.

GUARDIA PONS, M., (1992): *Los mosaicos de la Antigüedad tardía en Hispania. Estudios de Iconografía*, Barcelona.

GUIRAL PELEGRÍN, C., MARTÍN BUENO, M., (1996): *Bilbilis I. Decoración Pictórica y Estucos Ornamentales*, Zaragoza.

HERVES RAIGOSO, F.M., (1999a): *Informe Preliminar de las excavaciones arqueológicas en el solar de la Calle Doctor Castro, nº 18*, Lugo. Informe inédito depositado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia.

- (1999b): *Informe Preliminar de las excavaciones arqueológicas en el solar de la Calle Doctor Castro, nº 13*, Lugo. Informe inédito depositado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Xunta de Galicia.

LÓPEZ MONTEAGUDO, G. et alii., (1998): *Mosaicos romanos de Burgos. Corpus Mosaicos Romanos de España*, XII, Madrid.

MARTINS, M., DELGADO, M., (1989-90): “Historia e arqueología de uma cidade en devir: *Bracara Augusta*”, *Cadernos de Arqueologia*, nº 6-7, Braga, p. 11-39.

NEIRA DE MOSQUEIRA, A., (1850): “Mosaico romano de Lugo”, *Semanario Pintoresco Español*, Lugo.

PALOL, P., (1963): “El mosaico de tema oceánico de la villa de Dueñas (Palencia)”, *Boletín del Seminario de Arte y Arqueología*, XXIX, Valladolid, p. 5-34.

- (1990): *La villa romana de La Olmeda de Pedrosa de la Vega (Palencia)*. Guía de las excavaciones, Palencia.
- PAZ PERALTA, J.A., (1991): *Cerámica de mesa romana de los siglos III al VI d.C. en la provincia de Zaragoza*, Zaragoza.
- PELLETIER, A., (1982) : *L'urbanisme romaine sous l'Empire*, Paris.
- QUINTEROS G. L., (1888): “Apuntes sobre Lugo“, *Galicia Diplomática*, t. III, nº 16, Abril.
- RAMALLO ASENSIO, S., JORDÁN MONTES, J.F., (1985): *La villa romana de Hellín (Albacete)*, Valencia.
- REGUERAS GRANDE, F., (1991): “Consideraciones sobre los mosaicos de la provincia de Zamora“, *Boletín del Seminario de Arte y Arqueología*, LVII, Valladolid, p. 163-177.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., (1996a): “Integración administrativa del NW peninsular en las estructuras romanas“, *Lucus Augusti. El amanecer de una ciudad (A.Rodríguez Colmenero, coord.)*, La Coruña, p. 265-300.
- (1996b): “*Lucus Augusti*, capital de la *Gallaecia* septentrional“, *Los Finisterres Atlánticos en la Antigüedad*, Gijón, p. 129-133.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A., CARREÑO GASCÓN, M^a C., (1992): “Sobre Paulo Fabio Máximo y la fundación de *Lucus Augusti*. Nuevos testimonios” *Finisterre. Estudios en lebranza do profesor Dr. A.Balil*, Santiago de Compostela, p. 389 ss.
- (1999): “*Lucus Augusti*, capital romana del finis- terre hipánico”, *Actas Mesa Redonda Emergencia e desenvolvemento das cidades romanas no norte da península Ibérica*, Porto, 115-132.
- SILLIÉRES, P., (1991): “La Maison Romaine á *Baelo Claudia*. Essai de Révision des donnés anciennes”, en *La Casa Urbana Hispanorromana*, Instituto Fernando el Católico, Zaragoza.
- TARRATS, F., (1993): *Centcelles* (guía), Museu Nacional Arqueològic de Tarragona, Tarragona.
- TEIJEIRO Y SANFIZ. B., (1888): *Ligeros apuntes sobre la importancia de la ciudad de Lugo durante la dominación romana*, Lugo.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M., (1939): *Lugo bajo el imperio romano*, Lugo.
- (1950) “Restos de un mosaico romano”, *Boletín Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, IV, p. 137 ss
- VILLAMIL Y CASTRO, J., (1890): *Lugo romana*, *Rev. Arch.* IV, p. 77 ss.
- (1896): *La Muralla y otras antigüedades*, Lugo.

Índice de figuras

Fig. 1.	Moeda da <i>caetra</i>	24
Fig. 2.	Monolito fundacional de <i>Lucus Augusti</i>	25
Fig. 3.	Planimetría urbana da cidade de <i>Lucus Augusti</i>	26
Fig. 4.	Tramo de calzada no nº 19 da Rúa Nova.....	27
Fig. 5.	Detalle do <i>specus</i> do acueducto romano.....	27
Fig. 6.	Necrópole de incineración (Praza do Ferrol).....	28
Fig. 7.	Vista xeral da muralla romana.....	29
Fig. 8.	Portada do informe de Armesto e Arnau (1843).....	32
Fig. 9.	Mosaico de Batitales. Debuxo de Rada y Delgado (1872-1880).....	33
Fig. 10.	Debuxo de Antonio Neira de Mosquera (Real Academia da Historia).....	34
Figs. 11-12.	Fragmentos de mosaico recuperados por Vázquez Seijas (Museo Provincial de Lugo).....	35
Fig. 13.	Mosaico de Batitales. Debuxo de Teijeiro y Sanfiz (1888).....	36
Fig. 14.	Mosaico de Batitales. Debuxo de Domingo Gayoso (1869).....	38
Fig. 15.	Fragmentos do mosaico de Batitales conservados no Museo Provincial de Lugo.....	39
Fig. 16.	Situación do inmovible nº 20-22 da rúa Doutor Castro.....	40
Fig. 17.	Aspecto do inmovible antes da escavación en área.....	41
Figs. 18-19.	Vista do restos arqueolóxicos durante o desenvolvemento da escavación en área.....	42
Fig. 20.	Estrutura da edificación moderna superposta ós muros romanos.....	43
Fig. 21.	Pozo de época medieval cortando muro romano.....	43
Fig. 22.	Xerra de época medieval.....	43
Fig. 23.	Escavación das marxes de seguridade: superposición de muros.....	44
Fig. 24.	Escavación das marxes de seguridade: <i>praefurnium</i> do hipocausto.....	44
Fig. 25.	Intervención arqueolóxica na rúa Doutor Castro. Fotocomposición.....	45
Fig. 26.	Plano da escavación arqueolóxica no inmovible nº 20-22 e do tramo da rúa Dr. Castro.....	46
Fig. 27.	Escavación da rúa Doutor Castro. Gabia norte.....	47
Fig. 28.	Escavación da rúa Doutor Castro. Gabia sur.....	47
Fig. 29.	Localización da casa na ínsula próxima ó Foro.....	50
Fig. 30.	Muro de lousa.....	51
Fig. 31.	Soleira de pedra marmórea.....	51
Fig. 32.	Teselas de cerámica.....	52
Fig. 33.	Muro altoimperial.....	52
Fig. 34.	Muro baixoimperial.....	52
Fig. 35.	Alzado de muro baixoimperial.....	53
Figs. 36-37.	Pavimento de <i>opus signinum</i>	54

Figs. 38-43.	<i>Terra sigillata</i> itálica e gálica.....	55
Figs. 44-46.	Planimetría e muros pertencentes á fase construtiva anterior á <i>domus</i>	56
Fig. 47.	<i>Terra sigillata</i> hispánica altoimperial.....	57
Figs. 48-49.	Planimetría e muros pertencentes ó primeiro proxecto construtivo da casa.....	58
Fig. 50.	Restitución hipotética parcial da casa nos ss. III-IV d.C.....	59
Fig. 51.	<i>Terra sigillata</i> hispánica tardía.....	60
Fig. 52.	<i>Follis</i> do emperador Constante.....	60
Fig. 53.	Planta parcial da casa e interpretación de estancias.....	61
Fig. 54.	Restitución hipotética de parte do conxunto arquitectónico da <i>domus</i>	62
Fig. 55.	Acceso a antesala do <i>oecus</i> : soleira de granito.....	63
Fig. 56.	Restitución hipotética da antesala e <i>oecus</i> dende a zona de ingreso.....	63
Fig. 57.	Vista xeral da antesala do <i>oecus</i>	64
Fig. 58.	Mosaico da antesala do <i>oecus</i>	65
Fig. 59.	Base ática.....	66
Fig. 60.	Base con cimentación.....	66
Fig. 61.	Base con restos de lucido.....	66
Fig. 62.	Pintura <i>in situ</i> da sala do <i>oecus</i>	66
Fig. 63.	Mosaico da sala do <i>oecus</i>	67
Fig. 64.	Restitución da planta da antesala e <i>oecus</i>	68
Fig. 65.	Porta de acceso ó patio norte desde a antesala. Soleira marmórea.....	69
Fig. 66.	Perspectiva da galería leste do patio.....	69
Fig. 67.	Canle interior do patio norte.....	70
Fig. 68.	Columna do pórtico caída <i>in situ</i>	70
Fig. 69.	Murete do <i>pluteus</i>	70
Fig. 70.	Restitución axonométrica do peristilo.....	71
Fig. 71.	Vista parcial do pórtico e área interior do peristilo.....	71
Fig. 72.	Vista xeral da sala do hipocausto.....	72
Fig. 73.	Restitución axonométrica da antesala e sala do hipocausto.....	73
Fig. 74.	Restitución axonométrica da sala do hipocausto.....	74
Figs. 75-76.	Vistas da canle do hipocausto.....	74
Fig. 77.	Unha das estancias (9) ó leste do hipocausto.....	75
Fig. 78.	Detalle da canle da estancia 9.....	76
Fig. 79.	Acceso ás estancias situadas ó norte.....	76
Fig. 80.	Relación da casa co contorno inmediato.....	77

Fig. 81.	Vista parcial do <i>decumanus maximus</i> (F.H.R.).....	78
Fig. 82.	Cloaca baixo o <i>decumanus maximus</i> (F.H.R.).....	79
Fig. 83.	Detalle dunha das <i>tabernae</i> na fachada sur da casa.....	79
Figs. 84-86.	<i>Domus</i> do mosaico de Dédalo e Pasifae.....	80
Fig. 87.	Mosaico de Sto. Domingo.....	81
Fig. 88.	<i>Domus</i> de Sto. Domingo.....	81
Fig. 89.	Proceso de consolidación dos mosaicos.....	84
Fig. 90.	Corte estratigráfico do mosaico.....	85
Fig. 91.	Mosaico dos cabalos. Aspecto xeral.....	86
Fig. 92.	Debuxo do mosaico dos cabalos.....	87
Figs. 93-94.	Detalles da orla perimetral: círculos secantes e florciñas en aspa.....	88
Fig. 95.	Motivos xeométricos de círculos e cadrados.....	88
Fig. 96.	Composición xeométrica.....	89
Fig. 97.	Motivos circulares e cadrados en alternancia de cores.....	90
Fig. 98.	Vista parcial do emblema dos cabalos.....	91
Figs. 99-101.	Debuxo e detalles dos cabalos.....	92
Figs. 102-103.	Cabeza do cabalo.....	93
Figs. 104-105.	Vistas parciais do mosaico de Océano.....	94
Fig. 106.	Debuxo do mosaico de Océano, incluíndo os fragmentos de Batitales e identificación de paneis.....	95
Fig. 107.	Banda de Océano e reintegración dos fragmentos conservados.....	96
Fig. 108.	Fragmento con cabeza de Océano (Museo Provincial de Lugo).....	97
Fig. 109.	Fragmento con peixe (Museo Provincial de Lugo).....	97
Fig. 110.	Detalle do motivo de “mosca de auga”.....	97
Fig. 111.	Banda de círculos secantes.....	98
Fig. 112.	Cuadripétalos e florciña en cruz complexa.....	98
Figs. 113-114.	Panel con trezado polícromo.....	99
Figs. 115-116.	Panel con rombo inscrito (mosaico de Batitales).....	100
Fig. 117.	Panel con rombo inscrito encerrando un nó de Salomón.....	100
Fig. 118.	Detalle do nó de Salomón.....	100
Fig. 119.	Decoración dos cadrados das bases.....	101
Fig. 120.	Orlas de enmarque: greca fraccionada, trenza de dous cabos e onda con fondo degradado.....	101
Fig. 121.	Banda figurada con motivos vexetais e animais.....	102
Figs. 122-123.	Banda con motivos vexetais e figura de bóvido.....	102
Figs. 124-126.	Banda con motivos vexetais e figura de león.....	103

Figs. 127-128. Composición florida. Círculo con motivo floral e octógono curvilínea.....	104
Figs. 129-130. Composición florida. Motivos de fuso dentado e oxiva con medio acanto.....	104
Figs. 131-132. Fragmento e debuxo da composición florida.....	105
Fig. 133. Detalle da composición florida.....	106
Fig. 134. Detalle da orla do emblema.....	106
Fig. 135. Reparación do mosaico na zona do emblema.....	106
Fig. 136. Derrubamento de pintura asociada a muros.....	107
Figs. 137-138. Consolidación de pinturas <i>in situ</i> e traballos de restauración en laboratorio.....	107
Figs. 139-141. Detalle de pintura <i>a secco</i> , salpicaduras e “repintes” (Tomos).....	108
Figs. 142-144. Debuxo preparatorio con cordada, liña pintada e incisión (Tomos).....	109
Fig. 145. Táboa comparativa de pigmentos (segundo Benavides García, R., 2002).....	110
Figs. 146-147. Debuxo preparatorio con liñas incisas e compás de punta seca (Tomos).....	111
Figs. 148-150. Fragmento de zócolo con decoración de <i>crustae</i> marmóreas. Detalle grafito (Tomos).....	112
Fig. 151. Reconstrución hipotética do zócolo con imitación de <i>crustae</i> marmóreas.....	113
Fig. 152. Panel correspondente á zona media da parede (Tomos).....	113
Fig. 153. Reconstrución hipotética das pinturas da estancia 2.....	114
Fig. 154. Zócolo con imitación de placas marmóreas.....	115
Fig. 155. Detalle do zócolo con imitación de placas marmóreas.....	115
Figs. 156-158. Fragmentos de estucos ornamentais (Tomos).....	116
Fig. 159. Fragmento correspondente ó zócolo da estancia 4 (Tomos).....	117
Fig. 160. Fragmento de zócolo <i>in situ</i> pertencente ó muro do patio (Tomos).....	117
Fig. 161. Reintegración e interpretación do panel con motivos florais e vexetais (Tomos).....	118
Figs. 162-165. Diversos fragmentos con decoración de motivos florais (Tomos).....	119
Figs. 166-168. Reconstrución hipotética e detalles do intradorso da porta de acceso ó peristilo (Autor/Tomos).....	120
Figs. 169-170. Decoración de “motas” ou salpicaduras (Tomos).....	121
Figs. 171-176. Fragmentos con imitación de diferentes tipos de mármores (Tomos).....	122
Fig. 177. Fragmento con decoración de cenefa ou greca “calada” (Tomos).....	123



Este libro rematouse de imprimir
en Lugo
no mes de Maio de 2005



Concello de Lugo
Servizo de Arqueoloxía
Concellería de Urbanismo

